Publicc. Diaria 30

A NOSA TERRA

ANO XI • 25 DE MARZO • 1988 | PERIÓDICO GALEGO SEMANAL | Nº 336 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

INFORME

PERSOALIDADES DIVERSAS VALORAN A EXPERIÉNCIA DO ESTATUTO OTORGADO

A AUTONOMIA CUMPLE DEZ ANOS

(páx. 3, 4 e 5)



VICEPRESIDENTE DO PARLAMENTO GALEGO E REPRESENTANTE DA CORRENTE NACIONALISTA DO PSOE

F. GONZÁLEZ AMADIÓS

'Se a situación non cámbia despois do Congreso de A Toxa, non hai solución'

(páx. 12 e 13)



Nova orde para o ensino do galego

Mesa de Normalización e Consellarias exprésanse sobre o control do cumplimento da lei

(páx. 14)

A nova redacción do decreto polo que se desenvolve a Lei de Normalización Lingüística no ensino foi analisado polo Conselleiro de Cultura Xavier Suárez Vence a perguntas de A NOSA TERRA, sinalando este ademais a próxima entrada en funcionamento nas delegacións provinciais dun servício de normalización lingüística que "coidará do cumprimento da lei".

Cesar Cunqueiro e un experto soviético analisan a situación

Problemas nacionais na URSS

(páx. 8)

A Unión Soviética é un dos países máis multinacionais do mundo. Desde hai máis de seis décadas conviven no seu território máis de cen povos e grupos étnicos. Destes, 52 contan con máis de 100 mil habitantes constituindo un 99.4 por cento da povoación total do país.

SUMÁRIO

ERGA legalizada tras quince anos de existéncia ... (páx.11)

Eleicións no Valadouro a xeito de primárias ..... (páx. 6)

O capital italiano entra no Estado español ..... (páx. 7)

Sindicatos nacionalistas e estatais enfrentados en Astano ..... (páx. 9)

Paros masivos dos estudantes, profesorado e na Función Pública ..... (páx. 9 e 11)

Luada 88 ou o clasicismo ..... (páx. 14)

Entrevista co antropólogo Camilo Cela ..... (páx. 17)

Catorce poetas vigueses en vivo e en directo ..... (páx. 17)

En defensa da língua asturiana ..... (páx. 18)

Duas mil persoas esixen na Coruña responsabilidades polo accidente

O Comité de Alúmina paga os platos rotos do *Cason*

(páx. 10)

O Comité de Empresa de Alumina-Aluminio pagou os pratos rotos do *Cason* ao declarar a Maxistratura número 2 de Lugo que os despidos foron procedentes,desestimando o recurso interposto polos 23 traballadores e sentenciando ademáis que quedan estinguidos os contratos de traballo e non ha lugar a indenizacións nen a soldos de tramitación. Este fallo da Maxistratura, o primeiro que no Estado español despide a un Comité de Empresa, é considerado polos sindicatos como "un atentado á crase obreira", mentras que os traballadores fan un chamamento a todos os asalariados para que mostren a sua solidaridade.

A crise transferida á Galiza

En só dous anos a economia galega perdeu 2.2 pontos a respeito da estatal

(páx. 10)

CADA 4 MINUTOS...

AEROLINEAS ARGENTINAS

A CORUÑA RESERVAS TELF. 21 32 11

editorial

AOS DEZ ANOS DE AUTONOMIA

En Marzo de 1978 botaron a andar a *autonomia galega*. A. Rosón, contraditório e ambivalente, foi o primeiro presidente da Pre-autonomia. Xerardo Fernández Albor e Fernando González Laxe os dous presidentes da *Xunta da Galiza*. D. Xerardo foi o instrumento utilizado polo vello "clan colaboracionista" e por AP para desmobilizar Galiza; G. Laxe é o pión da socioaldemocrácia centralista a cumprir un servicio de creba das aspiracións nacionalistas.

Mais a *autonomia* non se esgota coa xestión dos presidentes da Xunta. Ten unha sombra alongada. Nas reviravoltas do postfranquismo Galiza recebe a autonomia pola via histórica como agasallo aos loitadores dos anos 30. Pero é dotada dun *estatuto*, ao que o povo deu o mínimo de aprobados, que a acredita de mera descentralización, que a habilita, para encobrir a dependéncia do centralismo e que permite xogos políticos esterilizantes.

Inda asi a Xunta e o Parlamento cos seus funcionários máis as institucións e servicios contribuen ao resgate da conciéncia da Galiza como entidade e serven de obstrución aos esforzos asimilacionistas hipertrofiados desde os anos 40. Toda institución, e tamén as autonómicas, é forza de resisténcia á aniquilación dos invasores. As institucións autonómicas mitigan a alienación producida polas estatais. A función simbólica da autonomia cria poder desalienante.

Mais os avatares da autonomia discorren nunha conxuntura político-económica moi adversa aos intereses galegos. Na mente de todos están os efeitos devastadores do neo-capitalismo dos governos de UCD e do PSOE. A culminación desta política coa entrada na Otan, e as condicións vergoñentas aceitadas polo Estado para entrar na CEE supoñen o maior reto histórico á Galiza. A Autonomia non mediou nen pouco nen moito nestas decisións; os xestores desta demonstraron, seguen a demonstrar, o grau de sumisión, servilismo e parálise mental dos grupos nos que se apoian, e, polo contrário, a urxéncia de medidas provocadoras por parte do nacionalismo para impedir a corrosión da memória histórica desta Pátria.

Os dez anos de autonomia proban que esta non serveu para librar os grandes combates que a Galiza deberia gañar nesta conxuntura. Nunha circunstáncia na que non rachar a dependéncia de vários séculos e situarse noutra variábel conleva un fracaso imperdonábel os xestores da autonomia non tiveron nen a dignidade de protestar.

Os devanditos anos si serveron para remediar detalles do acontecer cotián: avanzou a recuperación lingüística até intentar a normalización escolar nun grau inicial. Saltaron a debate no Parlamento e fóra os problemas estruturais da Galiza e iso propicia a desalienación; revelaron-se insuficientes as competéncias administrativas e nas recebidas o pláxio das estatais evidéncia máis a corrupción burocrática, plaga herdada do franquismo, e tan viva como durante aquel.

Durante os 10 anos de autonomia, Galiza sofreu a depredación do neo-capitalismo do Estado, resistiu o rearme da reacción e dos clans caciquis, avanzou na organización de institucións de auto-defensa especialmente da sua expresion lingüística e soubo utilizar o aparello autonómico como símbolo e como parapeto da sua memória histórica. □

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.
Consello de Administración: Presidente: Francisco Carballo **Vicepresidente:** Alfonso Rivas Fraga **Conselleiro Delegado:** Ramón Fernández **Secretário:** Fernando Cuñarro **Vogais:** Cesáreo Sánchez, Aurora Pereira, Eloi Villada, Manuel Fernández, Manuel Veiga, Xosé Mª Dobarro e Antón Fernández

Director: Alfonso Eyré López
Redacción: Manuel Veiga, Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa
Correspondentes e Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Francisco Carballo, Xesus González Gómez, Manuel Rivas, Xesus Vega, M. Chouza, R. Cid, X.M. Aldea, X. Larrosa Vila, César Varela, Carmen G. Ares, Xosé M. Salgado, J.A.M., Xesus López Témez, Xoan M. Carreira, Xosé Lodeiro, Fernando M. Vilanova, Xesus Torres, Paco Arrizado, S.A. Suárez, Laxe Grande, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Carlos Durám, Xesús Cambre Mariño, Begoña Moa, Alfonso Rivas, Xaquin Agulla, Fernando Carballa, M. Fernández Blanco, Vitor Vaqueiro, Antón Mascato, Xico Peña, Xoan M. Estévez, Manuel Lueiro Rey, Anselmo López Carreira, Hernán Naval, A. Cordero, Lupe Ces, Manuel Vilar, Francisco A. Vidal, Xavier Seoane, Ricardo Rivera, X. X. Piñeiro Cochón, Plácido Lizancos, Lino Braxe, Xesus Campos, Manuel Estrada, Gonzalo Vilas, Alexandre Banhos, Pepe Rei, Bernardino Graña, Carlos Oliveira, L. Casado Cadarso, Miro Villar, Manuel Santiago.

Fotografía: Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X. L. Diaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Diaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, E. Reimóndez, Delmi Alvarez, Anxel Iglésias, Tachi Castro.
Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silvar, Ferreiro, Fefo, Xúlio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.
Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina

Deseño e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez

Corrección Lingüística: Fernando Carballa

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Rodolfo Lamas, Juan Louzán (Madrid - Tfno. 91 - 467 31 33)

Suscripcións: Blanca Costas

Redacción e Administración: Rua Pontevedra 4-5º (36201 VIGO) - Apartado de Correos 1371 (36280 VIGO) - Teléfonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986 - 43 36 24) / Redacción (986 - 22 24 05)
Imprenta: E.C. C-3 1958
Depósito Legal: C-963-1977
ISSN: 0213-3105

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas, respeitando a independéncia dos seus autores. Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución, sempre que se cite procedéncia.

cartas

COMPLETAR A HISTÓRIA

Na monografia "Curros Enríquez. Crebar as liras" comezaba a miña colaboración dicindo que "unha das grandes eivas da historiografia galega é a ignoráncia do feito musical pola banda dos historiadores da cultura, da economia, da política e ainda da sociedade". Nas datas de publicación da monografia veu a confirmación da miña tese pola banda das prestixiosas Xornadas de História de Galiza de Ourense, dedicadas á emigración.

Seguindo a prensa, tivo especial protagonismo Uruguai e a cidade de Montevideo. Pois ben, foi un emigrante coruñés, Francisco Baldomir, un dos protagonistas da recepción da ópera italiá como Director do Teatro de Ópera de Montevideo e ali estrearia unha zarzuela, "Santos e Meigas", con libro de Linares Rivas e música do seu irmán Xosé Baldomir. Da relevánci a social dos Baldomir en Montevideo pode dar idea que un fillo de Francisco, Alfredo Baldomir, seria presidente da República Oriental de Uruguay entre 1938 e 1943.

É este un exemplo de certa relevánci a sociolóxica pero, en xeral, vai ser a cena, musical ou non, a expresión máis importante da cultura galega na emigración americana, sexa en Buenos Aires, Montevideo, La Habana ou noutros lugares. Os coros representaban "cenas orfeónicas", os dramaturgos escrebian libros para zarzuelas galegas, etc. Ignorar isto é non comprender a actividade cultural da comunidade emigrante.

Vaia esta carta como unha afectuosa suxeréncia á organización dunha actividade científica como as "Xornadas", merecedora de meirande difusión. □

XOÁN M. CARRREIRA
(A Coruña)

KURT WALDHEIM

É grave o que está a pasar con Kurt Waldheim, pero non por se foi ou deixou de ser nazi no seu tempo senón porque, nesa dúbida, "alguén" ocultou o seu pasado agachando interesadamente ficheiros, documentos e testemuñas, a história nunha palabra, e Kurt Waldheim acadou ser Secretário Xeral da ONU durante oito anos.

É grave porque se "alguén" ocultou o pasado, Kurt Waldheim mentiu (directamente ou por omisión) unha e outra vez vez sobre a sua andaina do 1938 ao 1945, e ainda así foi eleito Presidente de Austria.

Pero é máis grave aquí, nun país que hai dez anos saiu dunha ditadura fascistoide e no que, agora, é case de má educación lembrar quen foi franquista e quen non, cando a memória histórica é imprenscindíbel nunha terra na que os que temos máis de once anos de idade nascímos no franquismo e nel medraban ben moitos que hoxe, reconvertidos á democrácia, seguen a medrar...

É máis grave é ainda a hipocresia que ven ser recordar que Kurt Waldheim foi, alomenos, compañeiro de viaxe dos nazis e non querer lembrar, nesta Galiza aguilloada pola história, que quen comezaron como torturadores na Brigada Político Social teñen hoxe responsabilidades no Ministério do Interior, que os que foron "Delegados Provinciales del Movimiento" son hoxe deputados, que quen Franco designou como Procurador en Cortes é hoxe Senador, que conspícuos membros do fascista SEU son hoxe Gobernadores Civis, que xornalistas do Réxime son hoxe columnistas que queren dar leccións de democrácia, que quen foi Ministro de Franco e tivo responsabilidades na represión aspira hoxe á Presidéncia da Xunta da Galiza, que quen foron írtios combatidores do galeguismo argumentan hoxe ser discípulos de Castelao.

E non pasaron cuarenta anos como no caso de Kurt Waldheim e o período hitleriano, son moitos menos os que nos separan do siniestro "Tribunal de Orden Público", das penas de cárcere por actividades sindicais, das malleiras por demandar liberdades, dos expedientes académicos a estudantes progresistas e do longo etécetera dilatorial que foi o franquismo.

O grave seria esquecelo. □

BERNARDO MÁIZ
(Mugardos)

fe de erratas

No anterior número de ANT, o artigo que na páxina oito levaba por título "Reflexo do sindicalismo nacionalista", da autoria de Xesus Seixo, apareceu publicado, a causa dun erro, sen o seu último párrafo. Polo tanto no seu remate haberia que engadir as liñas seguintes: "...Para que isto se dé así, influen, fóra das circunstáncias sindicais do mom[redacted]tas coincid[redacted]s entre a CXTG e [redacted]NTG, empezando polo próprio carácter nacionalista das mesmas, así como a madurez que esta a acadar o sindicalismo nacionalista. Os que dentro del estamos a traballar, desde ópticas políticas e ideolóxicas distintas, temos a obriga histórica de aunar esforzos, non só en datas relevantes, para facer do sindicalismo nacionalista unha ferramenta única e eficaz na defensa dos intereses e direitos dos traballadores/as galegos/as". □

aviso aos leitores

O próximo número de A NOSA TERRA publicarase o vindeiro 14 de Abril. Desde esa data estaremos todos os xoves no seu quiosque. □

O SINDICALISMO VERTICAL

Esta carta tamem se podia iniciar coa frase de; "Ulo sindicalismo de crase".

Imo-nos a deixar de etiquetas e vamos ao grao, a entrar no miolo da questom; de todos os galegos é bem sabido, porque o vivimos em própria carne, a estratexia do P.S.O.E. nos últimos anos na nossa naçom, pero por se algum nom se lembra xa farei umha breve introducçom, prático-u o que poderiá-mos chamar a "táctica de terra queimada", e retirada hacia o interior (os bombeiros xa se sabe quem forom os de sempre).

Fixerom o que iles autodenominaron "reconversom Naval", que na linguaxe popular é o esfarelamento e a desfeita da pouca industria que havia na Galiza, despois ou agora bem a segunda fase (Alumina, Sidegasa, etc., etc., e outras agressons contra o nosso povo).

A terceira fase ou etapa, esta e mais lenta, pero segura é a reconversom do agro ou o esfarelamento do sector lacteo e cárnico, pero isto ainda se pode amanhar si como dim os expertos do Ministerio nos orientamos hacia o S. agroalimentario mundial, quer dizer fazer-nos mais dependentes das multinacionais agroalimentarias para que podiam sacar-lhes melhor o pouco excedente das explotaçons, assim desta forma nos producimos o floreiro, ensalada e os postres e os demais os produtos básicos, pero vale a pena o sacrifício, porque imos "Por el buen camino" cara a terra prometida o monopolio da Europa capitalista, ou si o prefirem "La Europa de las regiones", nom devemos preocupar-nos porque si agora nom nos vai bem xa nos ira pior, assi que as multinacionais se diam conta e empezem a invertir aqui, nos traigam algumha base da OTAN ou algumha celulosa, algum PUB ou barras americanas, sendo listos e sabendo-se mover algumha limosna dos fondos da CEE, FEOGA, FEDER para os lavregos que mais os necesitem e os marinheiros.

Pero dada a nossa situaçom xeográfica estratexica, tem ainda a nosso terra grandes posibilidades no tema do *contrabando* e nom digamos o da *droga*, para quem sexa decidido e honrrado claro e podes ao mesmo tempo andar coa cabeça bem outa por ai.

Pero todo o que venho de exponher, nom é o motivo que me animou a escrever esta carta, nim muito menos, pero fai-se inevitavel fazer umha pequena referénça assim por enzima.

Sabiam que desde fai alguns anos em Galiza temos umha das mais grandes empressas de "Europa", que lhe chaman *INEM*, na que estam afiliados a maioria dos nossos trabalhadores, e sobre todo os que aspiram a sê-lo, quer dizer todos os xovenes que buscam ainda o primeiro emprego, si se portam bem tenhem pazença e som boos rapazes despois de um ou dous anos de antiguedade igual pescam algum "Cursilhinho", o que se chama "Formaçom ocupacional", cobrando 500 pts./dia menores de 25 anos é o 75% do salario minimo os maiores de 25.

Pero isso era antes agora xa esta-mos na C.E.E., somos europeos temos que fazer coma iles, este mecanismo permite-lhes disminuir o paro rexistrado em bisperas das eleiicons com soio tocar-lhes a um botom e dizer; que a economia Espanhola marcha bem.

Agora para ter direito a limosna antes citada ou o que é o mesmo para conseguir um cursilho ou um choinho por dos ou três meses bem como experto para imparti-lo ou para asistir a él fai-se da seguinte maneira:

1.—E obligatorio indispensavel ser militante da U.G.T. ou de Unions Agrarias (ambalas duas filiais do P.S.O.E.), e nas prox. votar-lhes.

2.—Ter boa presénça, nom ter o aspecto mui descuidado e ponher o melhor traxe que tenhas no ropeiro (preferivel moda A. Dominguez).

3.—Falar correctamente e com soltura o espanhol, acento preferivel o de Burgos.

4.—Na entrevista co (sociologo) perdom co sicologo do sindicato levar o entrevista ou papel bem estudado, respostas preferidas:

Os da direita som os caciques, a esquerda nossa só hai um edificio em ruinas, tam só estam os radicais, extremistas ou os que prendem lume ao monte.

5.—Si che preguntam qual é o último livro deves dizer que o Griffom ou como sexa de Conde, ou podes dizer que nengum, porque quanto mais incultos melhor e quánto mais televisom se vexa para istos novos caciques de velhos métodos melhor.

6.—Politicos preferidos, S. Presedo, F. Vazquez.

7.—Un detalle mui importante e que acostuman a perguntar é sobre a cuota do leite, si conseguiches enganhar a algum lavrego para fazer a declaraçom que pedia o Ministerio de Agricultura.

Como última reflexom eu pergunto-me qual é a diferénça entre um sindicato tipo UGT ou Unions Agrarias e o sindicalismo vertical franquista, eu a única diferénça que lhes via até fai pouco era a da afiliaçom que nom era obrigatoria nos primeiros, pero agora xa o é tamem polo que venho observando.

P.D. Xa se me esquecia apontar que outra das inxustiças é: que non tenhem em conta a antigüidade como demandante de emprego, nen os méritos, experiéncia, conecementos teóricos e praticos etc. senón que priman os antes mencionados.

FRANCISCO M. GONZÁLEZ
(A Gudinha)

libraria couceiro

somos coñecidos na Galiza inteira, pola nosa especialización en libros galegos e portugueses

Praza do Libro, Tel. 26 63 77, A CORUÑA
República de El Salvador, 9, Tel. 56 58 12, SANTIAGO

O 16 de Marzo do 1978 un decreto instauraba a pre-autonomia. Cal é a situación dez anos despois deste outorgamento estatal? Mudou algo e que mudou na Galiza? Neste informe líderes políticos e persoas recoñecidas de distintos sectores dan a sua opinión sobre estes dez anos autonómicos, ao tempo que se analisa a situación presente e as distintas etapas.

Entre todas as esperanzas postas arredor da Autonomia, a normalización lingüística, a recuperación cultural asi como a ordenación territorial, son probabelmente as máis urxentes e as que máis lonxe están ainda de adquirir corpo de realidade. Nen todas as consellarias utilizan o galego na sua relación cos cidadáns e no traballo diário, o que non pode estrañar se sabemos que o governo de Fernández Albor ten reclamado contra o galego en casos en que institucións do estado renunciaban a intervir.

Arquivo/Xurxo S. Lobato

1978: Constitución da Xunta Pre-autonómica. Rosón, Clavero Arévalo, Pio Cabanillas e Rivas Fontán

Persoalidades diversas valoran a experiéncia do estatuto outorgado

O papel simbólico da autonomia non alcanza a traducirse na realidade

"Os avances de cara á normalización lingüística que podan atribuirse ao labor da institución, foron mínimos —opina Xosé Manuel Sarille, Portavoz da Mesa pola Normalización. En dez anos, a comparación cos países que creron na normalización é ominosa: aquí ainda discuten instáncias institucionais se se debe impartir unha matéria en galego, mentres os cataláns teñen o 80 por cen do ensino na língua própria; na Galiza gastáronse 400 millóns nos últimos cinco anos para normalización, mentres que Cataluña tiña orzamentado para este conceito, só para o ano pasado, 787 millóns".

Formalmente galegas

Millán Picouto sinala a **profunda discordáncia**que nestes dez anos de governo autonómico se verificou entre as necesidades e as práticas culturais do país, por unha parte, e as institucions **formalmente galegas** por outras: "Desde o último decénio da etapa franquista e ao longo da Transición democrática, diversas asociacións culturais e cidadáns realizaron unha actividade cultural considerábel na perspectiva nacionalista. A política autonómica reaccionou contra isto de duas maneiras: unha delas, criando por arriba algun organismo cultural eficaz, non representativo e de composición personalista, como o Consello da Cultura Galega; outra, intentando criar movimentos asociativos ou de animación cultural paralelos, que contrarrestasen o movimento real existente. Isto agregado a un non recoñecimento das asociacións e dos seus organismos coordenadores aos que se negou toda axuda coincidindo cun movimento de crise nos métodos e nas formas de promoción cultural tradicionais, que padecia e ainda padece o movimento asociativo galego".

A auséncia de critérios da Xunta sobre os obxectivos e a maneira de conducir as accións encamiñadas á normalización é outro dos aspectos resaltados por Sarille: "Nestes dez anos, a língua estende o seu uso a novos campos, acompañando o proceso de urbanización da sociedade e a introdución do ensino masivo. O galego non estaba instalado nestes novos campos. A política de normalización non prevé esta extensión. A língua avanza no meio urbano pero unha medida non comparábel aos meios nos que está instalada de vello como son o uso literário, por exemplo. Aparece, certamente na TV e na Rádio cun critério normalizado, ainda que baixo control ideolóxico."

Política de cartel

De Cartel califica Millán Picouto a política lingüística do Governo autónomo: "De cartel, non convencida e praticamente inexis-

SOMBRA DUNHA DÉCADA

MÁRIO LOPEZ RICO

Vai xa para dez anos que, entre réxime pre e autonómico propriamente dito o noso país ven disfrutando dun curioso status xurídico e político que o fixo ascender no mapa do tempo do tele- xornal á categoria de comunidade desde os abismos da "región". Iso si, aqui segue a chover moito.

Se un cento de dias son prazo dabondo para enxuiciar un governo, un aniversário data para lembrar o vellos que imos indo, unha década será, coido eu, tempo máis que sobrado para ver que pode dar de si un modelo de estado, "social e democrático de direito", "monarquia parlamentária" e outras gaitas adxectivas con que adoita hoxe adornarse a vella España imperial de sempre.

Xa no ano 78 cando a promulgación da Constitución (chamada do mesmo ano cal se dun reserva se tratase) ao lermos que esta se fundamenta na "indisoluble unidad de la *nación española*, patria común e indivisible de todos los españoles" e que "la soberanía nacional reside en el pueblo español" non podia deixar lugar a dúbidas, mesmo aos non moi asisados, cales foran as intencións dos poderes que instruiran aos "padres de la patria" na sua redacción.

De tal pai tal fillo. O estatuto galego do 78, (moi bon ano se cadra só para os viños) referendado no meio dunha indiferéncia e un cansáncio só comparábel á abstención apoteósica que rexistaron as urnas dotounos dun, non se sabia ben que pero que soaba moi ben; mesmo nas suas denominacións ecoaban resoáncias de soberania (parlamento, governo, etc...) que a duras penas desimulaban a bulra cruel que de novo se infrinxia a un povo desposuído.

Daquela xa os "profetas de sempre" as "aves de mal agoiro" que somos os nacionalistas, esa caste de "predicadores" que ten que "soportar a nosa nación" dixemos que asi non iamos a nengures, porque nengunhas das urxentes e radicais medidas de toda índole precisas na Galiza para sairmos do atraso económico e a miséria social na que nos víamos mergullados, podia ser adoptada cun cativo estatuto de autonomia carente de competéncias fundamentais e do correspondente sistema de financiación que permitise sequer minimamente empezar procesos de desenvolvimento autocentrado.

Mais todos se aprestaron e se prestaron ao xogo da confusión, a autonomia é a panacea!!, berraron todos, uns porque pensaron que "os tempos eran chegados" e que xa se estaban facendo moi vellos e ao berro de "agora ou nunca!!" pasaron a ocupar as suas poltronas; outros por pensaren que facer o xogo e facer "como se..." tamén terian a sua oportunidade no futuro.

"Vale quien sirve" rezaba unha máxima falanxista do noso pasado inda non tan lonxe como se adoita pensar. "Válelle a quen lle serve" seria a nosa paródia ou, quizás, "vale para o que serve". Serviu o réxime autonómico para mellorar as condicións de vida do povo galego? Serviu para sentar as bases dun desenvolvimento*en, para* e *por* Galiza? Máis ben non.

O panorama non pode ser, apesar nosa, máis sombria. nunca xogou tan axustadamente Galiza o papel dependente a respeito do Estado español. Nunca a crise económica tiña golpeado tan duramente á nosa nación. Xamáis foran Galiza e o povo galego utilizadas tan sistemática, fria e intencionadamente como reserva de man de obra barata e de matérias primas (isto xa é histórico), senón como colchón para amortiguar a crise noutras partes do estado. Non hai sector produtivo galego que non estexa sendo desmantelado, pedra a pedra, en benefício de intereses foráneos. Astano, Ascon, Mafriesa, Alúmina-Aluminio, cuotas do leite, invasión das transnacionais do comércio, monocultivo forestal, marxinación das grandes obras de infraestrutura, (gas natural, tren de alta velocidade...), descenso do PIB e da renda *per capita*, conforman unha sinistra ladaíña que, por suposto, non será en galego dado o afán sub-normalizador da Xunta da Galiza.

"Vale quien sirve". É evidente que lles vale perfeitamente; a nós non, por iso andamos no labor. Década negra, 0,5, moi deficiente seria a calificación axeitada. □

Mario López Rico, do Colectivo Socialista Galego integrado no BNG

A NOSA TERRA
Nº 336 - 24 DE MARZO DO 1988

tente, se a medimos en termos de eficácia. Funcionou as máis das veces por reaccións ante as reivindicacións sociais. E desde o punto de vista da producción cultural considerada globalmente, o máis notorio é a existencia dunha censura oficial insólita: é dicer, cambiouse a censura ideolóxica pola censura ortográfica.

Por este médio obstaculízase aos productores literarios disconformes cunha ortografia españolista e ademais xustifícase o favoritismo oficial cara a certos autores editoriais e medios de comunicación. Tamén se observou durante este tempo a promoción que fixeron algunhas entidades, como concellos e deputacións, de certa actividade supostamente cultural, sen máis presupostos ideolóxicos que un cosmopolitismo máis ben españolizante pero cun galeguismo de cartel. Con isto intentaron tres cousas: 1º, recubrir a actividade cultural comprometida, 2º, restarlle forzas, asimilando con subvencións económicas alguns dos seus elementos; 3º, tapar o absentismo desas institucións ante a promoción de manifestacions culturais galegas en perigo, a base dunhas actividades de auto-prestixio dirixidas ao mercado."

Xose Lois

António Rosón

Galego litúrxico

Exponentes extremos do escaso desenvolvimento da Lei de Normalización Lingüística están nas consellarías que non empregan o Galego ou en concellos que incumpren sistematicamente a

Dez anos de administración galega con acento madrileño

Os últimos dados que facilitou a Admistración autonómica sobre os seus traballadores, foron co motivo de dar a coñecer os censos das Eleicións Sindicais na Xunta. Até ese momento calquer información deste particular contaba con evasivas, tendentes a escurecer unha política de persoal máis ligada ao clientelismo político que a un proceso de contar cunha Administración profisional e operativa. Os censos eleitorais reflexan a verdadeira procedéncia e composición do aparello burocrático da Xunta, sinalan quen foron privilexiados e favorecidos coa concesión de Xefaturas, de postos claves na maquinária engrasada en San Caetano. Hoxe a Administración autonómica ten 8.267 traballadores, dos que 3.764 son funcionários de carreira, 475 contratados administrativos, 727 funcionários interinos e 3.301 laborais (dos que aproximadamente 3.000 foron transferidos do estado). Ainda nos queda por lle sumar o chamado persoal eventual no que destacan 150 persoas de "confianza" (Gabinetes Conselleiro, periodistas, asesores de imaxe, etc,...) os cargos políticos rondan os 3000 (Conselleiro, Directores Xerais, Subdirectores, Delegados Provinciais, Xefaturas, etc...) e un grupo ainda sen determinar con contrato de colaboración temporal polo convénio Xunta-INEM.

Cando na época de Xosé Quiroga empezouse a conformar a preautonomia, ainda non se sabia moi ben onde meter os bártulos; pouco máis dun par de máquinas de escreber, unha fotocopiadora e meia dúcia de arquivos —sen nada que meter—. Daquela comezaron a chegar os primeiros autotitulados *funcionários* con marchamo madrileño e experiéncia no Movimento (baste lembrar que o fundador do DOG e articulista dos primeiros Decretos da Xunta, Garcia Cotarelo, foi asesor e compoñedor de discursos do expresidente Arias Navarro), traían a Comisión de Servicios baixo o brazo, e a mosca tras da orella, porque a aquilo do estado das Autonomias non lle vian moito futuro, e ben mellor era que o posto de funcionário de verdade seguise agardando no estado. A administración subsistia con istes "comisionados", aos que houbo que pór Castromil próprio porque vivian e viven en A Coruña, ademáis dun pequeno grupo de traballadores con contrato laboral, contratados directamente polos Conselleiros, algun deles con moita fortuna na sua carreira, como foi o coñecido caso de Cortegoso Iglesias, que desde o seu posto de Subalterno e Presidente ugetista do primeiro Comité de Empresa Laboral da Xunta, pasou a Xefe de Sección con Barreiro Rivas.

E no ano 83 chegaron as transferéncias, e con elas os cartos e o poder, a Xunta empezou a aumentar o seu orzamento, a ser unha bicoca que a uns solucionarialles os problemas do paro e a outros porialles a frote a economia da empresa. Numerosas casas comerciais de venda de mobiliário de oficina, fotocopiadoras, imprentas, material informático, sanitário, de construción, etc... teñen feito bons ingresos, pondo a funcionar a Xunta, iso si, sempre coa dúbida de que salten rumores como o do 4% de Anxel Carreño, ou a máis cercana moqueta de Pablo Padin. Comezou asi unha etapa de ampliación en todos os sentidos da Xunta, e como non, máis caldo de cultivo para o amiguismo e a corrupción. Ben significativa é a resposta parlamentária de Hernández Cochón, xustificando o abuso do uso para fins particulares de veículos oficiais denunciado polo sindicato nacionalista SGTAP-INTG, "onde hai máis de 1.000 veículos e milleiros de funcionários sempre son posíbeis as desviacións". Este mesmo personaxe deixarialle meses máis tarde o seu veículo oficial con chófer incluido a D. Manuel Fraga durante a campaña das últimas eleicións autonómicas, quizá para que servise de premonición do que se aviciña.

E asi os escándalos, denúncias e *affaires* fóronse sucedendo, desde o proceso aberto polo Xogo a Barreiro, con papeis que aparecen e desaparecen, até probas selectivas pendentes de ser anuladas porque entre os seleccionados, neste caso pola senadora Mª Xesus Sanz (exconselleira de educación) non figuraban os mesmos que foran aprobados polo tribunal, pasando por pesquisas policiais pola Consellaria de Sanidade ou Falcon Crest, como é coñecida en San Caetano, para saber de quen proceden os anónimos obscenos dirixidos por Correo a unha secretária, ou o reparto de televisores para se gañar á prensa por asesores de imaxe de Portomeñe vindos alén do mar, ou o señor Álvaro Rodríguez Carballo, adxudicatário . da vivenda no Pazo de Sergunde con cargo ao erário público e con pouca relación do seu posto de Subdirector da Consellaria de Agricultura, e todos istes sen nada que lle envexar ao recén estreado governo tripartito do que é máis sonado o caso da filla de Pablo Padin, que está a lle costar un desgaste que o pon como un dos subtituíbeis no actual governo. Nas demais Consellarías abondan tamén as libres designacións e Comisións de Servicios das que boa proba é o caso do xornalista Luis Lodeiro, xefe de prensa de Antolin Luis Mariano Sánchez Presedo.

A todo iso hai que lle sumar a subsistência no Governo de Laxe, dos políticos corticeira, aqueles que aboian con calquer governo. O actual executivo segue mantendo en postos clave da Administración a altos cargos que xa o eran con AP; tesoureiro xeral, interventores delegados, Xefe CPD (Centro Procesos Dados), Directores Xerais e Secretarias Xerais Técnicas, en Sanidade, Ordenación, Educación, Pesca, xefes de gabinetes totalmente identificados co anterior governo (Baña Mouzo, Cotarelo,...). O que ven dar unha idea de como segue na actualidade a Administración, onde non se produciu nengunha medida que puxese fin á situación de deterioroa que se cos governos sucesivos de AP. □

Todos os grupos da cámara salientan a importáncia do referente político institucional

Parlamentários e políticos galegos coinciden no décimo aniversário da autonomia en recoñecer a importáncia da institución como referente político para o auto-governo, ao tempo que salientan o carácter incompleto do proceso e a necesidade de rematar a construción do edifício legal e institucional previsto no texto do Estatuto.

Dous aspectos salienta o presidente do Parlamento autonómico Tomás Pérez Vidal no reconto lexislativo destes dez anos: "A própria constitución da Cámara, e o estabelecimento dun sistema eleitoral próprio, a meio da lei de eleicións ao parlamento da Galiza". No aspecto legal faltan ainda: "as eleicións dos órgaos estatutários que son o Valedor do Pobo e o Consello de Contas. Falta por rematar o proceso das transferéncias, con elementos tan fundamentais como o Insalud (que é o cincuenta por cen do orzamento que agora temos), e unha série de flecos illados como a Gran Área, etc. Tamén, a organización territorial de todo o país e o réxime local (están sen regular a parróquia e a comarca, as coordenacións de concellos e deputacións coa própria adeministración). Todo o que se refire á própria administración e ao rexime local empézase a tocar agora timidamente coa Lei de Deputacións, pero eu creo que o entramado completo está ainda por facer. En terceiro lugar hai outro problema de importáncia que está sen resolver que é o da ordenación universitária. Unha única universidade, várias universidades? Outra série de aspectos de réxime xurídico tamén de importáncia pola transcendéncia que teñen, son a lei de arrendamentos, a lei de montes viciñais, a lei de águas (se ben existe unha estatal, debemos ter a nosa própria, adaptada á nosa idiosincrásia)."

Para o ex presidente Albor, a Autonomia vista desde o escano parlamentário pode parecer un proceso lento, pero unha apreciación en perspectiva permite ver resultados e albiscar esperanzas. "A xente moi metida na política pode parecerlle que temos alcanzado pouco nestes dez anos. Pero para os que levamos toda a vida loitando pola autonomia da Galiza, loitando pola nosa língua e pola nosa identidade, desde logo foron dez anos de grandes avances. Hoxe todo o povo galego ten conciéncia de que é necesária a autonomia, a Xunta e o Parlamento. E que é preciso que sigamos alcanzando cotas non só de autonomia senón de benestar e de xustícia social que a nosa terra demanda. Estivemos moito tempo marxinados e temos que seguir a loitar pola nosa cuota histórica. Eu estou esperando".

Un proceso conxelado

Non pode ser novidade que Xosé Manuel Beiras non comparta esta opinión. "Eu o que vexo é un proceso de constante involución a partir do ano 82. Sen entrarmos nas eivas conxénitas que ten o sistema autonómico, pois son ben coñecidas as posicións do BNG, o sistema autonómico quedou conxelado e está sistematicamente sendo desdotado de contidos. Por exemplo, para que se entenda: cando o Governo central decide pechar unha indústria clave coma **Sidegasa**, pois está realizando un feito consumado que está en frontal contradición co contido do artigo trinta do Estatuto que se refire ás competéncias exclusivas en Indústria". Contodo, o deputado do BNG entende que os dez anos da Autonomia xogaron un papel de importáncia na construción de referéncias políticas próprias. "Aspectos positivos? Que as institucións autonómicas, e a sua própria existéncia, marcan un ponto de referéncia para a cidadania. Para os hábitos mentais das camadas sociais galegas hai a referéncia dunhas institucións nas que se están a tratar problemas especificamente galegos, en termos políticos. Iso crea un hábito que evidentemente pode ser un lévedo positivo de cara o progreso do proceso político para a auto-determinación, que é o que en definitiva ten que ser."

A própria consolidación do Parlamento e a Xunta son os feitos que González Mariñas coloca no primeiro lugar do **haber** deste décimo aniversário. "E tamén a criación dos grandes mecanismos normativos que permiten o funcionamento do autogoverno; a progresiva asunción de competéncias; o crecimento espectacular dos presupostos da comunidade autónoma; a afirmación lingüística, con todos os problemas que poda ter, pero que ten un valor inconmensurable". O conselleiro da Presidencia entende que Galiza está a queimar etapas nun longo proceso histórico polo auto-governo, ainda que faltan por desenvolver aspectos básicos do próprio Estatuto: "Facer unha re-edición normativa, en sentido ampliatório, do estatuto. Rematar o proceso de transferéncias e o de institucionalización autonómica: o Valedor do Pobo, o Consello de Contas, o Fondo de Cultura Galega; hai que resolver ainda moitos aspectos básicos, estruturais; e, sobretodo, resolver o tema da organización político territorial do noso país, que é un tema estrutural fundamental".

Duas etapas

Xosé Luis Barreiro distingue duas etapas no proceso autonómico: "Estes dez anos de insti-

normalización de topónimos. Tamén nas dificuldades que para o emprego do galego se atopan na administración de Xustícia. "No Real decreto polo que se aproba o regulamento orgánico do corpo de oficiais, auxiliares e axentes da administración de Xustícia —comenta Xosé González, membro da Asociación de Funcionários para a Normalización Lingüística—, o artículo 51, párrafo 6 estabelece que o coñecimento da lingua autóctona prímase con 6 anos de antiguedade. Este importante incentivo non foi recoñecido nunha recente oposición e está a ser recorrido. No que atinxe á administración de Xustícia, pedimos a criación dun gabinete de tradución (semellante ao que existe na Generalitat de Barcelona e Valéncia) na Audiencia Territorial da Coruña. Os Xuíces para a Democrácia defenden o direito do detido a explicar o seu caso pero nada din do direito a que ese mesmo detido se exprese en galego. Os colectivos de avogados xóvenes, e en xeral todos os avogados progresistas, renúncian a apresentar escritos en galego, presumibelmente por non querer complicar o proceso. Deste xeito, o galego convértese nun ritual litúrxico, pero non profisional. Frente a apenas duas seténcias en galego, son numerosos os incidentes polo emprego da língua nas audiéncias. En xeral é pouco o apoio da Xunta da Galiza para que as corporacións locais utilicen a língua e a fomenten. Sendo conselleiro da presidéncia, Xosé Luís Barreiro enviou un ofício ao Concello de Catoira para que se retirase a esixéncia de coñecer o galego nunha oposición de ingreso no Concello."

Xosé González entende que a Xunta non ten tal cousa como unha política tendente ao fomento da cultura. Son escasos os convénios de colaboración asinados cos concellos, e son moitos os municípios que carecen de bibliotecas o dispoñen de fondos de libros non actualizados, é excepcionalmente alto o número de concellos galegos que non organizaron nunca unha exposición de plástica.

A xestión do Centro Dramático Galego é, no xuício de Millán Picouto, un dos exemplos máis claros da política oficialista distanciada da realidade e das necesidades culturais do país: "Trátase dunha entidade constituída totalmente desde instáncias superiores e exclusivistas, que non tivo en conta no dia da sua criación o estado de desenvolvimento do teatro galego e dos seus elementos materiais e humanos. Desde o ponto de vista organizativo, non ten servido para unha promoción, nen consolidación, nen integración dos sectores de teatro; vive da sumisión de certos elementos profisionalizados que funcionan como satélites a cámbio de concesións económicas".

A ordenación que non chega

O problema histórico da dispersión parcelária e do tamaño das explotacións, é outra asignatura para a que a Autonomia non ten respostas. "Galiza vai con gran retraso con relación ao resto do Estado —di Mário Orjales. O que se está a facer é o mesmo que antes se facia, cunha incidéncia moi limitada, ainda que se trata dun problema urxentísimo. Calcúlase que no resto da Europa a solución dun problema está a 25 anos vista. Aqui, a solución está moito máis lonxe. Entre nós concentración parcelaria ainda é un mecanismo de reestruturación da povoación ainda que en países máis desenvolvidos acéitase como un mecanismo de ordenación do território. Se a concentración se considerase correctamente, e non cun sentido sectorial e marxinado, teria moitos aspectos de lei de ordenación territorial, de lei para acadar unha ordenación de servícios. Cómpre integrar áreas sociais máis amplas. A concentración é parte dun plan iniciado en tempos de Franco que estaba pensado para permitir a entrada de maquinária agrícola dos Estados Unidos. Por iso se primou o Douro, pero a Autonomía compríalle ir máis alá e superar ese conceito de home unidimensional. Naturalmente, a concentración non é rendábel eleitoralmente e a médio prazo é conflitiva e custosa, desde a esquerda alomenos deberia considerarse a sua rentabilidade social".

Policía esquecida

En Maio do ano 83 anunciouse unha **preocupación notábel** do governo Albor: dotar á Galiza de policía autónoma. Ainda que remitida á aprobación dunha Lei orgánica da Seguridade Pública, o certo é que con esta aspiración nunca se deu publicidade a este direito contemplado no artículo 27 do Estatuto. Polo contrário, o Estado nomeou un super-governador civil, na persoa de Garcia Sabell, que ten fio directo co ministro do Interior. O embarrancamento do *Cason* en Fisterra deixou ben claro a quen correspondia o poder e a capacidade de relegar e ainda de desmentir ao presidente da Xunta. En termos de racionalidade administrativa, nun caso de emerxéncia como o provocado pola neglixéncia que botou contra a costa galega ao mercante panameño, o presidente da Xunta deberia asumir as funcións de coordenación das forzas do espácio autonómico. Se a medida do poder se pode considerar na sua real dimensión en tempos de crise, a autonomia nen tivo poder no caso do barco pirata nen reaccionou despois para evitar que unha relegación tan escandalosa pudese volver repetirse no futuro.

Entre as opinións recollidas pola redacción de A NOSA TERRA para valorar a incidéncia dos dez anos de governo autonómico, figuran tamén as de alguns empresários galegos. A importáncia obxectiva da descentralización, desde un ponto de vista de estrita racionalidade (unha das preocupacións de Bóveda na campaña do estatuto da república) comeza a ser apreciada ao cabo de dez anos de autonomia. "Evidentemente hai un camiño na Autonomia —comenta o empresário naval X.M. Santodomingo Miranda. No que atinxe a Pesca e a Indústria en xeral, non é desde logo o mesmo ir ao ministério a Madrid que falar coa Consellaria. A acesibilidade é maior e o canle máis rápido. Contodo, non se pode admitir que o Governo central dé un trato diferencial ao Governo autónomo galego, a respeito do basco ou ao andaluz, como no caso das primas á construción naval. Na Galiza foron declaradas inconstitucionais pero o governo de Vitoria e o de Sevilla teñen marcado un dez por cento sen que ninguén llo discuta". Este empresário celebra tamén "que neste tempo de Autonomia o recoñecimento da identidade galega deixase de ser por fin exclusiva das organizacións políticas de carácter nacionalista". □

ALFONSO EYRÉ
GUSTAVO LUCA DE TENA

O protagonismo centralista frustrou todas as chamadas ao consenso sobre o texto básico

Foi o 16 de Marzo do 78. Un dia antes de que se aprobasen as pre-autonomías de Aragón, Canarias e Valencia. O Real Decreto que botaba a andar a autonomia galega nascia entre expresións tan pouco mobilizadoras e populares coma *consenso, oportunidade, camiño ou recoñecimento* tardio. Por aquel texto legal instituíase a Xunta *como órgao de governo galego*. O protagonismo centralista contradiceu pronto as chamadas á solidariedade lanzadas desde os partidos da direita para a construción do texto básico.

O pequeno adianto na data do decreto da preautonomia fora unha concesión de última hora do governo da Unión do Centro Democrático (UCD) para deixar apenas en evidéncia a continuidade do proceso autonómico galego con relación ao proceso republicano e ao conxunto de reivindicacións históricas de auto-governo. O Decreto de institución da Xunta evitaba explicitamente embargar a existéncia, contido e alcance do estatuto que no seu dia pudese elaborar o povo galego.

Desde todos os sectores políticos, con independéncia do seu degrau de confianza ou protagonismo no marco en que estaba a desenvolverse o proceso, recoñeceu imediatamente a importáncia que a própria pre-autonomia teria na configuración do futuro estatuto. "Para outros países, a autonomia pode ser somente un proceso de manumisión política —escrebía Valentin Paz Andrade na ocasión—; para Galiza é moito máis. É a posibilidade de erguer pedra a pedra, institución a institución un novo modelo de país".

Interese de partido

O exemplo catalán de favorecer a reanudación histórica, mediante a preséncia dun político de prestíxio protagonista do proceso autonómico republicano, non tivo apenas valedores entre os oficiantes do novo momento. Prevaleceu o interese do partido no poder de impor unha persoalidade saída das listas da UCD. Asi foi proclamado António Rosón, nunha candidatura que apresentou o senador da UCD e reitor de Santiago, Suárez Núñez. Desde posicións distintas adiantáranse os nomes de Paz Andrade e Antón Alonso Ríos entre outros.

A Xunta constituiuse o 18 de Abril de 1978, nun acto celebrado no Pazo de Xelmírez que presidiu o **Ministro de Regiones** Clavero Arévalo. O discurso de António Rosón incluia no seu remate a senténcia do hino pondaliano **Os tempos son chegados**. Unha das imediatas consecuéncias de ter optado por unha opción de partido, antes que pola recuperación da memória histórica, foi o desinterese con que se abordaria a formación da comisión preparatória para o Estatuto.

O 16 de Setembro de 1978 a Asamblea de parlamentários nomeaba unha comisión de 16 persoas composta por oito representantes da UCD, dous do PSOE, dous de AP e un do PCG. Os outros tres representantes terian de ser eleitos por eles mesmos entre forzas políticas carentes de representación parlamentária. O que algunhas informacións calificaban por aquelas datas como *esforzo para o consenso* deu como resultado un grupo de traballo composto por González Mariñas, Lutgarda García Boente, Luís Cordeiro González, Vítor Vázquez Portomeñe, Ramón Alvarez Cid, Xoán Manuel Alvarez Ramos, Pablo Padín, Manuel Reymóndez Portela, da UCD; Rodríguez Pardo, Indalécio Tizón e Vázquez Fouz, polo PSOE; Carro Martínez e Puy Muñoz, por AP e Anxel Guerreiro polo PCG. Os representantes de forzas non parlamentárias designados foron Camilo Nogueira (POG), Luís Sobrado (PG) e Fernando Solla (PTG).

Acompañado por afirmacións de consenso, renúncia a intereses partidistas e insisténcia na histórica importáncia de contar cun Estatuto representativo, o texto **Dos 16** perdeuse en sucesivas comisións até dar un proxecto irrecoñecíbel que foi entregado no Congreso dos Deputados de Madrid o 28 de Xuño de 1978, aniversário do referendo do Estatuto do 36. □

Galiza desde a Galiza é moito mellor que tela governada desde fóra. Tamén foi importante que apesar de todas as presións en contra, a capitalidade se puidese instalar finalmente en Santiago".

Carlos Vázquez, membro da executiva do PSG-EG considera que o grado de autonomia conseguido non é satisfactório: "Polo tanto, non surte, nen surtiu efectos na vida diária da xente, nas relacións económicos, sociais e políticas deste país, que debera surtir se a autonomia se desenvolvera polo menos até o que trae o Estatuto. Igualmente este Estatuto é insuficiente como nós mesmos puxemos de manifesto na época en que se votou."

Pero por outra parte Vázquez cre que o feito autonómico cambiou a vida do país. "Se agora votamos a vista atrás até hai déz anos e observáramos até donde chegaba a mancha do nacionalismo galego, até que capas, até que sectores, e até donde chega hoxe, e se nos perguntamos, por outra parte, como son elementos adquiridos valores autenticamente nacionalistas que comparte xente que, secadra, nen sequer se declara naconalista; neste sentido, a autonomia política para a reconstrución nacional de Galiza representou un paso importantísimo e decisivo."

tucionalización do auto-governo non son homoxéneos: hai unha primeira etapa de pre-autonomia non suficientemente aproveitada para pór as bases do que despois deberia ser o réxime do auto-governo. As repercusións son negativas non só nesta primeira etapa senón tamén na segunda". Neste período, a Galiza tivo "unha importantísima evolución política — prosegue Barreiro—, pero eu creo que insuficiente por canto ainda a estrutura das forzas políticas galegas non é de carácter próprio senón dependente. E fai que sexa dependente o conxunto da política galega e moitas das decisións transcendentais que deberian tomarse para a implantación das institucións do autogoverno".

Á pergunta de que melloras económicas ou sociais concretas trouxo á Galiza este decénio de Autonomia, Beiras dubida que tal se dese realmente. "Máis ben habería que falar de diferéncia na psicoloxia de masas, nos comportamentos mentais. E unha autonomia que funcione mal, pode supor a extensión da opinión de que estabamos mellor sen a existéncia de nengun tipo de descentralización política, nen sequer autonómica".

Barreiro entende que é cedo ainda para facer unha repercusión directa dos benefícios da Autonomia. "Penso —sinala o conselleiro— que hai unha administración máis adecuada e máis directa dos recursos públicos, asi como unha mellor programación de necesidades. En todo caso, foi unha etapa mobilizadora, progresista".

"O grande avance que trouxo o Estatuto nestes dez anos foi o dos galegos ter conciéncia de poder auto-governarnos —valora o vicepresidente do Parlamento Francisco González Amadiós. Particular importáncia tivo a Lei de Regulación do Idioma, que rompeu un prexuício histórico ao pór as bases para a normalización do ensino a língua. Contodo, cómpre dicer que o Estatuto, con ser un gran avance, non conseguiu levar a conciéncia nacionalista ao seu teito. Os políticos temos unha responsabilidade singular nisto porque non conseguimos transmitir ao povo que governar á

PARLAMENTO

Rechaza con este argumento a constitución dunha comisión parlamentária

Ao PSOE 'non lle interesa' que se investigue o acidente do *Cason*

O Presidente da Xunta terá a faculdade de disolver o parlamento desde a próxima lexislatura, ao ser reformada a Lei da Xunta e do seu Presidente. Pero o Parlamento non poderá investigar o acidente do Cason ao oporse os grupos do governo porque "non lles interesa", segundo palabras do portavoz do PSOE, António Carro. Aprobou tamén o proxecto de lei polo que se cria o Consello de relacións Laborais rechazando unha proposición de lei do BNG para regular o comércio interior.

Non sei se a muller do César era ou non era. Pero penso que está claro o que parece unha parte da política galega: non semella decente. Todo isto moito máis alá das distintas demandas xudiciais que salpican a un bon número de relevantes cargos institucionais. A sensación que están a dar continuamente é de defensa duns intereses persoais por riba de calquer función (non xa de intereses colectivos) organizadora do ben social.

Na última sesión do Parlamento autonómico voltou quedar claro. O portavoz socialista, António Carro, afirmouno contundentemente: "impediremos a criación dunha comisión investigadora do acidente do *Cason* porque non nos interesa".

Os intentos do PSG-EG e AP de que a comisión se formase, ainda que fose retirando todo un preámbulo-relación de feitos que molestaba aos do PSOE, non serviu para nada cando está en xogo o beneficio dunhas siglas partidárias, e con elas das persoas que hoxe as dirixen.

Antonio Carro puña, sen querelo, na sua verborrea bilingüista, ou bilingüista equilibrada (usa duas palabras en galego e tres en español constantemente en todo o seu discurso) unha e outra vez as cousas claras...: *"puede ir contra nós, contra el actual gobierno, perxudicar a nosa imajen e non vamos a consentir eso; poden vustedes formular preguntas o interpelaciones parlamentarias que las contestaremos"*.

Non é de estrañar asi que logo X.M. Beiras afirmase que o Parlamento levaba outro mazazo con esta decisión tomada polo governo e os grupos que o apoian.

Coalición Galega e PNG préganse constantemente aos intereses do PSOE, que consegue así desgastalos nunhas decisións de governo que só favorecen aos socialistas. Quen senón máis que o PSOE sai mal parado se se aclara o do *Cason*? Houbo algunha vez un feito tan grave e tan escuro? É ou non é o parlamento unha das representacións do povo galego?

Todo quedou supeditado aos intereses partidários socialistas.

Con esta visión partidária que lèva a un governo cada vez máis acorralado, pois unha auséncia ou un despiste dalgun deputado pódelle facer perder as votacións, (menos mal que desde o Grupo Popular tamén se despista alguén oportunamente) rechazouse a proposición de lei do BNG sobre o Comércio Interior da Galiza.

De nada serviu que todos os grupos recoñecesen a urxéncia de tramitala. O Governo apresentou un proxecto de Lei despois da proposición de Xosé Manuel Beiras e quer que valga a sua, ainda que, evidentemente existen diferéncias entre ambas leis sobretodo se temos en conta o afirmado polo portavoz coaga: "non dificultaremos a implantación racional das grandes áreas". Algo que apoian os socialistas, non en vano os seus alcaldes son os abandeirados deste "progreso". □

A.E.

Cando se debatia a lei sobre disolución do parlamento

Enfrentamento dialéctico Beiras-Nogueira

X. M. Beiras

Camilo Nogueira

Xosé Manuel Beiras e Camilo Nogueira mantiveron o duelo dialéctico máis forte que se lles recorde no transcurso do cal o deputado do BNG calificou ao líder do PSG-EG de "sofista e ególatra oportunista". Pero "insultos" ou "definicións" aparte – calificativos acuñados por ambos políticos– tivo interese a fixación de posicións e estratéxias dos seus respectivos grupos.

A diatriba comezou cando se debatia no Parlamento o Proxecto de Lei de Reforma da "Lei Reguladora da Xunta e do seu Presidente". Camilo Nogueira, na defensa das suas emendas, calificou ao BNG, como antes ao BNPG, de incoerentes e de aliarse con AP, como xa fixeran en 1982 cando se opuxeran a que o Presidente da Xunta tivese a faculdade de disolver o parlamento e de convocar eleicións antecipadas. Afirmando que na coerência estaba a diferéncia entre o PSG-EG e o BNG.

Xosé Manuel Beiras, no seu turno, despois de argüir que "ninguén se atreve a pensar o que é a realidade", e de calificar as disolucións dos parlamentos como "tácticas de golpe de estado democrático", referíndose a Camilo Nogueira anunciou que lle ia decir o que pensaba del habia moito tempo pero ainda non lle tiña manifestando: "é vostede un sofista e un ególatra oportunista", sentenciou entre unha risa estentórea do parlamentário de EG, como sempre o califica Beiras quen non emprega a sigla PSG.

"Señor Nogueira", continuou X.M. Beiras, "o que apresentan hoxe é impresentábel, pois é a reafirmación rotunda da creba democrática parlamentária"; "vostede descoñece o que son os procesos e os feitos", pasando a relatar como foi a burguesia quen implantou a faculdade de disolver os parlamentos diante do temor ás camadas populares e como en Europa nunca alguén que disolvese a cámara perdera as eleicións. Por todo isto concluiu que o PSG-EG "non son materialistas nen históricos".

Argumentou seguidamente X.M. Beiras que Camilo Nogueira tentaba de uniformar sempre Galiza ao comparala con outros estatutos, sempre en relación directa á Constitución, perguntándose por que temos que parecernos a outros se hai unha diferéncia clara na estrutura do país, cun sistema constitucional que non se axustá á nosa realidade, pondo como exemplo o 45 por cento/média de abstención, polo que concluiu achacándolle a Camilo Nogueira que se mova "no mundo das nubes e da abstracción".

Tamén afirmou que o PSG-EG o que estaba propiciando era que se lle meta "unha bomba de reloxaria máis ao ascenso do nacionalismo, polo menos do consecuente", dicindo seguidamente que vai haber que deixar de chamarse nacionalistas porque agora todos se chaman, pasando a nomearse "patriotas revolucionários".

Acusou seguidamente a Camilo Nogueira de "ter moita presa en chegar ao poder, pero non o vai facer –dixo– como non sexa aliándose cos partidos españois".

Defendeu a coeréncia do BNPG, coa democrácia porque "aqui só estamos para ter unha presénCia revulsiva de conquista de poder para o povo soberano", perguntándose tamén se é que non existe política fóra do parlamento.

Finalmente díxolle a Camilo Nogueira que non se inteiraba, que "a soberania nunca é un proceso como vostede di, nen un acto, o que é un proceso é a auto-determinación".

A hexemonia do nacionalismo

Camilo Nogueira contestoulle brevemente, máis anunciando as posicións do seu partido que entrando directamente na polémica. Referiuse primeiramente a que parece excesivo dicer que como Galiza non ten Estado, non debe ter o presidente a faculdade de disolver o parlamento, pois ademais contémplase na Constitución, e nós o que quixeramos é que "o Presidente galego fose un Xefe do Estado".

Afirmou seguidamente que "non haberá acto singular da auto-determinación se non se consegue modificar a realidade" e que "ter soberania e xefe de Estado, só se conseguirá completando as institucións autonómicas" pondo isto como ponto "diferencial que nos distingue do BNG", para sentenciar seguidamente que "unicamente Galiza terá soberania coa conquista democrática da hexemonia do nacionalismo".

A falta de tempo dos oradores, por máis que X.M. Beiras pedise un segundo turno de intervención, impediu seguramente continuar co debate. □

A.E.

Salto cualitativo nas accións do Exército Guerrilheiro

As bombas colocadas nos autobuses policiais de Compostela e Vigo polo Exército Guerrilheiro representan, sen dúbida, un salto cualitativo importante nas suas accións.

A maioria dos 25 artefactos colocados ao longo dos 13 meses de existéncia do EGPGC, foron silenciadas por fontes policiais e tamén polos meios de comunicación que non lle daban importáncia a estas voladuras de torres eléctricas.

O ataque a pertrechos policiais pareceu alertar ás FOP, que redobraron durante estes dias a vixiáncia das comisarias, producíndose controles en Compostela e facendo pechar alguns *pubs* moito máis cedo.

Desde certos círculos próximos ao poder reclámanse xa explicacións diante do siléncio policial de algo que o ministro Barrionuevo afirmou que desmantelaba en tres dias, ao tempo que peden resultados nas investigacións. En certos ambientes coméntase que a petición de explicacións realizada nestes momentos pode ser o presáxio da posta en marcha dunha operación de envergadura contra o EGPGC.

Afírmase tamén que un dos que dirixe as operacións contra o Exército Guerrilheiro poderia ser o Comisário Rosino; destituído como responsábel da policia viguesa en circunstáncias non moi claras, aos poucos dias da primeira acción do grupo armado.

Rosino, que foi o responsábel da loita contra ETA en Gipuzkoa, permanecia en Vigo un ano despois da sua destitución. □

O descenso de C.G. pode influir na política galega

Eleicións no Valadouro: unhas primárias

As eleicións celebradas o pasado domingo no concello do Valadouro, funcionaron como unha espécie de "test" para os partidos operantes na Galiza.

O trunfo do PSOE, o descenso de CG e a debacle do CDS van influir, sen dúbida nengunha, na política galega. É máis, xa están aportando elementos de análise que poñen nervosos a alguns dirixentes.

O pulso do PSOE e CG era evidente neste concello, ao ser as forzas que se disputaban a alcaldia. Os máximos dirixentes socialistas, con Sánchez Presedo e Ceferino Diaz á cabeza, e de CG con Barreiro, déronse cita para apoiar aos distintos candidatos. O CDS queria facer tamén unha "rentrée" que amosase as suas posibilidades. Cacharro Pardo tamén estaba interesado para asegurarse o deputado provincial.

Afinal o PSOE obtivo 41 votos máis que en Xuño, e AP 292 máis que daquelas, mentres que CG baixou de 584 a 372 votos e o CDS só logrou 42 sufráxios. O PSOE con cinco concellais obtén a maioria simples, AP sube a 4 e CG baixa a 2.

Nerviosismo nas filas coagas

As elaicións anteriores foron impugnadas polos coagas aducindo un fraude no voto por correo. Agora o descenso rexistado enténdese por alguns dirixentes de CG como un fracaso, que queren carregar nas costas de X. Luis Barreiro, que estivo apoiando persoalmente ao candidato.

Este sério revés producese unha semana despois de coñecerse unha nova denúncia xudicial contra o vicepresidente da Xunta. Na casa Franqueira comezan a impacientarse, e os dous meses dados a X. L. Barreiro para solucionar os seus problemas coa xustícia estanse acabando.

Ademais comézase a detectar certa oposición interior, capitaneada por Pablo Padin, que se nega a nomear a Tizón como subdirector da Consellaria de Sanidade, pésie aos requerimentos do político de Forcarei.

Este desconcerto e nervosismo de CG está sendo aproveitado por un PNG que parecia acorralado e que comezou unha política de expansión, con "opas hostís" contra o CDS e mesmamente contra CG.

O problema é que teñen que conviver na Xunta. □

A.E.

Con Giancarlo Parretti e De Benedetti á frente

O capital italiano entra no Estado español da man do PSOE

Os empresários de orixe italiana avanzan por Europa. Tamén no Estado español, con Parretti e Benedetti cos seus grupos financeiros teñen topado un excelente caldo de cultivo. O intento de entrada no grupo Zeta e a urbanización de terreos en Formentera teñen sido alguns dos pasos máis cercanos no tempo. A venda de dous millóns e médio de metros cadrados de terreo da Illa de Formentera —un cinco por cento da sua superfície total— ao grupo financeiro luxemburgués Interpart, presídido por Giancarlo Parretti, por parte de Abel Matutes, comisário europeu e eurodeputado de Alianza Popular, implica e salpica nas suas derivacións ao dirixente socialista Txiki Benegas, cuxas relacións co dirixente aliancista foron silenciadas na prensa nos últimos meses.

Abel Matutes

Xa vai para un ano desde que Abel Matutes vendera ao grupo financeiro luxemburgués Interpart que dirixe G. Parretti, os terreos vendidos son os coñecidos por Can Marroig, Punta Pedrera e S'Estany des Peix, uns dous millóns e médio de metros cadrados dun total de 85 Km² e o investimento previsto de 30.000 millóns de pesetas para construir un complexo de alto *standing* de 10.000 prazas con campos de golf, apartamentos e en definitiva turismo de *élite* con importantísimas consecuéncias ecolóxicas e sociais para unha illa que ten no inverno 4.000 habitantes e que na temporada de verán acada unha povoación boiante de 25/30.000 habitantes.

Formentera ten además importantes necesidades de infraestrutura: a consecución da liña de *ferry*, o problema do abastecimento de água potabel e de saneamento, ampliación do porto, etc. e ao proxecto Interpart oponse non só o axuntamento senón tamén os pequenos empresários de hostelaria da illa que enfrentan o monopólio das Illes por parte de Matutes.

A oposición política na illa é praticamente unánime. Desde o Axuntamento até os partidos PSOE, AP e CDS na illa, e unha ampla mostra de organizacións cidadáns, teñen conformado unha Coordenadora de Entidades Cívicas, calificada por Giancarlo Parretti en *Corriere della Sera* como "un pequeno grupo de ecoloxistas radicais", declaracións respondidas por Francesc Ferrer, da Asociación de Empresários Hoteleiros, "a ver que temos nós de ecoloxistas radicais".

Abel Matutes, auténtico dono da vida económica de Eivissa, xa prevera oposición, e através dunha moción conxunta de AP e Unió Mallorquina apresentada no 1984 no Parlament de les Illes evitara que os terreos agora vendidos fosen incluídos nunha "zona de especial protección".

Parretti e a Internacional Socialista

Parretti é un dos exemplos máis acabados do novo empresariado europeu, ligado ao poder político da social-democrácia. Executivo agresivo, cunha rápida ascensión no mundo das finanzas ten sido procesado xa duas veces por negócios pouco claros. En San Marino acusado de cometer irregularidades nunha ampliación de capital e en Roma foi arrestado en Febreiro do 1987, acusado de extorsión, falsedade e apropriación indebida. Membro do Partido Socialista Italiano e amigo de Bettino Craxi, accionista de *Le Matin*, diário do PS francés, investidor privilexiado e protexido pola administración socialista española, segundo alguns circos introducido através das influéncias de Txiki Benegas, que xa ten sido ligado a operacións pouco claras con Abel Matutes.

Os negócios de Parretti esténdense, co seu sócio Florino Fiorini con control de empresas financeiras en Xenevra e Luxemburgo. Comprou a cadea de hoteis Melià e voltou vendela un semestre despois con 5.000 millóns de pesetas de beneficio. Comprou tamén ao Fondo de Garantia de Depósitos do Estado español a empresa *Renta Imobiliária*, que se ten convertido en centro de todo tipo de operacións especulativas imobiliárias. Entre os homes de confianza de *Renta Imobiliária* figura o Marqués de Mondejar xefe de protocolo da casa real española.

Parreti, a maiores, ten intervida unha empresa denominada *Seasa*, que comprou un importante paquete de accións de Banesto e hai uns meses quixo facerse co control do grupo Zeta (Interviu, Tiempo, El Periódico, Panorama,....) cunha oferta de 4.000 millóns que rexeitou Asénsio, que ten magníficas relacións co PSOE através de Sarasola, o empresário amigo de Felipe González. □

Pianelli e Guerra

A partir da II Guerra Mundial, os partidos socialistas ou socialdemócratas europeus acentuaron o seu papel de defensores do sistema capitalista, na dobre vertente de xestores eficaces e de amortiguadores da loita de clases. O PSOE foi o último en incorporarse a esta tendéncia, pero tomouno con entusiasmo. A influéncia de Parretti nos circos de influéncia de Madrid, como antes nos de Roma e Paris, constitue só o último capítulo, polo de agora, dunha história que comeza xa hai uns cantos anos.

Tamén se poden incluir aqui as relacións pouco aclaradas entre o vice-presidente Alfonso Guerra e o industrial Orfeo Pianelli, destacado membro do PSI, procesado e condenado en Roma por fraude e estafa. O início das dificuldades das empresas de Pianelli en Itália e no Estado español van coincidir con importantes caídas de xefes da méfia, un duro golpe ao narcotráfico mundial —o máis extraordinário negócio actualmente— e o tráfico ilegal de armas. Hai uns anos unha solicitude de investigación no Senado español sobre Pianelli apresentada polo eleito senador catalán Rahola, foi arquivada sen máis explicacións. □

Visita dun representante do Polisário

"Navegar con bandeira marroquina en águas saharauis é converterse en obxectivo militar. Se un barco navega nas nosas águas sen esta enseña estamos dispostos a garantir a sua seguridade". Este critério exposto polo representante a Frente Polisário para o estado español e Portugal, Hach Ahmed, aos representantes de Alianza Popular da Galiza durante a sua visita a Santiago, rectificaba un malentendido histórico orixinado polas agresións a barcos pesqueiros galegos en águas do Sahara Occidental.

Ao longo dunha semana, durante a sua primeira visita á Galiza, o representante da Frente Polisário mantivo entrevistas con dirixentes do PNG, EG BNG, CDS e outras forzas políticas e organizacións xuvenís, asi como con representantes das centrais sindicais CXTG, INTG e CCOO. tamén cambiou impresión con representantes da UXT.

Hach Ahmed foi recebido asimesmo polo Conselleiro de Cultura da Xunta da Galia, Alfredo Conde, polo rector da Universidade Carlos Pajares Vales e por altos cargos da vicepresidéncia do Governo galego e da Consellaria de Educación. Celebrou tamén entrevistas co Alcalde accidental de Vigo e representantes de institucións galegas.

Ademais de pronunciar conferéncias en Vigo, A Coruña, Ferrol e Compostela sobre a situación política diplomática do Sahara baixo ocupación marroquina, Hach Ahmed presidiu a constitución da *Asocación galega de Axuda ao Sahara* e fixo un chamamento aos concellos da Galiza e ás institucións galegas en xeral para que se sumen á iniciativa que permitirá a grupos de nenos saharauis pasar turnos de vacacións na Galiza.

Todas as persoas interesadas en colaborar coa *Asociación Galega de Axuda ao Sahara poden dirixirse á sua sé provisória Garcia Barbón 30-2º esquerda.* □

estado crítico

Tal como eran

XESUS VEGA

Resultaria pretencioso, neste derradeiro "Estado crítico", tratar de facer un balance debidamente sistematizado sobre o "estado" do Estado. Este comentarista era consciente, desde o primeiro artigo, que o Estado español —como fenómeno historicamente determinado— ia sobreviver a esta modesta sección. Permita-se-me, en todo caso, un diagnóstico de síntese sobre a saúde do devandito Estado: non é a Arcádia feliz que pregoan os encarregados da "agit-prop" oficial pero tampouco atravesa unha situación que requira un cambio enérxico nos métodos de dominación.

A pique de cumprir-se vinte anos desde o mítico Maio do 68, a clase política felipista anda a preparar a obrigada comemoración do singular aniversário. Imos asistir á cerimónia beatificadora do suposto pasado revolucionário de ministros, conselleiros e directores xerais ao tempo que escoitaremos falar, explícita ou implicitamente, da liña de continuidade e coeréncia que une a atitude contestatária de onte co labor ministerial de hoxe. Os que podan demostrar que estiveron en Paris ou nas cabeceiras das manifestacións estudantis da epoca procuraran convencer-nos de que a sua militáncia socialdemócrata actual é a versión actualizada da filosofia rupturista que se respiraba no seo daquel movimento. A falta de mellores argumentos acudirán aos vellos tópicos de sempre: "quen aos vinte anos non é revolucionário non ten corazón; quen segue sendo aos cuarenta non ten cabeza".

O labor de mixtificación da história sofre alguns atrancos por mor de certos habitantes do aparello estatal español. É o caso, por exemplo, de José Amedo. Para os que tivemos ocasión de velo actuar directamente nos últimos anos da década dos sesenta non resulta dificil lembrar a imaxe da sua figura chulesca entrando na Faculdade de Económicas da Universidade bilbaína, exibindo provocadoramente unha pistola e retirando con alevosia os habituais carteis propagandísticos. Aquel Amedo aparece, agora, nalguns sumários xudiciais como principal sospeitoso de ter dirixido vários atentados dos GAL. Amedo é unha desas pistas que invalidan a coartada da ruptura co pasado. Amedo é a demostración máis próxima de que a reforma do franquismo conseguiu unir no mesmo destino histórico a policias que nunca abandonaron os seus princípios con alguns dirixentes da xeración do 68 que coñeceron no seu próprio corpo as cualidades deses funcionários do Estado.

Antes de que nos invada o "revival" do "tal como éramos" haberia que pedir unha variación semántica para os titulares periodísticos. Que digan: "Tal como eran". Como eran e como son. Amedo, F. González, Martínez Torres, Abel Caballero. Pérez Touriño, Álvarez Areces... Todos. Uns e outros.

Non podo reprimir un último desexo antes de pór o ponto final a esta sección. Que o Sr. ministro de Transportes se digne explicar a relación existente entre os 100 dias que tardou en chegar a Fisterra e a coñecida consigna do 68 parisino: "sexamos realistas, pidamos o imposíbel". Iso. Sexamos realistas. □

A NOSA TERRA
Nº 336 - 24 DE MARZO DO 1988

A Unión Soviética é un dos países máis multinacionais do mundo. Desde hai máis de seis décadas conviven no seu território máis de cen povos e grupos étnicos. Destes, 52 contan con máis de 100 mil habitantes constituindo un 99.4 por cento da povoación total do país. A Unión Soviética, que en Decembro último cumpliu o seu 65 aniversário, conta con 53 formacións territoriais e nacionais que constituen un 98 por cento do total do país. Deles, 35 son estados nacionais que posuen a sua constitución e cuxas fronteiras no poden mudarse sen o seu consentimento, e 18 formacións nacional-estatais que incluen rexións autónomas e comarcas autónomas. Todo iso garante a igualdade de direitos e contribue a que os povos exerzan o seu direito á auto-determinación no marco dun estado único.

Máis de cen povos diferentes conviven na URSS

A perestroika deixou á vista problemas entre as nacionalidades soviéticas

É natural que sexan moi actuais para a URSS os problemas concernentes á convivéncia internacional. Grácias á permanente atención que o partido dirixente presta a este tema conseguíronse moitos éxitos nesta esfera: foi liquidada a desigualdade nacional própria da Rúsia zarista e asegurada a igualdade de todos os povos e grupos étnicos da URSS, fenómeno que supón que os povos acaden un nível económico e cultural máis ou menos igual. Foi unha tarefa extraordinariamente difícil que se pudo solucionar grácias ao internacionalismo dos traballadores rusos. Os rusos que vivian tamén en condicións económicas difíceis prestaron a sua axuda desinteresada a outros povos para contribuir ao seu desenrolo económico. Por exemplo, a meados dos anos 20, período no que remataba de restaurarse a economia destruída pola guerra civil, a diferéncia que distintas rexións económicas rexistaban en canto á produción bruta *per capita* era de 38 veces. No 1940 este índice non sobrepasaba 4.1 veces. Hoxe xa non se observan este tipo de diferéncias e o nível de vida da povoación é praticamente o mesmo en diferentes zonas do país (a excepción, por suposto, das condicións xeográficas).

As diferéncias nacionais mantéñense

Porén o que a Unión Soviética teña solucionado o problema de relacións entre nacionalidades non quita o que surxan problemas nesta esfera. Hai no noso país quen se inclinan a interpretar a situación configurada na esfera de relacións entre nacionalidades como pretexto para desatender o proceso de desenrolo destas relacións, Estas persoas non queren entender que a solución do problema das nacionalidades supón que foron liquidadas as relacións de desigualdade entre os povos pero que se mantiveron as diferéncias nacionais entre estes. Pero de existir estas diferéncias seguen a existir os específicos intereses nacionais, intereses que requiren ser considerados e atendidos.

Nos anos 60 e 70 existiu unha forma moi específica de enfocar esta esfera delicada. Nesa época soíase calar os fenómenos e tendéncias negativas que se manifestaban nas relacións entre nacionalidades. Mentres que non se deixaba de brindar polo internacionalismo e a amizade entre os povos. En vez de estudar o problema ocultábase. Os fenómenos de estancamento observados nas esferas económica e social contribuian a agravar o problema de relacións entre nacionalidades.

O proceso de transformacións e a democratización transcorridas na sociedade puxeron ao nu vários fenómenos inesperados nesa esfera. Houbo dirixentes de nível local que trataban de aproveitar a política orientada a ampliar os direitos, a iniciativa e a independéncia das repúblicas federadas e autónomas, rexións e comarcas para desenrolar as tendéncias de nepotismo e favoritismo. Alguns dirixentes aproveitaron a confianza e a estimulación da sua xestión económica autónoma, da sua política de cadros autónoma, asi como atención aos cadros nacionais como direito a administrar incontroladamente (desde arriba e desde abaixo) rexións, distritos e ainda repúblicas inteiras.

As terxiversacións da conceición de democratismo e internacionalismo provocaron as arbitrariedades observadas en Uzbequistán, Kirguizia, Kazajstan ou na República autónoma de Bashkiria (que forma parte da federación rusa) e cometidas polos seus ex-dirixentes que se aproveitaron dos seus cargos para conseguir os seus fins de lucro.

Manifestáronse asimesmo alguns outros problemas. A crecente abertura democrática, a crítica de fenómenos de deformación e dos métodos de administración burocráticos ao igual que a revelación doutros defectos provocaron nalgunhas persoas tendéncias separatistas, aspiración a un isolamento no marco do seu grupo étnico. Os elementos extremistas e nacionalistas tratan de transformar os crecentes sentimentos nacionais e patrióticos orientados a eliminar os fenómenos negativos en aspiracións de carácter egoísta. Recorrendo á desinformación e a falsos rumores, dita xente tenta facer desaparecer a conciéncia internacionalista dos traballadores de certas rexións do país.

BRONISLAV ZADARNOVSKI
(candidato
a doctor en História)

OS QUERIDOS ARMÉNIOS DE OCIDENTE

CESAR CUNQUEIRO

É coñecida a complexidade étnica da Unión Soviética, a sua enorme diferenciación lingüística, cultural, relixiosa. Complexidade, tamén, dos asentamentos no espazo xeográfico dos seus diferentes povos, espazos imbricados e que se solapan até a tortura e que se traduz no plano político por unha rica estrutura de repúblicas, rexións e distritos (a máis cativa rexión autónoma acha-se embarazada de distritos autónomos, fan pensar nesas monecas rusas que conteñen outras, sempre máis pequenas) e pola existéncia de fortes minorias nacionais nos diferentes níveis desa xeografia política. Unha memória histórica, ás veces terrível, engade o seu peso, xurdida dunha convivéncia secular nun espazo que comprende unha grande parte de Eurásia, desde o Báltico e Europa Central até o Pacífico.

Cómpre recoñecer que o marco estatal soviético foi e é un factor decisivo na preservación dos constituintes esenciais das nacións que abranxe. Un magnífico logro histórico, non sempre froito dunha evolución rectilínea e non sempre isento de erros e de sombras pero que comeza coa concesión da independéncia a Finlándia por Stalin e amosa hoxe a plenitude plurinacional da URSS. A "pax romana" do estado soviético garante o equilíbrio xeopolítico de povos da máis diversa magnitude e de diferenciadas problemáticas, facendo deles un conxunto coerente ao tempo que os protexe das ambicións dos viciños, moitos dos cales non son precisamente un modelo no respeito ás realidades plurinacionais e ás minorias nacionais dos seus estados. Lembremos o xenocídio dos arménios polos turcos, as ambicións do nacionalismo turco ("a pátria dos Turcos non é Turquia nen o Turquestán senón un imenso território, o Turán", quer dicer, a banda turcófana da Unión, desde o Cáucaso até o Ártico).

Recoñecida plenamente a lexitimidade das nacións na Unión, abandonadas certas ideias da época briesnevriana sobre a desaparición das nacións e sobre a sua fusión nunha nación soviética, sen embargo non é sempre doada e harmoniosa esa convivéncia de nacións tan diferentes e ás veces xurden conflitos que poden acadar unha grande intensidade.

Exemplos recentes son os dos países baltos, os do Kazastán, os do Cáucaso.

E, se como xa teño escrito neste semanário, o estado soviético é un factor esencial de paz e de equilíbrio no continente euro-asiático e a sua evolución non pode ser considerada illadamente da dos povos européus, nunha fecunda interacción que presupón o fin da política de blocos en Europa, tales conflitos son vistos con preocupación por todos aqueles que traballan pola paz e pola cooperación entre os povos e que consideran prioritária a construción dun marco de relacións internacionais que garanta a estabilidade da Unión Soviética e crie condicións sempre máis favorábeis para a desaparizón dos conflitos expresados.

Non obstante, é típica a reacción dos políticos e dos meios de comunicación de Ocidente diante das dificuldades na convivéncia dos povos da URSS. E mesmo se non hai conflitos son imaxinados no futuro. Botan as contas da leiteira sobre os dados demográficos soviéticos, que ledicia se os eslavos teñen menos fillos que os turcos, se os musulmáns serán cen millóns na URSS no ano dous mil, se os arménios, os cazacos ou os letóns causan dificuldades ao poder soviético. No fondo xaz o desexo do esnaquizamento da Unión, cobiza-se o fin da URSS, "O império esnaquizado" é o título dun livro famoso.

> "AOS MEIOS 'OCCIDENTAIS' NON LLES IMPORTAN AS NACIÓNS DA **URSS** SENON COMO FACTOR DO SEU DEBILITAMENTO"

Ocidente: Un puro conceito ideolóxico. Del forman parte ouh milagre da livre empresa! Taiwan, Xapón e Sul Corea. E son precisamente eses estados "ocidentais" incapaces de asimilaren aos negros e aos hispanos ou á emigración norte-africana ou turca, defensores do monolingüísmo e do centralismo, sen respeito á pluralidade multinacional de moitos deles, que ás suas minorias as teñen en reservas (os Sioux na URSS terian direito a unha república ou a unha rexión autónoma) ou que lles fan aprender unha história allea ("os nosos devanceiros os galos", que recitaba o neno africano) é precisamente ese Ocidente o que conta con satisfacción os mortos do Cáucaso ou a fecundidade das parellas eslavas. A eses políticos e a eses meios "ocidentais" non lles importan as nacións da URSS senón como factor do seu debilitamento. Que eses povos logo de "desfeito o império" sexan presa doada de conflitos xeralizados ou caian nas gadoupas dos veciños é secundário. E ao mellor é un espácio a gañar polo inglés, polo dólar e pola cocacola. A mesma expresión "Europa até os Urais" traduz ese desexo de amputación da URSS porque, pergunto eu, que pasa co território desde os Urais ao Pacífico? Ou será entregado nun fideicomiso civilizador a ese Ocidente que desde 1917 teima na destrución da URSS e que pensou acadar co ataque nazi de 1941.

A sim-patia profunda pola Unión Soviética xurde da convición dun comun destino dos povos do continente (en sentido xeo-político) euroasiático. Entre eles atopamo-nos os européus que descobrimos o noso futuro, non nese conceito imperialista e ideolóxico de Ocidente, senón no noso esencial componente euroasiático que nos vencella a unha imensa teoria de povos mergullados nunha história comun desde a noite dos tempos, história que hoxe pasa polo desmantelamento da política de blocos e pola converxéncia no continente, pacífica e harmoniosa, de nacións plenamente emancipadas que tecen conxuntamente un porvir feito de felices intercámbios, de recíprocas influéncias, de aportacións singulares dos povos euroasiáticos. □

O Concello de Fene non recebiu resposta á sua oferta de terreos para unha fábrica de vidros

Sindicatos nacionalistas e estatais dispútanse a hexemonia en Astano

O movimento sindical galego ten nestes primeiros meses do ano, o ponto de mira nunha grande empresa da ria de Ferrol, que noutrora chegara a empregar a perto de dez mil traballadores, e que hoxe conta cunha plantilla de en activo de 2.200 operários. En Astano debátense distintas conceicións sindicais en torno ás mesas de negociación que se deben defender, e aos contidos a tratar neses contactos.

As discrepáncias no estaleiro de Astano separan aos sindicatos nacionalistas dos estatais. Sairon á luz pública nos primeiros dias do mes de Febreiro, despois de que Comisións Obreiras entrara na comisión de seguimento da reconversión, pero veu motivada nun primeiro momento polo carácter da mobilizacións. Era o dous de Febreiro, ás oito da mañá na habitual asamblea de excedentes e regulados. O presidente do comité de empresa, Esteban Vázquez, subiuse á vella mesa de traballo que fai ás veces de púlpito sindical e afirmou que ese dia non ia haber mobilizacións porque as centrais sindicais non chegaran a un acordo. Acto seguido tomou a palabra o secretário do comité, Emílio Salorio, (CXTG) quen desmintiu as afirmacións de Esteban, indicando que si habia mobilización acordada, e que esta consistía en realizar unha marcha a Ferrol, coa maquinária pesada do estaleiro, tal como se fixera no ano 84. Salorio manifestaba que esa mobilización estaba xa fixada pero que Comisións Obreiras botárase para atrás a primeiras horas da mañá, afirmado que esa "mobilización dura" deberia agardar a que se coñeceran os resultados da comisión de seguimento da reconversión que na tarde anterior se celebrara en Madrid.

Teoría das duas tazas

A saida coa maquinária foi a faísca que fixo prender o lume, pero o descontento dos nacionalistas viña xa do momento mesmo da entrada de Comisións Obreiras na comisión de seguimento da reconversión, pois na mesma solicitude de entrada afirmase textualmente: *"CCOO después de una lectura del anexo II del acta 44 de la Comisión de Seguimento contrastada con un análisis concreto de las diversas situaciones que concurren en el sector de la C. Naval, manifiesta su firme voluntad de avanzar en el objetivo de conseguir un sector equilibrado industrialmente, solvente economicamente y consolidado desde el punto de vista del empleo"*. O mencionado anexo II da acta 44, recolle nas suas liñas toda a política de reconversión deseñada no ano 84, polo que os sindicatos nacionalistas acusan a Comisións de ter aceitado as medidas ás que se opuxo no ano mencionado. Segundo o dirixente da CXTG Xosé Diaz, ao non querer CCOO unha taza, o Ministério fíxolle tragar con duas.

Mentres, os dirixentes de Comisións de Astano aseguran que eles non renúncian a estar en nengunha mesa negociadora, e negan que para entrar nesa Comisión de Seguimento aceitaran a reconversión.

Futuro industrial ou cobertura das vacantes

Pero as discrepáncias non se reducen á preséncia nun ou noutro foro negociador, pois a INTG e a CXTG insisten en que o crucial para Astano é defender a sua volta á construción de buques á vista da crecente demanda mundial, e non negociar o tanto por cento de repesca de excedentes para compensar as baixas producidas por pre-xubilacións. Noutras palabras, trataríase de negociar o futuro industrial da factoria, para garantir o traballo do volume total dos traballadores, ou abocar a Astano a un peche a curto ou médio prazo.

Todas as centrais sindicais presentes en Astano, aprobaron un documento no que se esixe a volta á construción de buques, e os próprios membros de CCOO aseguran que continuan a defender ese futuro industrial, e que non asinarán nada que vaia en contra dese acordo do conxunto do comité de empresa.

Algunhas fontes relacionan a entrada de CCOO na comisión de seguimento, co cámbio producido na federación do metal deste sindicato a finais do pasado ano, cando o sector denominado por aquel enton "xerardista" arrebatoulle aos "carrillistas" o control da federación do metal do sindicato, situando á frente a Ignácio Fernández Toxo. Pero o dirixente "derrotado" Juan Ignacio Marín nega este extremo, e afirma que a nova maioría aceitou todos os postulados defendidos anteriormente polos do Partido dos Traballadores.

Fábrica de Vidro, ou do Papel?

As diferéncias entre sindicatos nacionalistas e estatais tamén xurden á hora de falar desa factoria de vidro que anúncian, dia si dia tamén, os diferentes voceiros gubernamentais.

Ainda sen un pronunciamento claro, tanto Comisións Obreiras como UGT parecen apoiar a instalación dea factoria en terreos do mesmo Astano, por entender que a mesma non implicaria nengunha traba para o proceso produtivo do estaleiro. O dirixente da INTG Francisco Allegue, chegou a falar nunha asamblea que este apoio poderia vir dado por vinculacións do Partido Comunista Italiano coa Sociedade Italiana do Vidro.

Especulacións aparte, os sindicatos nacionalistas temen que a hipotética instalación desa factoría supoña un primeiro paso na venda por parcelas de Astano. Dicia Emílio Salorio, da CXTG, que a intención era cambiar unha factoria de 4.000 traballadores por outra de 400.

Mentres, o Concello de Fene, con maioria do BNG, non quedou calado, e xa ofertou terreos alternativos para a instalación industrial fóra das dependéncias de Astano, sen que o ofrecimento tivera polo momento resposta algunha.

Pero fontes cercanas aos contactos galegos da Sociedade Italiana do Vidro, aseguraron que a factoria non se instalaria en Fene, e especularon coa posibilidade de que se estexa instrumentalizando esta posibilidade para dalgun xeito, frear as mobilizacións dos traballadores de Astano. Nos últimos tres anos falouse reiteradamente dunha fábrica de ordenadores (Coingasa), de vivendas prefabricadas (Euroinde) e doutras moitas pero ao final, todas elas resultaron ser de papel. □

E.S.

Manel

ATRACCIÓN FATAL

Saía eu de ver a reaccionária película norteamericana cuxo título encabeza estas liñas, e quedeime matinando cos paralelismos que se poderian facer relacionando esas duas palabras coa vida sinical dos últimos meses na Galiza e en todo o Estado español.

De "atracción fatal" se poderia calificar a maridaxe que viven os sindicatos CCOO e UGT, ainda que pondo o acento no seundo termo, pola consecuéncias funestas que para os traballadores vai traguer. A hora de examinar as suas causas, ademais de ter en conta a histórica e natural atracción que os dirixentes do CPE sofreron polas "bses obreiras do PSOE" haberia que valorar a sua ilusión por introducir nas filas socialistas a máis mínima discrepáncia, ainda que sexa a costa de renunciar aos princípios próprios.

Pero non é menos verdade que esta "atracción" provocou xa consecuéncias fatais para os protagonistas do cándido enamoramento. Así o resultado do referendo da Banca, as mesmas eleicións sindicais no ensino e na función pública, ou a contestación da política das centrais estatais en Astano ou Euskalduna, son indícios que poden indicar un fito no movimento sindical do estado, e que quizá supoñan o comezo dun declive ao que non poderian sustraerse as centrais maioritárias.

De "atracción fatal" poderia calificarse, tamén, as relacións que ultimamente manteñen os dous sindicatos nacionalistas (INTG e CXTG) ainda que neste caso pondo o acento no primeiro dos termos.

A finais do ano 86, e respondendo á pergunta dun locutor radiofónico, un voceiro da CXTG de Astano afirmaba que se os nacionalistas acudisen unidos ás eleicións, serian a primeira central da Galiza. Hoxe en Astano os traballadores reclaman a unidade da INTG e da CXTG, para contar cun sindicato forte co que oporse á política de renúncia á defensa da indústria galega, que outras centrais levan á práctica en aras dunha solidariedade mal entendida, onde sempre leva todas as de perder Galiza. □

Con paralización case total

Primeira folga na Administración autonómica

Os dias 18 e 22 de marzo tivo lugar unha folga histórica na Galiza ao parar por primeira vez a case totalidade dos traballadores da Administración autonómica convocados pola INTG, CXTG, CCOO e AFIGA, mentres que UGT retirábase uns dias antes do paro e a CSIF opúñase.

A Xunta da Galiza é unha das poucas administracións autonómicas do estado nas que inda hoxe no se conta cunha lei que serva para organizar e estruturar a Función Pública. Este feito trai consigo un gran valeiro legal que, segundo as centrais convocantes da folga dos dias 18 e 22 de Marzo, utilízase para sustentar actos subxectivos e arbitrários, que leva ademais a inestabilidade no posto de traballo, a inexisténcia de carreira administrativa, a falta de gran parte de mobilidade para gran parte do colectivo, a inxeréncia de organismos de participación dos traballadores.

Consideran INTG, CXTG, CCOO e AFIGA que "falta unha norma básica que garanta os direitos dos traballadores" e na que a Administración ten que basear os seus actos, polo que reclaman a aprobación dunha lei da Función Pública, ainda que se mostran contrários ao proxecto que actualmente tramita o parlamento porque non recolle as "mínimas reivindicacións básicas dos traballadores".

Eses pontos mínimos son os que reivindican na convocatória da folga:

Recoñecimento do direito de negociación colectiva, que se concretaria anualmente nunha negociación coa Administración, prévia remisión ao Parlamento do proxecto de orzamento; estabilidade no emprego, regulando de xeito minucioso as interinidades e arbitrando as medidas oportunas para integrar na Función Pública que nestes momentos está con contrato administrativo interino e que garantindo a sua estabilidade non leve consigo situación de privilexio ou discriminación.

Tamén reclaman os sindicatos que se coordene a oferta de emprego a todas as administracións públicas, ademais de esixir un sistema retributivo racional e xusto que recoñeza como princípios o de mantimento do poder adquisitivo de salários e pensións.

Entre os pontos reclamados están tamén a criación dunha Escola da Administración Pública e articulación dunha verdadeira carreira administrativa, eliminando a libre designación até o nível 28 inclusive. Asimesmo pronúncianse pola incorporación plena do idioma galego á Función Pública.

Paralización case total

Baixo estes presupostos a paralización dos servícios administrativos foi case total, pésie a que, segundo denúncias feitas pola INTG, persoas como o Secretário Xeral Técnico da Presidéncia, Pedro Rey, exerceu presións dirixidas a evitar qu o persoal o seu departamento se sumase á folga.

O Comité de Folga considera que Pedro Rey coartou un dos direito fundamentais, que é o direito á folga, polo que decidiron apresentar unha querella criminal por este feito.

Pola sua banda a Administración acusaba ás centrais convocants de non respeitar os servícios mínimos.

Xan Carlos Rodríguez, representante da INTG, manifestou ao respeito que eles pedíronlle á Administración que decretara os Servícios mínimos cando solicitaron a convocatória de folga, "pero negáronse a estabelecelos pois non querian saber nada desta mobilización, polo tanto, se non se cumpriron ditos servícios a responsabilidade é exclusivamente da Administración". □

A NOSA TERRA
Nº 336 - 24 DE MARZO DO 1988

crónica laboral

A crise transferida á Galiza

En só dous anos a economia galega perdeu 2.2 pontos a respeito da estatal

XOSÉ BÁRCIA

O mesmo Conselleiro de Economia da Xunta da Galiza recoñecia durante o debate dos Orzamentos, que a Galiza estaba quedando atrás. Facia esta reflexión logo de indicar que durante 1987 a economia galega medrou no 4,1% e a do estado nun 5% (as últimas estimacións falan dun 5,2%). O medre pode parecer significativo, máxime se o comparamos con anos anteriores.

Na Galiza, no período de 1979 a 1983 o PIB (Produto Interior Bruto) medrou nun 1,9% grácias ao crecimento do sector servicios, pero o PNB (Produto Nacional Bruto) faciao no 0% e a renda galega por habitante disminuia nese tempo no 0,5% como média anual. O que poderíamos chamar un periodo negro que, non casualmente coincide co desmantelamento industrial, o medre do paro, etc. (dados obtidos de "Renda nacional de España", Banco de Bilbao).

Orabén, as cifras dadas polo Conselleiro, non só se deben comparar cos anos anteriores, senón tamén coa situación económica do noso entorno. Asi é que, en só dous anos, 1986 e 1987, a economia galega perdeu 2,2 pontos á respeito da média estatal (en 1986 Galiza 1,9% e o Estado o 3%). Ademais, a renda por traballador ocupado na Galiza era do 67,7% en 1983 a respeito da média do Estado. Agora esta claro que é máis baixa.

Ademais o medre económico neste último periodo esta moi vencellado aos grandes investimentos non produtivos, concretamente en infraestrutura (estradas, portos, etc.), polo que vai ser moi difícil manter este aumento nos próximos anos. A situación de Madrid, Barcelona, Valéncia, Andalucia, etc. é moi distinta xa que hai grandes investimentos na actividade industrial, cun evidente efecto multiplicador.

O PSOE, agora tamén á frente da Xunta, ten unha responsabilidade total nesta perda de peso económico por parte da Galiza. E algunhas medidas que tivo que por en prática, para mellor disfarzar a transferéncia da crise das zonas industriais á periféria (e claro está, prioritariamente á Galiza), demostráronse, como non podia ser doutro xeito, ineficaces (ZUR, etc.); xa que, na realidade, estábase apostando por pechar empresas economicamente rendábeis (ASTANO, SIDEGASA, etc.) e mesmo por trasladar outras, como ENFERSA, ou decapitar calquer desenvolvimento nos sectores máis dinámicos e de base (carne, leite, etc.).

(pasa á páxina 23)

Acusacións de connivéncia político-xudicial

O comité de empresa de Alúmina pagou os pratos rotos do *Cason*

X. Marra

O Comité de Empresa de Alumina-Aluminio pagou os pratos rotos do *Cason* ao declarar a Maxistratura número 2 de Lugo que os despidos foron procedentes,desestimando o recurso interposto polos 23 traballadores e sentenciando además que quedan estinguidos os contratos de traballo e non ha lugar a indenizacións nen a soldos de tramitación. Este fallo da Maxistratura, o primeiro que no Estado español despide a un Comité de Empresa, é considerado polos sindicatos como "un atentado á crase obreira", mentras que os traballadores fan un chamamento a todos os asalariados para que mostren a sua solidaridade.

Tanta sorpresa como causou o auto en si, fixoo o anúncio do mesmo. O Maxistrado Ricardo Ron Curiel manifestara un dia antes, nunha improvisada roda de prensa que ainda non tiña decidido nada e que cando o fixese xa os convocaria, polo que lles pediu que lles deixasen os seus teléfonos ao segredário. O mesmo lles dixo a noite anterior aos representantes do Comité. Pero o Maxistrado Ron Curiel parecia ter tanta presa en dictar a senténcia que o fixo escasas horas despois, exactamente doce, de que o Presidente do Colexio de Psicólogos compostelano se desprazase a Lugo para firmar o seu informe testifical.

As 9,3O da mañán do dia 23 de Marzo, Mércores, soaban os teléfonos dos xornalistas lugueses convocándoos á Maxistratura de Traballo Número 2. Horas antes tiñase anunciado o peche patronal de Astano e, poucos minutos despois rompianse as negociacións entre empresa e traballadores de Sidegasa.

Esta senténcia, feita con " noturnidade e alevosia", segun un representante de CC.OO., non permitiu que os afectados estiveran sequer presentes na leitura da senténcia, pois en média hora é imposibel desprazarse dende A Mariña até a capital da provincia. parece ser que esta forma de dala a coñocer á opinión pública, débese a "indicacións politicas", coñocedores xa da senténcia e temendo algún tipo de protesta.

O Maxistrado Ron Curiel leu a senténcia con voz temblorosa e evidente nerviosismo: "desestimo o recurso e quedan estinguidos os contratos de traballo dos 23 membros do Comité de Empresa como responsábeis da paralizacióhn das cubas electrolíticas", que caeu como un mazazo non só entre os 23 membros despedidos senón entre todos os traballadores e lugueses en xeral.

Todos os presentes coincidian en afirmar que era un "atentado político á crase obreira galega en particular e a de todo o estado en xeral"

O Presidente do Comité de Empresa, Anxel Perez (UGT), afirmou dende un primeiro momento que non comenzarian nengunha acción de protesta ao tempo que anunciaba a interposición dun Recurso de Casación no Tribunal Supremo.

Unha senténcia pactada?

Militantes socialistas cualificados comentaban que no seu partido xa se tiña conocimento de cal ia seriñan asegurado de Madrid que o fallo ia ser de signo contrário ao actual, que, todo hai que dicelo, contrasta no fondo, na forma e até na posta en cea, co auto dictado pola Maxistratura Número I favorable aos 111 despedidos,que foron declarados radicalmente nulos.

Pola sua banda os veciños da Costa Luguesa estaban tan "aplanados", en palabras do noso corresponsal na Mariña, Hernan Naval, que nin xiquera facian comentarios da sentencia. Parecia que todos esperaban a que4 se pronunciasen os sindicatos e o Comité. Esta actitude contrasta vivamente coa producida quince dias antes donde a festa foi xeral.

Quen se mostraban exultantes e contentos foron os representantes empresariais, que si estaban presentes. Asi o advogado Xosé Antonio Salgado afirmaba que eles estaban plenamente convencidos de que o fallo lles ia ser favorable, afirmando además que se tiña adaptado plenamente á tese empresarial.

Membros do Goberno Español mostraban asimesmo a sua ledícia por un fallo que viña salvar de momento, polo menos cara unha parte da opinión pública, a sua actuación política. O Ministro Croissier realizaba unhas declaracións que aparecian o mesmo dia de darse a coñocer a senténcia na primeira páxina de "El Progreso" nas que afirmaba que habia que condenar ao Comité porque eran os responsábeis únicos do sucedido. Só premonición e defensa dos propio interés?.

O comité de empresa espera solidaridade

Antón Casal, membro do Comité de Empresa, manifestoulle a A NOSA TERRA, unha vez rematada a reunión mantida polos representantes dos traballadores para estudar a senténcia, que esperan ver cal vai ser a reacción dos sindicatos para decidir que camiño van seguir, afirmando que "este non só é un problema de 23 traballadores, senón de toda a crase obreira da nación e do estado", polo que realizou un chamamento "a todos os traballadores para que mostren a sua solidaridade" afirmando que o resultado final e tamén as accións que leve o Comité, van depender do apoio que teñan.

No referente á sentencia en si, Antón Casal afirmou que "os argumentos son os mesmos que os portavoces do goberrno viñeron empregando sempre".

Pola sua banda Manoel Mera, Segredario Xeral da INTG, manifestoulle a A NO'SA TERRA que eles non creen que o recurso ao Tribunal Supremo vaia ser a única via a seguir, nen sequer a máis efectiva, senón que van ser imprescindíbeis as mobilizacións para obrigar á empresa a que readmita aos delegados. Denúncia tamén o lider sindical o que na senténcia dictada por Ron Curiel non aparezan para nada os verdadeiros culpabeis como son o Gobernador Civil ou o Delegado do Goberno, asi como determinados ministros.

No que concerne á senténcia en sí calificouna como moi negativa para o conxunto da crase obreira, afirmando que ten como finalidade única o buscar chivos expiatórios con dous obxectivos craros:"cobrar os I6 mil millóns dos seguros e amordazar á crase obreira para que non continue coas suas reivindicacións".

USO fai fincapé na sua valoración no enorme contrasentido existente entre esta senténcia e a anterior, afirmando tamén que é un "atentado á garantia sindical, propiciando a inseguridade xuridica dos representantes dos traballadores aos que, de aqui en adiante as empresas poderán desfacerse deles como millor lles pareza". Anunciaron tamén que quedan abertas "espectativas de movilizacións".

Comisions Obreiras coicide cos demáis sindicatos ao calificar a sentencia como "sumamente grave para todo o conxunto de traballadores" e, ao tempo que anuncia mobilizacións alerta "a toda a crase obreira do estado, pois de consumarse esta senténcia os delegados sindicais van quedar sen nengunha garantia xuridica".

Afirman tamén que parece haber unha crara implicación politica na sentencia, "que máis parece de Croissier que dun maxistrado, xa que está en total consonancia co pretendida reforma da lei de folga".

UGT valorará a sentencia "despois de estudala permenorizada e concienzudamente",ainda que tamén se mostran contrários.

A senténcia non di se houbo folga ou non

A senténcia recoñece que existio trasgresión da boa fe contractual, polo que considera que os despidos son legais,ainda que non chega a declarar a existencia de folga legal ou ilegal. Limitándose a falar de "inatividade labroal inxustificada".Entra eso si a definir o dereito de folga,referindose tamén aos servicios minimos.

Distingue entre antes do abandono do Galerno do peirao e despois. Para o Maxistrado Ron antes houbo un pacto coa empresa, pero logo de cargar os bidóns, esquece que o buque *Galerno* ainda estaba na bocana do porto. O único fundamento que pudo existir para que permanecesen na sua actitude era o abono das horas non traballadas. Asi mesmo entrar a valorar o intento de "usurpación de funcións" acusando aos 23 membros do comité de coaccións aos traballadores, que nen demostra nen quedou para nada patente na vista oral.

Como decia Manoel Mera:"as leises están feitas segundo a necesidade do capital". □

A.E.

ENSINO

UNHA FOLGA "IMPOPULAR"

A folga convocada no ensino os dias 9, 10, 16 e 17 de Marzo por todas as centrais sindicais tivo unha resposta valorada polas distintas fontes como masiva, se ben resultaria dificil precisar a incidencia de cada unha das convocatorias realizadas por separado por cenrais estatais e nacionalistas. A perda progresiva de poder adquisitivo nos últimos anos, asi como a defensa dun corpo único de ensinantes este último ponto reivindicado exclusivamente polas centrais de ambito galego foron alguns dos motivos desencadeantes da folga.

ENRIQUE TELLO

As folgas convocadas por diferentes organizacións sindicais no ensino non universitário durante o mes de Marzo, foron –segundo a própria valoración oficial– masivamente secundadas polo profesorado. Tan unánime protesta veu confirmar con notória evidéncia o descontento dos ensinantes coa política educativa do governo e moi especialmente co seu sistema retributivo.

Durante os últimos anos a discriminación retributiva dos docentes con relación a outros funcionários-profisionais da mesma categoria e a conseguinte perda do poder adquisitivo dos nosos salários, son feitos vital e matematicamente verificábeis que óbvian calquer discusión neste sentido. A xerarquización en categorias económicas e administrativas é algo que a imensa maioria do profesorado rexeita por entender que a docéncia é un traballo onde a función que se desempeña é facilmente homologábel para todo o colectivo. O deterioro do ensino público é tan alarmante que xa resulta difícil ver con esperanza a saída do túnel no que se topa.

Sen embargo, faltou tempo para que o M.E.C. descalificase a nosa folga por "economicista", botando enriba do profesorado a unha opinión pública que —por certo— non necesita de especial motivación para facé-lo. Desta maneira, o noso teórico valedor contribue máis unha vez, e intencionadamente, a deteriorar a imaxe dun profesorado que socialmente apenas merece consideración. As lóxicas incomodidades provocadas pola folga agudizan o sentimento xeralizado de que os profesores somos causa principal da degradación do ensino e suscitan toda caste de comparacións entre a xenerosidade dos nosos salários, o esforzo que facemos e o tempo que traballamos.

Resulta paradóxico e lamentábel que nen sequer a Administración considere a condición laboral da nosa profisión descalificando groseiramente unha das reivindicacións básicas de todo colectivo laboral. Para o M.E.C. —e para o resto da sociedade— a nosa profisión non é un traballo senón unha VOCACIÓN que esixe un alto grau de masoquismo incompatíbel con calquer pretensión material compensatória.

De nada parece servir que teñamos perdido un 23,5% de poder adquisitivo nos últimos anos. Non importa que a xubilación sexa dramaticamente agardada coa incertidume própria dunha situación de supervivéncia. É aleatório que tratemos de tér coberta a nosa responsabilidade civil ante un acidente fortuíto en lugares donde conviven mil rapaces entre 4 e 18 anos. Non é fundamental que pretendamos ter un traballo estábel nen un destino que nos permita acougar. Todo isto debe ser vivido con resignación franciscana para dar cumprimento ao sentido histórico e vocacional do exercício docente.

Postas asi as cousas, talvez a Administración deberia controlar ainda máis o seu despilfarro económico en matéria educativa, imaxinando medidas correctoras que reducisen o gasto público en educación. Un uniforme para profesores, por exemplo, reduciria drásticamente a necesidade dun gasto en vestuário. Un "rancho more militari" no centro de traballo, seria medida conveniente para reducir os gastos de alimentación. A institucionalización das horas extras, permitiria sen dúbida un mellor aproveitamento dos Centros de ensino e apurar ao máximo a capacidade do profesorado. Se fose o caso, tamén as aulas desertas poderian-se acondicionar como dormitórios que fomentarian unha relación interdisciplinar interesante. Chegados aqui... para que un salário?

Resulta óbvio que as nosas folgas —como as nosas vacacións (ou quizá por iso)— son impopulares. Pero resulta tremendamente sospeitoso que só se apele á responsabilidade social dos profesores cando pretendemos reivindicar desta obrigada maneira os nosos direitos laborais e profisionais. O feito de que esta responsabilidade teña que ser dignamente compensada, xa é unha cuestión bastante mais discutíbel.

ENRIQUE TELLO é secretário xeral da UTEG-INTG

SOPA DE LETRAS NO ENSINO MÉDIO

DUARTE CORREA

Unha mañá abres o xornal e les que hai unha convocatória de folga no Ensino Médio feita por unha organización; ao cabo de tres dias no rádio soltan que outras siglas convocan nova folga, e asi até chegar a cinco ou seis grupos distintos. Que pasa no ensino médio?

Despois dun curso 86/87 no que os estudantes éramos primeira plana e as pancartas enchian as ruas chegamos a hoxe, e a xente non se inteira de quén é quén.

O certo é que se pasou de existir unha só organización estudantil, ERGA, a atoparmo-nos con bastantes máis siglas, polo que hoxe podemos dividir aos actuantes no EM na Galiza en tres correntes:

a) Os grupos que representan directamente ao poder e foron alentados por este tentando ter ben controlado o movimento estudantil. Aqui é de destacar o caso da FAXEG liderada polo polémico David Balsa, este grupo só ten preséncia real na cidade de A Coruña e basea a sua actuación nos meios de comunicación pondo en todas partes ao seu líder xa que este é un tipo moi preparado, con formación da escola das Juventudes Socialistas. Frente á FAXEG pero na sua mesma liña política aparece a AEPG que só ten preséncia nalgunhas faculdades santiaguesas e aparece no EM simplesmente como sigla.

b) O Sindicato de Estudantes, grupo ligado ao periódico *Nueva Claridad* e aos *Jóvenes por el Socialismo*. Teñen maior preséncia que os anteriores grácias á sua importante intra-estrutura (cartos, liberados, etc.) e hoxe tentan recuperar a forza que tiveron no estado usando para iso Galiza como trampolín. Nas suas actuacións son contraditórios (os seus militantes pediron nas municipais o voto para o PSOE) e amosan ás claras que os seus pontos son traídos de fóra descoñecendo as nosas realidades, chegando incluso a propostas demagóxicas (Universidade-Sul, clases en galego para quen as queira, etc.)

c) A Plataforma Aberta de Estudantes Galegos na que traballan ERGA, a chamada esquerda radical e os independentes. Esta organización que se auto-define asembleária diferéncia-se das anteriores en que nasceu na Galiza e neste curso, frente á dinámica de Folgas Xerais periódicas propugnada polos outros, dedica os seus esforzos ao traballo de base impulsando a criación de Comités de EM e facendo unha análise e explicación do significado da Reforma do Ensino apresentada polo Ministério. Ainda que tamén dá respostas contundentes cando se precisan, como é o caso da mobilización do 26 de Fevreiro contra os xuízos dos estudantes vigueses, mobilización que xuntou a 400 estudantes na Audiéncia de Pontevedra e foi a máis grande que se deu neste ano.

No que resta de curso vai ser moi difícil mover á xente pois está cansa debido ás folgas-vacación convocadas por alguns e á represión dirixida contra nós polas autoridades que o dia quince voltou zoupar-nos detendo a dous compañeiros cando rematabamos unha manifestación en Vigo.

Agora todo depende da Folga Xeral contra a Represión convocada para o 23; o seu resultado dirá-nos se o estudantado está preparado para se enfrentar á Reforma do Ensino Médio (á que nunca se refiren a FAXEG e o Sindicato de Estudiantes) que é o noso principal inimigo e frente á cal non nos van servir de nada os acordos asinados entre a Consellaria e algunhas asociacións. O que nos queda é xuntar todas as forzas para enfrentarmo-nos á tolémia "europeizante" do PsoE que tenta trasladar ao ensino o que fixo cos nosos estaleiros e está a facer co resto da nosa economia. □

Duarte Correa Piñeiro é Secretário Nacional de Organización de E.R.G.A.

Esixen a dimisión dos responsábeis do *Cason*

A paz de cerca de dous mil manifestantes que pedian responsabilidades polo *acidente do Cason*, convocados por ADEGA e a CNOP, na Coruña, perturbada pola Policia que teimou en filmar aos manifestantes sen nengun recato.

Ao chegar á sede do Governo Civil un policia, cámara en ristre, rexistaba e almacenaba en video as imaxes dos manifestantes, suspndendo a "rodaxe" ao ser rodeado pola cabeza da manifestación. O feito susccitou críticas os manifestantes e o recriminamento do parlamentário do BNG, Xosé Manuel Beiras, ao oficial que mandaba as forzas. Despois o próprio X.M. Beiras acudiria á Xefatura Superior de Policia manifestándolle ao seu titular, Rodríguez Carballo, que tomou posesión hai escasas semanas, a sua indignación polo suceso. O mando policial calificaria a filmación de "improcedente" e "inoportuna", excusándose diante do parlamentário, que anunciou a presentación dunha iniciativa parlamntária para clarificar o incidente que, por outra banda, xa non é novo.

Ao final a manifestación o presidente de ADEGA, Ramón Varela, leu un comunicado no que responsabilizou aos governos central e autonómico dos custes ecolóxicos e sócio-económicos provocados polo fundimnto do *Cason*, pondo especial énfase na ineficácia e escurantismo das Administracións e pedindo responsabilidades e demisións.

Antes xa fixeran unha parada diante da Comandáncia de Mariña, onde esixiron tamén responsabilidades. □

Controla que algo queda

O Governo, e a sua policia, teñen a teima de considerar "delincuentes" a todos aqueles que se opoñen aos seus plans ou protestan pola sua inoperáncia; até o ponto de converterse, cada dia máis, nun estado policial.

A prática de filmar determinadas manifestacións ou sacar fotos, non é nova, sobretodo en A Coruña, pero antes facíano sen tanto descaro, ou se escondian os fotógrafos ou contrataban videos comerciais que até se permitian o "luxo" de entrevistar aos líderes políticos como ocorreu nunha manifestación contra a extradición dos patriotas bascos.

Esas fotos ou grabacións son despois utilizadas, cando é detida algunhas destas persoas, como elemento acusador.

Os nacionalistas, para o Estado, son, de facto, persoas fóra da lei como se constata repetidamente e, o intento de "controlalos" acrescéntase en épocas conflitivas. Un control que, nun determinado momento pode dar paso á represión como xa ten ocorrido outras veces.

B. LAXE

ERGA legalizada tras quince anos de existéncia

A Dirección Xeral de Política Interior do Ministério do Interior ven de respostar afirmativamente aos trámites de legalización da organización estudantil nacionalista Estudantes Revolucionários Galegos (ERGA), colectivos de maior raigame no terreo educativo e que fundado en Outubro de 1972 é xa un dos grupos nacionalistas con máis antigüidade. Dela formaron parte moitos dos líderes actuais do nacionalismo e mesmo doutras organizacións políticas.

Os trámites para a legalización foran levados a cabo en várias ocasións, sen que até agora tivesen dado resultado positivo. Os impedimentos abalaron entre o de ser a única organización estudantil de todo o estado, a inclusión de "defectos formais" diversos ou a inexisténcia de canles legais para as organizacións estudantis.

Nesta ocasión ERGA, que forma parte do BNG, acolleuse á legalización como organización xuvenil.

Os seus estatutos recén legalizados polo Ministério do Interior sinalan como fins da organización "a defensa dos intereses imediatos do sector e a loita por unha cultura e un ensino nacinal, científico, popular e democrático". □

Delmi Álvarez

Rapidez xudicial. Durante dous dias permaneceron no cárcere de Vigo Xosé M. Carballido García de 20 anos, membro da Plataforma Aberta de Estudantes e Xosé Luís Grova de 18, membro do Sindicato de Estudantes, ambos alunos do Centro de Ensinanzas Integradas de Vigo, detidos por orde xudicial o pasado dia 15 durante un acto de solidariedade cos estudantes condenados en dias pasados e nunha xornada na que o paro foi xeral en todos os centros. Os estudantes foron acusados, ao parecer, de inxúrias aos xuíces. Na altura da saída á rua deste número, o dia 23 un paro xeralizado está previsto afecte a todos os centros de Ensino Médio da Galiza, seguindo a convocatória da Plataforma Aberta, Sindicato de Estudantes e ERGA en demanda da "Absolución dos estudantes procesados e pola liberdade de expresión". Ese mesmo dia en Vigo celebrarase unha manifestación pola tarde.

A NOSA TERRA
Nº 336 - 24 DE MARZO DO 1988

Vice-presidente do parlamento
e representante
da corrente nacionalista do PSOE

Francisco González Amadiós

'Se a situación non cámbia despois do Congreso da Toxa, non hai solución'

O vice-presidente do Parlamento Francisco González Amadiós, representante máis significado da corrente nacionalista do PSOE na Galiza, mantén a figura política ergueita despois da desbandada centralista do seu partido. Na cuberta deste barco maltratado polo recurso contra a Lei de Normalización e outras desgaleguizacións. González Amadiós mantense na convición de que seu partido poden prosperar conceitos como nación, autodeterminación e República

Poderíamos falar no primero da diferéncia do seu partido tocante o problema da língua, desde a oposición e desde o poder.

Os partidos estatais transfórmanse na Galiza en máis ou menos centralistas ou autonomistas segundo estean no poder ou na oposición. No momento da discusión do título Oitavo da Constitución o PSOE era moito máis defensor da Autonomia do que a UCD. O problema da língua foi naquel debate algo de capital importáncia. Curiosamente, o recurso sobre a obriga de coñecer o galego incluido na lei de Normalización Lingüística, recorrida desde o Estado, non foi posta por capricho senón que se debateu no Estatuto de Autonomia. Curiosamente, os que pertenciamos ao PSOE defendiamos esa tese. A min paréceme (non estou fixo), que incluso Alfonso Guerra defendera na comisión o deber de defender o galego. Para min, é unha cuestión fundamental. É o problema ao que son máis sensíbel e persoalmente, aí non transixo con nada. Toda agresión a língua é unha agresión a Galiza. A nível persoal, aí non podo pactar con ninguén nen aceitar nengun tipo de disciplina.

Desde posicións tan destacadas como a de Sánchez Presedo faise política anti-lingüística.

Ese é un problema grave. Xa na clandestinidade lembro grandes discusións con militantes que se opuñan a que os comunicados fosen en galego. Incluso algun deles alegaba que non entendia o galego. Un dia leveille un dicionário para que repasasen o documento que queriamos apresentar.

Considero que un político que se define como galeguista (xa non digo nacionalista), está obrigado a algo fundamental como a defensa da língua, nos actos políticos, ou como cargo orgánico do meu partido, a miña obriga é a de falar constamente e escreber en galego, ainda que me poda costar esforzo. Pero alguns fan o contrário, como é o caso de Paco Vázquez. Durante a campaña do estatuto falaba en galego. Na comisión executiva que eu presidia, falábao tamén. Ben ou mal, que tanto me ten. Pero agora mirade a Paco Vázquez. Por que fala sempre en castellano? Porque quer. Porque necestita falalo para dicer **eu non son galeguista**. Asi que lle chama **La** Coruña á sua cidade. Estamos a criticar ao alcalde de Ponteareas e non dicimos nada de Vázquez? No problema da língua é onde se distingue aos que defenden á Galiza e aqueles outros que nen sequer queren admitir o feito da nacionalidade histórica. Tamén teño que dicer que a xente de AP nnca falou galego, empezou a falalo no Paqlamento, e mantense nesa postura. Pola contra non comprendo como xente de Coalición Galega, por exemplo un representante como Garrido Valenzuela segue a falar castellano constantemente.. Que non me diga que unha persoa da sua formación non pode aprendelo. Iso é rexeitar o galego e rexeitar á Galiza.

Língua è localismo

Pódese falar dunha coincidéncia entre localismo e desprécio da língua.

Claro. Un localismo inaceitábel. E máis nos partidos de esquerda. Pero eu quero diferenciar certo localismo caciquil das vilas, do coruñesista que é outra cousa. As reaccións do localismo coruñesista perxudican á Galiza toda. Como xa acontecia nos tempos da República co Casarismo. Tamén se dá noutras cidades, como poden ser os casos de Soto ou Leri. Non se pode falar de querer defender a Galiza desde esas posturas. Moitas destas atitudes transcenden a indiferéncia. Son unha atitude activa: iso é ser claramente anti-nacionalista e anti-galego. Este localismo xa se deu cando o Estatuto do 36. Para min tivo repercusións moi grandes, non só para o conxunto da nación senón para os partidos. Penso que crebou os partidos. Eu non son localista: non defendo a miña cidade nen critico as outras. Pero foron os políticos da Coruña e Coruña cidade, (coa só excepción do Bloque e do PCG) os que apostaron pola capitalidade na Coruña. Os discursos de Paco Vázquez, Dopeso e Iglesias Corral coinciden, pero tamén se dá o caso de González Mariñas, que defendera no Pleno do parlamento naquel intre a capitalidade da Coruña.

Cando fala de galeguismo fai unha distinción entre este conceito e o e nacionalismo.

Coido que hai persoas que non se atreven a chamarse nacionalistas e adoptan a denominación de galeguistas. Eu identifico este último conceito co folclorismo e o puramente adxectivo.

A realidade nacional.

E o nacionalismo?

Iso consiste en crer que a Galiza é unha nación. Para min iso é unha realidade. Pensar que a Galiza é grande ou pequena, pero o feito de que a Galiza sexa unha nación non depende de que o digamos os nacionalistas. Ainda no caso maximalista de que fixésemos un referendo para saber se somos unha nación, e o cen por cen dos galegos se pronunciase polo non, pois ainda así seguiríamos sendo unha nación. Para min é nacionalista o que defende a Galiza como nación. Con todas as consecuéncias.

Moitos ainda non comprenden que fai unha persoa coma vostede nun partido coma o PSOE.

Eu militei nos 40 en Madrid no Grupo Universitário Republicano que tiña como programa atacar á Ditadura e loitar pola democrácia. De regreso á Galiza militei na UPG. Posteriormente fun un dos fundadores do Movimento Socialista da Galiza (MSG) que despois se fusionou co PSG. Xa no ano 77 eu era partidário de irmos ás eleicións xuntos co PSOE. Nas do 77, o PSG non conseguiu nada. Habia unhas siglas que eran PSOE-PSP e dous líderes, que eran Felipe González e Tierno. Daquela defendéramos a proposta de entrar nun partido de ámbito estatal e **nacionalizalo**.

TOCANTE Á LÍNGUA, NON PODO PACTAR CON NINGUÉN NEN ACEITAR NENGUN TIPO DE DISCIPLINA

AINDA QUE NUN REFERENDO OS GALEGOS VOTÁSEMOS AO CEN POR CEN QUE GALIZA NON É UNHA NACIÓN, SEGUIRIAMOS SENDO UNHA NACIÓN

EXTRAÑAME QUE PODA HABER DISCREPÁNCIAS EN CUESTIÓNS DE INTERESE GALEGO CO BLOQUE E EG

Facer de cabalo de Troia.

Si. E chegamos a dominalo. Levade conta que ao pouco tempo eu era presidente do partido; o secretário xeral era Rodríguez Pardo, Jano, etc.. Que pasou? Que isto se lle ia das mans e xa se propuñan cambialo; pero a gran volta foi a subida ao poder do partido. Ábrese paso a liña oficialista. Pero hai que ter conta dunha cousa. Cando nós estabamos aqui en contra de votar o Estatuto con aquela **lohapiña**, o partido a nível de estado estaba a favor de votar. A executiva galega decidiu (con duas excepcións) votar en contra. Imos a Madrid a unha reunión á que asisten González, Guerra, Maria Izquierdo e outros, e despois dun debate, cando son as catro da mañá, Felipe aceita que o partido a nível de Estado apoie o non dos galegos. Que quero dicer con esto? O partido en Madrid aspiraba xa daquela a impor os seus critérios pero aqui habia unha opinión galeguista e aceitábaa. Que pasou? Eu penso que moitos dos que entraron comigo proviñentes do PSG ao PSOE traicioáronnos. Por moitas cuestións deixaron de defender os intereses de Galiza e transformáronse en centralistas. Ese foi o problema e ese foi quizá o meu erro.

Romper a disciplina

Dificuldades dobradas porque os nacionalistas no PSOE son alvo doutras críticas: hai quen pensa que non se queixaron bastante desa marxinación progresiva.

Quen asi pensa non está ben informado. Eu empezo a ter os meus problemas co partido en Madrid nos temas que tocan á Galiza. Na discusión do estatuto de Andalucia tiven problemas graves co partido, tede en conta ademais que eu actuei sempre abertamente nestes casos. Noutros, aceitei a disciplina do partido. Pero naquilo que non toca á Galiza. Cando foi da LOHAPA éramos tres senadores galegos: un votou, outro defendeu a LOHAPA, pero eu negueime a votar. A miña postura foi clara sempre. Quiza sexa eu o provocador da crise da capitalidade porque en plena campaña defendin Santiago. Incluso rompo a disciplina, do que son pouco amigo, e non voto co partido en cuestións de língua. O que pasa é un se vai quedando só...

E vostede considera viábel que o PSdeG-PSOE chegue a ser un partido con autonomia real de Madrid?

Un partido que tivese unha conceición autónoma? Si que se podia intentar. Hoxe está totalmente influenciado polas liñas que marca Madrid. Este non é un partido federal senón **federado no** (o que non é o mesmo que estar **federado con**). E eu aceito que o partido a nível galego teña que renunciar ás veces a unha série de cuestións para seguir a liña política marcada a nível de estado. Pero polo menos co direito a discutir os problemas e a saber as razóns. A min, se nunha votación no Parlamento galego houbese que votar en contra de algo que aparentemente fose en perxuício da Galiza pero que en último termo tivese razóns para pensar que non seria asi, non me importaria facelo apesar do desgaste da imaxe persoal. O que eu non estou disposto é a votar porque si ou por favorecer a intereses conxunturais. O problema é que o partido deixou tamén en parte de ser socialista. A min cando me din que é progresista pergunto que cousa é iso. Pode ser moi progresista un partido de direitas.

É inevitábel referirse ao *Cason*, e á postura secundária do Governo autónomo, a respeito do super-governador civil e dos governadores civís.

Incluso cando ocorre un caso asi hai que esclarecer as responsabilidades. Hai que saber quen non cumpriu a lei e a norma.

A postura do governador civil? É outra das diferéncias de que antes falaba entre un partido que

está no governo e na oposición. O partido foi sempre contrário ás deputacións e mantivo sempre unha postura crítica sobre a figura dos governadores civís. Polo conceito que un ten da Galiza, non lle poden server nen os governadores nen o delegado do Governo central. Pero a min non me pode server que estexa contra esta forma de administrar cando os governadores son da UCD pero os defenda cando son do meu partido.

O feito de perdelas todas, desde hai dez anos, non obriga, á corrente nacionalista do PSOE, a unha reconsideración global da sua postura?

Da miña si, polo menos. Coido que a liña final está no congreso da Toxa. Considero que se non se cámbia despois do Congreso da Toxa, non hai solución. E ten que ser precisamente gañar; isto é, gañar con todas as consecuéncias; que o asuma o aparato do partido. Hai eleicións en ano e médio e temos que ir a cara descoberta. Eu apoio a corrente que encabeza Ceferino Diaz, ainda que non estou totalmente identificado con ela. Estou convencido de que Ceferino é polo menos tan nacionalista coma min. O que pasa que ás veces hai diferéncias tácticas e de matiz. Esoutro dia publicábase que Ceferino só tiña o apoio de Santiago e que incluso xa non podia contar cos que o apoiaron noutros tempos, e referianse a min. Eu contestei que non. O que pasa é que habia algunhas diferéncias que matizar entre cadansúa postura. Ceferino declárase publicamente **galeguista e federalista**. Eu sigo sendo estritamente nacionalista. Esa é a única diferéncia. O cal trai como consecuéncia que apoie ainda máis porque se esa cuestión me separa del, máis me separa do resto do partido. O que pasa é que cando un Partido chega ao poder hai unha avalancha de militantes dentro do partido que non son nen socialistas nen nacionalistas nen nada...

Pero vostede apoiará na Toxa a moción de Ceferino.

Si. O que pasa é que en Vigo estou en total minoria. Eu non me identifico con iso que Miguel Barros chama nacionalismo. O de Miguel está claro: non é nacionalista. Nas suas actuacións no Parlamento galego, está clarísimo. Non interpreta á Galiza como a interpreto eu.

Pero seria posíbel definir un pouco máis precisamente esas diferéncias.

Eu aceito a Constitución tal como está, pero non renúncio a que se poda algun dia cambiar democraticamente. Pero hai aspectos nos que manteño a miña opinión, por exemplo a respeito da auto-determinación. Unha nación ten direito á auto-determinarse. Non me serve iso de que se auto-determina ao votar a Constitución e o Estatuto de Autonomia. Iso é unha falácia. E despois está o conceito da República: eu sigo a ser republicano.

Despolitización

Só por unha destas afirmacións poderianlle aplicar a Lei Antiterrorista.

Pois que ma apliquen. Pero por que habia eu de renunciar a unha cousa da que estou convencido. Penso que demostro o meu sentido democrático aceitando a Constitución. Pero que fas ti nun partido coma ese?, dinme. Eu considero que un dos tremendos problemas deste país é que o povo está despolitizado. Falarlle ao povo de auto-determinación significa falar de independentismo? Isto é unha aberración. Esoutro dia nunha entrevista, Paco Vázquez (e mira que caimos outra vez nos mesmos nomes) dicia que era anti-nacionalista. Paréceme moi ben que o diga. Pois falando do PSG-Esquerda Galega e do Bloque, dicia que eses partidos eran independentistas igual que HB e ademais facia unha análise política falsa. Se eses partidos, viña dicer, queren que a Galiza sexa unha nación tiña que ser totalmente independente. Que ignorância.

Que sinte cando escoita falar de corrupción, en relación co seu partido?

Ninguén pode falar de corrupción mentres non teña probas. O que si coido é que hai nepotismo. Iso si que me atrevo a dicilo. pero despois de tantos anos de criticar á dereita polo tráfico de influéncias, o que non poden é os partidos de esquerda reproducir os mesmo delitos. De corrupción non me atrevo a dicer nada. Tampouco xuraria que non haxa. Pero sen probnas, hai que calar.

Que se sinte logo á vista do tráfico de influéncias?

Existe e é responsabilidade das persoas que ocupan cargos políticos. No caso do parlamento pódovos contar que na primeira lexislatura as chamadas, cartas e recomendacións para as primeiras contratacións de persoal eran incontábeis. Pero seguiuse a norma e nos exames que houbo hai pouco non chegou nen unha só recomendación. O parlamento ten sesenta funcionários que entraron por concurso pero nunca ouviredes nen o máis mínimo da forma de contratación. E ollo que iso non é para porlle unha medalla a ninguén. Isto é o que tiñan que facer todos. Un socialista ten que estar totalmente en contra do tráfico de influéncias.

Asi que a liña final está na Toxa

Eu seguirei intentándooo até esa data. Ai tomarei a miña decisión que incluso poder ser a de irme á casa. Non digo abandonar a loita. Non. Considero que despois de tantos anos de compromiso teño a obriga de seguir loitando. □

Texto: GUSTAVO LUCA DE TENA
Fotos: XAN CARBALLA

'Estráñame que poda haber diferéncias co EG ou co Bloque'

Discrepáncias cos nacionalistas

Queriamos que nos fixese unha reflexión sobre as discrepáncias do PSdeG-PSOE cos partidos nacionalistas.

Temos un governo tripartito rexido por un socialista e teoricamente en problemas de interese galego este governo tiña que ter menos problema ca o outro. Con Coalición Galega e PNG, que se consideran nacionalistas... E a min estráñame que poda haber discrepáncias e diferéncias tanto co Bloque como con PSG- EG. Poderia haber diferéncias abismais en certos temas. Pero en cuestión de interese galego non. Aí é onde está a miña preocupación: que haxa problemas cando se trata de asuntos da Galiza. Por exemplo a língua. pero como pode haber discrepáncia con estes partidos por problemas da língua?

Pero se hai un recurso contra da normalización apresentado polo próprio PSOE

Dacordo. O governo central que recorra ao Constitucional, pero a postura do Partido Socialista de Galicia no Governo Autonómico ten que ser a postura de defensa da sua lei que votou por unanimidade. Que non pasa nada porque discrepe co Governo Central. Hai que manter a postura. Aparte disto, se non somos un pouco duros, o galego vai atravesar sérias dificuldades. Alguns queren ser moi éticos: **Non se pode impor, non se pode facer forza**, din... Eu poderia aceitar esta postura se o galego estivese en igualdade de condicións, non de agora senón de hai catrocentos anos. Pero non foi asi senón todo o contrário. Asi que agora temos que ser **super-éticos, puros, purísimos?** E despois hai outros problemas de reparto económico...

como quen di

O cacique do siléncio

MANUEL LUEIRO REY

Lémbrome agora, por ises actos reflexos que ten a memoria ao relacionalos co que está a suceder no meu pobo, o Grove, nesto da política municipal, co que deixou dito Marañón (Marañón pai, ¡ollo!, que aínda deixou algunha cousa boa) cando definía as características dos dictadores en arquetipos domadores do xesto —Mussolini e Hitler— nos que a mesma voz non era máis que *"puro xesto"*, (de Franco nen siquer lle prestou atención, e ben definido quedou naquel cartel que din que fixo perante a guerra Castelao en que aparecía o noso *"africano"* antre as botas de Mussolini e Hitler, dicindo —mentras os outros repartían o mundo— *"eu tamén quero pintar"*); e dictadores *"do silencio"* como Oliveira Salazar, onde o segredo do que para eles *"é eficacia"* responde xustamente a estar calados e percurar unha misteriosa *"invisibilidade"*. Resumindo: que os que se acomodanm a ista estratexia do silencio e da invisibilidade — como fai o cacique que neste tempo está a manexar como quer a política do noso Municipio— mais que domadores de masas como son os outros co sexto, uniformes, operetas de fanfarria, que mesmo parecen esceas dunha película de Charlot, adoptan unha actitude de santóns, buscan un home de palla para que el faga os xestos de marioneta, quede contentiño con sorrir, vaia atrapando algunhas cousiñas para a súa faltriqueira, e todo camiñando sobor rodas.

Os *caciques do silencio*, son sempre mais perigosos que os caciques do xesto. Como actuan na sombra, a maldade non ten límite e as gañas de engulir o mesmo. Ninguén poder supor —di *o cacique do silencio*— que eu con esta faciana de santón poida ser tan ruín. A xente, nin siquer dubida de min. Eu dirixo ao caladiño, fago as trampiñas sen que ninguén me vexa, estou metediño na miña cova, xa deixei todo iso, que eles se arranxen, ¿quen vai desconfiar de que son eu quen meto leña ao lume, tendo como teño un home de palla tan xeitoso, agudo, bo lacaio, camiñando para santón tamén, se o tempo non lle pecha a porta? ¿Quen?... ¿Quen se estreve a dici-lo o contrario?...

O cacique do silencio do meu pobo, O Grove, tira dos fíos, move como que aos monecos, dalle corda para que don Nabor toque o tambor, arrima a ascua a súa sardiña como quen non quer a cousa, eu non son interesado, non o fago polos cartos, ninguén me pode dicir que son eu quen manexo, estou ben agachado, e como santón que son, a ningures lle dou categoría para que me leve a contraria.

Mirade por onde, o segredo do silencio —como deixou dito Marañón, Marañón pai ¡ollo!— está a facer estragos na vida do meu pobo, o Grove, onde o cacique agachado, soio deixa, de cando en vez, deixa escapar unha sorrisa ¡je!... ¡je!... ¡je!... e síntese satisfeito da súa pobreza humán. □

A NOSA TERRA
Nº 336 - 24 DE MARZO DO 1988

NOVA ORDE PARA O ENSINO DO GALEGO

Segundo X. M. Sarille da Mesa pola Normalización

'O control da lei seguirano levando os inspectores que reprimian o galego"

"O problema fundamental é prático. Trátase de saber se a Consellaria ten un interese real na normalización ou non". Nestes termos, Xosé Manuel Sarille, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística alude á nova redacción do decreto que estabelece a normativa sobre o galego no ensino. "O problema radica, segundo Sarille, en que esta lei ou outra sexan postas en prática e seu cumprimento".

"Indubidabelmente, indica tamén o representante da Mesa consultado, era mellor a anterior, fundamentalmente por unha cuestión de claridade mentres que esta é máis claudicante. Introdúcense ambigüidades, máis para compracer ao governo central que para dar solucións reais ao problema de normalización".

Houbo unha negociación, afirma, entre o governo central e o autonómico na que gañou o máis fòrte. O governo galego continuou a tradición de calar e non plantexar un conflito de competéncias mantendo a orde orixinal".

A normalización no ensino non foi tida en conta no orzamento.

Sinala por outra banda o consultado que a normalización "é posíbel sempre que existese unha planificación. É significativo que no Orzamento aprobado non se teña en conta a Lei de Normalización a respeito do ensino".

X. M. Sarille

Xosé Manuel Sarille fai fincapé no feito da auséncia de mecanismos que fagan efectivo o cumprimento da lei. "O artículo 10 da orde segue indicando que son as inspeccións provinciais as encarregadas de velar polo cumprimento da orde, quer dicer, os mesmos inspectores que reprimiron maioritariamente o galego durante o franquismo. Deberia existir unha inspección própria no terreo da normalización."

Dia da Europa das Nacións

A reivindicación do ensino nas línguas próprias das distintas nacións sen estado foi o motivo ao que este ano se dedicou o Dia da Europa das Nacións, celebrado na Europa Ocidental o 21 de Marzo pasado.

O Bloque Nacionalista Galego, membro da Conferéncia de Nacións sen Estado (CONSEO) decidiu, en comemoración desta data, apoiar a resolución tomada na I Asamblea da Mesa de Normalización Lingüística para que a Xunta poña en prática o ensino de duas matérias máis en galego, co que serian catro as impartidas no noso idioma, tanto no EXB coma no BUP. □

O BNG esixirá o 50 por cento de galego

O Bloque Nacionalista Galego sinalou en rolda de prensa que esixirá a introdución do galego no 50 por cento das asignaturas en todos os graus do ensino.

A respeito do novo decreto, representantes desta organización manifestaron que "a nova lei dá unha opcionalidade maior para que as asignaturas en galego se lles dé aos español-falantes en español", calificando a atitude da Xunta de "caludicante".

M.V.

Luada 88, ou o clasicismo

Deseñadores, intelectuais, políticos, empresários e *vip's* déronse cita no desfile "Luada 88" celebrado no Teatro Colón da Coruña para ver a moda Outono-Inverno de sete criadores galegos e da peleteira Olga Ríos.

As coleccións apresentadas non é que desagradaran, pero tampouco aportaron nada novo. *Caramelo* mostrou unha liña de inspiración "aviador" con detalles militares e aplicacións en mapa con cores caqui, verdes e granates; traxes listados en marrón e negro; chalecos e gabardinas estilo Bogart.

Gene Cabaleiro, sempre resaltador dos tecidos apresentou unha linea "acordeón" con predomínio do violeta e negro. Americanas entabuadas e sen pescozo e xerseis de la pura; camisas "de vestir" lisas ou de raias e unha espléndida exposición de abrigos de pel. Tanto *D'aquino* como *Caramelo* foron os deseñadores máis aplaudidos; o primeiro pola sua orixinalidade e inovacións e o segundo pola sua comercialidade e xove mentalidade.

Pressman apresentou pantalóns anchos, chaquetóns e gabardinas desabrochados, con pescozos redondos e amplitudes de volume; sobriedade nos deseños e presentación anos vinte como notas dominante.

Cortemans fixo desfilar modelos con traxes enriquecidos mediante labrados e superfícies con relevos; americanas de grandes cadros, con debuxos marróns e beiges.

Vesgante non saiu da sua liña clásica de traxes feitos e cortados.

Unicen apresentou amplos abrigos, xerseis de punto, *cardigans* estilo Duque de Windson, amplas solapas, tecidos tradicionais e búsqueda da rotura da cor.

Florentino presenta cores contrastadas, abrigos roxos, con diversidade de liñas.

Olga, única moda feminina, combinou peles e punto. Inspirouse na década dos anos trinta, con confortábeis abrigos longos, prendas con moito voo e peles pintadas.

Enfin, que a parte doutras cousas nas que non estramas, como "Luada ponto de encontro e relación", o desfile serviu para dar a coñecer aos xa coñecidos, nos seus estilos xa clásicos no seu despregue de clasicismo, botándose en falta novos deseñadores que tamén pugnan por darse a coñecer.

CARMEN SUÁREZ/MARTA VALIÑO

Suárez Vence analisa o novo decreto

'Un servício de normalización lingüística en cada delegación velará polo cumplimento da lei'

A nova redacción do decreto polo que se desenvolve a Lei de Normalización Lingüística no ensino foi analisado polo Conselleiro de Cultura Xavier Suárez Vence a perguntas de A NOSA TERRA, sinalando este ademais a próxima entrada en funcionamento nas delegacións provinciais dun servício de normalización lingüística que "coidará do cumprimento da lei".

Á pergunta de que novidades aporta a nova redacción do Decreto, Xavier Suárez Vence, salientou sete aspectos importantes ao seu entender.

"1º É preciso destacar que é unha orde en equilíbrio constitucional, o cal posibilita poder desenvolver o seu contido de xeito que se avance no proceso de normalización lingüística no ensino, na sua dobre vertente: a administración educativa e galeguización do curriculum escolar.

2º Contémplanse a realidade sócio-lingüística do país xa que ten en conta o domínio que os alunos teñan do galego e do castellano, de maneira que ao rematar os estudos dominen as duas línguas oficiais.

3º Programáranse actividades tendentes a mellorar progresivamente o coñecimento por parte do aluno da língua que non lle é habitual ao comezar os estudos.

4º Ordénase a impartición da asignatura de galego en galego e a de castellano en castellano.

S. Vence

5º Proíbese a separación dos alunos en aulas diferentes por razóns de língua.

6º Esténdese a ensinanza en galego a escolas de artes aplicadas e ofícios artísticos.

7º O consello escolar pode propor á Consellaria a extensión do ensino en galego a outras áreas ou materias".

Cumprimento da Lei.

Perguntado tamén o Conselleiro pola existència de mecanismos que controlen e fagan efectivo o cumprimento da lei, Suárez Vence indicou que "a orde encarregaba aos servicios de inspección o cumprimento do estabelecido nela". Por outra banda os servícios de Normalización Lingüística, de próximo funcionamento nas delegacións provinciais, ademais de servir de apoio ao proceso de galeguización do ensino coidarán da observáncia do estabelecido nesta disposición. □

M.V.

A NOSA TERRA
Na próxima primavera
DECENÁRIO

Máis de 250 páxinas sobre Economia, Arquitectura e Urbanismo, Literatura, Idioma, Música, Arte, Deporte, Ecoloxia, Direito, Saude e Sanidade, Política, Prensa, Ensino, Cultura, Muller, História, Igrexa, Humor... resume fotográfico dunha década. Estadísticas. Cronoloxias....

AMPLIACIÓN DE CAPITAL


PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS, S. A.

Domicilio Social: VIGO (Rua Pontevedra, 4 - 5.º)

CONSTITUIDA POR ESCRITURA PUBLICA DE 23 DE XULLO DE 1977, AUTORIZADA POLO NOTARIO DE MARIN, D. ALFON-SO ZULUETA DE HAZ Nº 1.609, E INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL DE PONTEVEDRA (FOLIO 123 DO LIBRO 216 DE SOCIEDADES, INSCRICION 1ª DA FOLLA 4.207).

CAPITAL SOCIAL: 5.365.000 PESETAS

REPRESENTADO POR 1073 ACCIONS NOMINATIVAS DE 5.000 PESETAS NOMINAIS CADA UNHA, NUMERADAS DO 1 AO 1.073

Certifícado acreditativo da titularidade de

cento Pesetas Nominais

Número

PROMOCIONS CULTURAIS GALEGAS, S. A. acredita a favor de

Pesetas Efectivas

representantes as

mentos

Estatutos

Vigo, de de 198

O SECRETARIO

O PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

Na Xunta Xeral Ordinária de Accionistas da Compañia Mercantil **Promocións Culturais Galegas S.A.**, celebrada en Vigo o pasado dia 20, acordouse unha ampliación do Capital Social na cifra de **10.635.000 Pta.**(dez millóns seiscentas trinta e cinco mil), correspondentes a **2.127** accións cun valor nominal de **5.000 Pta.** cada unha, e nas seguintes condicións:

As novas accións emitidas serán oferecidas aos actuais sócios no exercício do seu direito de suscrición preferente polo seu valor nominal.

Na medida na que o direito de suscrición preferente non cubra a totalidade das accións emitidas, queda facultado o Consello de Administración para oferecelas a persoas alleas á sociedade cunha **prima equivalente á metade do valor nominal, sendo pois o précio de 7.500 Pta. por acción.**

O desembolso da totalidade do valor nominal das accións suscritas rematará o 31 de de Decembro do 1988.

Se vostede desexa ser ACCIONISTA debe ingresar o diñeiro na conta que para tal fin terá aberta no **Banco Atlántico, Oficina Principal de Vigo, co nº 126906600053**, especificando "**Ampliación Capital Social Promocións Culturais Galegas S.A. 2/1988**". Contra o ingreso emitirase resguardo provisório até a entrega dos títulos.

Pode recabar máis información no teléfono (986) 43 36 24 ou ben nas oficinas de **A NOSA TERRA**, sitas na Rua Pontevedra 4-5ª, de Vigo.

Vigo, a 20 de Febreiro do 1988

Polo Consello de Administración

O Presidente

Cesáreo Sánchez Iglesias

A NOSA TERRA

a partir do 14 de abril
todos os xoves
no seu quiosque.



A NOSA TERRA
Nº 336 - 24 DE MARZO DO 1988

contos non enchen

Menos fume

X.X. PIÑEIRO COCHÓN

O responsábel da sección de Teoloxia Deportiva daquel Departamento Autonómico asegurouse de que ninguén do auditório estaba fumando, antes de tomar a palabra:

—Durante moito tempo — dixo— pensouse que a sociedade dividíase en esquerdas e direitas, Oriente e Ocidente, ideoloxias diversas e "ismos" de todo tipo. Nada máis incerto. A auténtica diferenciación social estabelécese, de acordo cos sistemas máis avanzados, nos pequenos comportamentos que van criando abismos entre as xentes. E fumar, señores, é un hábito funesto que nos leva a falar da máis profunda e definitiva escisión que se está a producir no noso mundo.

Fixo unha pausa para ollar a reacción daquel auditório composto na maior parte por xornalistas. Unha azafata enchéulle un vaso de agua mineral. O orador botou un grolo e proseguiu:

—Como saben, hai ben pouco tempo que sairon as primeiras normas represoras desta plaga do noso tempo que se chama tabaquismo. Esa e non outra é a auténtica subversión que nos envenena e divide permanentemente. Pois ben, nós queremos ir máis alá. Para preservar á nosa xuventude do vício arrepiante e á sociedade da morte lenta do fume, nós propomos a ilegalización imediata dos usos nicotínicos que pasarán á clandestinidade desde agora. Porque, señores, que sentido ten nomear un valedor do povo cando nen tan sequer están ilegalizados os fumadores?... Como se pode concebir unha policia autónoma se non vai ter man para encarcerar á clase dos nicotínicos?...

Non houbo perguntas. A maior parte dos asistentes estaban rabeando por ir botar un pitilliño. Xa sen máis pausa as azafatas pasaron a repartir obsequios oficiais entre os asistentes: caixas de mistos que dician ben ás claras que habia que romper co tabaco e fermosísimos cinceiros de pedra pulimentada feitos en Itália con anacos de blocos das canteiras do Porriño. Era todo un detalle. □

Gonzalo Vilas

Hai que roelo

HERNÁN NAVAL

A min que me den o carnet de Alianza Popular se en cuestión de dias non se produce neses países —os Cataláns— unha clamorosa algarada xeral de esquerdas como reacción ao arrogante soriso do cadelo setemesino que pariu o deseñador valnciano Javier Mariscal para mascota dos Xogos Olímpicos do 1992 en Barcelona. Porque foi o voceiro de AP no concello barcelonés quen fixo unha declaración ao respeito que hai que subscreber por testículos: "Absolutamente horrorosa e impresentábel". E se os deseñadores deste país —Tanzánia— non din algo desde xa, non volvo mercar un producto nacional.

Agoa xa está, o can ladrará até o 92 e un pouco máis alá, e feo ou fermoso, servirá para pendurar as chaves, dar lume, realzar bustos nas praias, envolver calquer intragábel lambonada. Que o animal ese sexa máis comestibel que o hortera e pailán *naranjito* vexetal dos Campeonatos Mundiais de Fútbol do 1982 non quita que sexa recomendáel ir facendo provisión de bicarbonato: imonos indixestar de carne de can queiramos que non. Ben, pois o deseño é unha soberana tomadura de pelo. Como ese fago eu unha dúcia nun dia. E por menos cartos. A verdade é que me falta de ver a primeira mascota olímpica cuxo poster sexa pendurábel dunha parede familiar. Nen os rusos deron no cravo co osiño Misha. Dos ianquis, co tio metamorfoseado en águia, mellor non dicer nada. Disque Mariscal quixo fuxir da liña Walt Disney, seguida por todas as mascotas das olimpiadas anteriores, pero para min que se lle escarallou a búsola. Non vale moitos máis cartos, pero máis ollábel resulta o logotipo de Barcelona 92 de Josep Maria Trias, descaradaemtne mironiano, moderno e, ao cabo, criativo.

Nos tempos que se corren, cado se nos quer facer crer que o deseño dun par de botas equivale a un drama de Shakespeare, como propugna ou denúncia, non acabo de entender ben, un pensador francés ou de por ai anriba, tampouco sei certo de onde, cuxo nome non reproduzo porque non me lembro como se escrebe, nestes tempos, digo, todo vale. Calquer *boutade* escrita en liñas de desigual lonxitude pasa por poema epigramático. O máis desafinado laio de estreñido-a apreséntasenos como *lieder* vangardista. Canto máis plasticamente inintelixíbel sexa o volume de cemento ergueito mellor pode desbarrar o "crítico" de moda. É seguro que o estúpido can de Mariscal vai cazar algunha das pombas de Picasso. A min, por moito que se ria, o can olímpico non me fai nengunha grácia.

Isto do "deseño" échevos un choio de moito nabo. Probaremos sorte.

Mariscal, mascarada

A non ser, claro, que Javier Marciscal sexa un vividor da arte e da cultura (que non é o mesmo que viver das idem, ainda que tamén: *conditio* necesária mais non suficiente) e, en consecuéncia co seu proxecto vital, ou sexa, coerentemente, trazara as primeiras raias que atravesaron a sua mente desocupada sen outro propósito que o de se embolsar vários quilos (non sei cantos, pero moitos) a conta do ano de grácia de 1992, ríndose, de paso, ademais de si próprio, até da sua própria nai... pátria. Que quen pagan ao cabo son os contribuintes? Tamén pagan, que diria eu, a estáncia da península no custosísimo hotel de OTAN sen ter solicitado até o de agora o libro de reclamacións. Non che me dan mágoa.

Non teño o pracer de coñecer persoalmente ao Mariscal para dicer que si ou que non, se é roña, se é unha mascarada ou unha mamarrachada. Pero insisto en que o sorriso cínico do bicho pode ser testemuña dalgunha complicidade. Se é asi, fai ben. Se dio se trata *chapeau*, perante o xenial farsante. □

AS CERAMICAS DO
CASTRO
E AS DE
SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

O antropólogo maiorquino participou nun curso de filosofia en Vigo

Camilo Cela Conde

'A delincuéncia é un meio de sobreviver para os menos dotados'

Camilo Cela Conde é un antropólogo maiorquino que ten publicado desde os anos 60 sobre a determinación biolóxica e os problemas da filosofia moral na perspectiva de avangarda da investigación. Hai pouco visitou a Galiza para participar nun curso de filosofia.

Hoxe vólvense recuperar argumentos de hai un século que tentan relacionar heréncia xenética e delincuéncia.

Quen estabelece que existe unha determinación xenética que leva á delincuéncia é simplesmente un ignorante. Non é posíbel asignar material xenético a resultados finais en aspectos moitísimos máis claros como poden ser a altura dun ser humano. E desde logo é completamente inviábel que se poda ligar un aspecto tan complexo como pode ser o da conduta social. Non só a do delincuente senón a de moitos outros ao mero aspecto da determinación xenética. En xeral eu teño a impresión de que quen mellor liquidou todos estes asuntos foi un avogado norte-americano que perguntou por que hai unha correlación entre criminalidade e cromosoma x mutante. Porque o cromosoma x mutante provoca criminalidade? De nengunha maneira. O cromosoma x mutante provoca coeficientes de intelectualidade moi baixos e aos criminais que teñen ese cromosoma x cóllenos a todos. A correlación entre criminalidade e persisténcia nas análisis das povoacións dos cárceres cun grau alto o único desta característica, indica que estas persoas teñen menos habilidade para fuxir da xustícia.

A própria competividade favorece a delincuéncia.

O tipo de sociedade no que estamos metidos, cos valores que estamos a provocar, praticamente obrigan a persoas con coeficiente intelectual non moi elevado (e non



vou poder definir o que é o Coeficiente Intelectual pero é por entendernos), quero dicer, xente con habilidades cognitivas non moi altas, á delincuéncia como meio para sobreviver. Se en termos de competéncia non che deixan sobreviver, non terás outro remédio que te dedicares a actividades marxinais. Isto non é unha determinación.

A lei do branco

Por que non somos todos xénios?

Plantexo esta pregunta nun libro que acabo de publicar. Primeiro hai que falar de coeficiente de intelixéncia. Este conceito é moi mao. Non existe tal cousa como un coeficiente de intelixéncia. Ou mellor: non sabemos como medilo, na medida en que os *tests* que estamos a empregar son sesgados. Por exemplo, se collemos os *tests* que están publicados como material psicolóxico pensado para anglo-saxóns brancos pertencentes á clase média nos USA e llos aplicamos a un guineano, pois vainos dar que é subnormal. Pero se facemos ao revés e construimos *test* psicolóxicos para os guineanos e llelos aplicamos aos neiorquinos da clase média, probabelmente daria que os neiorquinos son sub-normais todos. O que acontece é que só os brancos da clase média pertencentes a sociedades desenvolvidas aplican este xénero de probas de intelixéncia. O coeficiente de intelixéncia, se é que existe tal, non o sabemos medir. A resposta á pergunta de por que non somos todos xénios é dobre: hai moitos máis xénios dos que cremos. O que acontece é que non lles deron as oportunidades necesárias para que chegasen a selo. Por iso a idea do **direito á excelência** e á educación diferencial paréceme un disparate porque estaremos a perder xénios en poténcia en pastores, en agricultores, en mecánicos, que non tiveron, precisamente pola sua orixe, as oportunidades para seren educados da mesma forma que os fillos dos enxeneiros, dos avogados, dos notários, etc.. Despois, é óbvio que a xenialidade non é unha vantaxe senón un inconveniente adaptativo. Unha marxinalidade moi mal considerada en sociedades con apego á tradición a valores anteriores ten fortes como nas nosas sociedades actuais. A xenialidade consiste en saltarse os valores tradicionais. Dunha maneira un tanto fenomenolóxica, teríamos que chegar á conclusión de que non debe ser fácil ser xénio e ser feliz a un tempo.

Coas técnicas de ADN mitocondrial parece posibel precisar a existencia dunha irmandade biolóxica, a partir dun antepasado común de hai 200.000 anos.

A constatación de que a evolución se produciu nun único lugar é unha consecuéncia interesante das técnicas do ADN mitocondrial pero compre precisar que se trata dun modelo matemático, dun modelo estadístico que está a dicer que nós procedemos dun grupo pequeno que existiu nun determinado lugar, probablemente de África, hai cento cincuenta mil a douscentos mil anos. Sendo un grupo pequeno, tivo que estar moi influido por cuestions ecolóxicas próprias do momento e do médio en que estaban. Sinto moito que este sexa un argumento en contra do racismo.

Mellor ca Deus

Estes descobrementos collen o conceito de raza en plena decadencia.

O conceio de raza esta hoxe totalmente abandonado polos antropólogos. As razas aparecen hai dous mil anos. Estamos a falar dunha historia evolutiva común de centos de millóns de anos que dan lugar a diferéncias de poboacións. Para aillar hoxe un grupo necesitariamos unha Policia semellante á do *Big Brother* de 1984 de Orwell. Como conta Miguel Barnet, en Cuba dinque só un galego é mellor ca deus, porque Deus criou ás brancas e ás negras pero o galego foi quen criou ás mulatas. Isto é certo. Imaxinando que en orixe houbese tal cousa como unhas razas, un proceso de mixtura é tan inmenso que o máis que se podería falar hoxe é de poboacións: hai unha poboación negra nos Estados Unidos, hai outra no centro de Africa e non teñen nada que ver unha coa outra. A tendencia que temos a nos organizar en grupos con sinais distintivas para intentar deixar fora ao que non pertence a ese grupo é o que produce ese prexuício. A cor da pel e o idioma son os dous aspeitos máis doados de constatar. En España dase só o problema da língua porque non hai negros, que se non houbérase de organizar sistematicamente arredor da pel.

Existen prexuícios especializados arredor de povoacións inteiras que incluso lles atribuen caracteres fatalistas como pode ser o caso do Mezzogiorno italiano.

Todos os grupos teñen un sambenito. A última história de Mariscal cos cataláns ilústrao moi ben. Eu sempre escoitei dicer que Paris é unha maravilla se non fose que está cheo de franceses, os Estados Unidos teñen a desgrácia de estar ocupados polos norte-americanos, etc.. Isto non é máis que pretender identificar dunha maneira intolerábel certos aspectos que reflexen determinacións xeográficas. Dise que os suecos son tristes. Claro: se ás catro da tarde é noite no inverno, calquer mediterráneo pode chegar a esa conclusión. Traíamos eses suecos a Palma de Maiorca e resulta que é un cachondo mental que non fai outra cousa que emborracharse.

O direito á exceléncia é un argumento de moda que pretende superar esa xustícia distribuitiva.

O argumento de base é, interveñamos de maneira diferencial na medida en que os caracteres iniciais tamén son diferentes. Eu tomaria en consideración este argumento se pudese realmente terse en constatación desas diferéncias iniciais. Pero é o caso que esta tal diferéncia non leva á clasificación que pretenden quen escreben estes libros. Esta diferenciación inicial probabelmente levaria a constatar que quen deberia ser notário na xeración seguinte non deberia ser o fillo do notário senón o do labrego. Os que están a plantexar neste momentos esa idea do **direito á exceléncia** son os fillos dos notários. A comprobación empírica disto dá risa: a Henry Ford III a empresa tivo que prometerlle unha suba coa condición de que ficase na casa e non aparecese pola fábrica. Non hai família que non apareza na cuarta xeración un tipo divertido é o que acaba con todo o que se acumulara. A min paréceme moi ben, por outra parte. □

G.L.T.

14 poetas a Vigo. Presididos por un fermoso cartel cos rostos de Alvarez Blázquez, Alvaro Cunqueiro e Celso Emílio Ferreiro, unha xuntanza de poetas residente e vencellados á cidade viguesa reuníronse ante vários centos de persoas, nun acto case insólito no noso panorama cultural, se é que se exceptuan os Festivais de Poesia do Condado. Cunha variedade formal e de estilo que producia curiosos contrastes fóronse desbullando os poemas: Xosé Mª Alvarez Cáccamo, Antón Alonso Fontán, Xela Arias, Ramiro Fonte, Manuel forcadela, Luz Pozo, Luis González Tosar, M ª do Carmen Kruckemberg, Méndez Ferrin, Román Raña, Rodríguez Baixeras, Antón Reixa, Paulino V. Freire e Manuel Vilanova. Previamente Mª Xosé Queizán e Maximino Keyzán, acompañados de E. Quiroga recitaron poemas de Celso E. Ferreiro, Alvaro Cunqueiro, Alvarez Blázquez e deron un recital Blanca Lorenzo e Miguel Anxo Murado. □

Primeira reunión da nova directiva da AELG

Como informábamos no número anterior reuniuse por primeira vez a recén elexida directiva da Asociación de Escritores en Língua Galega. Entre os acordos tomados decidiuse solicitar entrevistas co Presidente da Xunta, conselleiros de Cultura, Presidéncia e Educación, director de política lingüística e subdirector xeral do libro.

Uxio Novoneyra

Potenciar o boletin interno da AELG e continuar coa publicación semestral da revista "Nó"; constituir grupos locais e impulsar a presénci a asociación en actividades culturais na Galiza e fóra dela e preparaar o II Congreso de escitores en língua galega ademáis de publicar as conclusións do primeiro.

Na reunión tomouse o acordo de condenar a campaña de intoxicación contra o galego que se stá a dar, anonimamente na Coruña dirixida contra escritores e ensinantes. Tamén se ratificaron as declaracións do presidente, Uxio Novoneyra, enfrentando a discriminación lingüística por razóns de normativa, e amparándose na nova lei de propriedade intelectual oonde afirma "esixir o respeito á integridade da obra e impedir calquer deformación, modificación, alteración ou atentado contra ela, que supoña perxuício aos seus lexítimos intereses ou mermando a sua reputación.". □

En defensa da língua asturiana

XAVIER CASTELLANOS

Como consecuéncia da resolución tomada na pasada Iª asembleia da Mesa pola Normalización Lingüística a respeito da proposta non aceitada de incorporación do asturiano ás linguas catalán, euskera e galego no segundo párrafo do programa estratéxico e que textualmente conclue: "Isto implica o refugo do actual modelo lingüístico vixente no estado español de bilingüísmo sabstitutório, cuxa estación de termo é o lingüícídio do catalán, euskera e galego. Hai alternativas a este modelo lingüístico que dependen, claro está, da conformación política dos estados, pero si desde o ámbito que lle é próprio manifestar que só haberá un futuro para o noso idioma se este recupera os ámbitos de uso hoxe castellanizados". Ante a ausséncia explícita, neste caso da llíngua asturiana, acho necesário unha reflexión sobre o que entendo é unha omisión desafortunada.

Existirán portanto lagoas nesta exposición, e que por outra parte abordar nun só artigo seria pouco aclaratório por sumamente esquemático.

A língua en cuestión, Bable ou Asturiano[1], é unha desas línguas ignoradas cando evocamos as outras catro, o mesmo sucede coas derivadas do latin chamadas línguas romances ou neolatinas que se asentan no estado español (aragonés) por moi minorizadas e minoritárias que sexan.

A formación do Reino de Asturies data do século VIII, nado da resistencia contra o estado musulmán, ainda continuando o latin como língua escrita, na fala será xa unha língua romance —o asturiano— existindo, como ocorreu no resto da península con outras línguas, unha literatura oral. O primeiro texto coñecido en asturiano é o Fuero D'Avilés, conservando-se unha cópia do ano 1155, posteriormente apareceria o Fuero D'Uviéu, o que é un indicativo, xunto a actas notariais en bable ao longo da Idade média, de ser considerada como língua de cultura. O castellano ia-se impondo progresivamente nos textos oficiais, até que as Xuntas e Deputacións pasan a escrever todos os seus documentos neste idioma. Foi quizá (é unha opinión de sócio-lingüístas asturianos) durante a época no que a capital do reino era Uviéu (séc. VIII e IX) e residéncia da corte o momento mais apropriado para o seu desenvolvimento. Certamente as línguas desenrolan-se cun peso específico cando disfrutan de apoio político; cousa que co asturiano non sucedeu. No século X a corte traslada-se a León e con ela todos os seus dignatários, acrecentando o poder político de Castela e castellanizando-se progresivamente a nobreza asturiana, nun espácio curto de tempo.

A llíngua asturiana é un caso atípico de língua ameazada. Hoxe é imposível un discurso sobre Asturies sen mencionar a Llíngua asturiana e a sua problemática. Asi unha das ideias estendidas avondo entre a población asturiana é o uso da língua en relación á cultura "falar castellano é falar ben", criando unha conciéncia de inferioridade cultural debido á sua fala "ordinária" desprestixiando ás persoas que o faln.

No território asturiano asentan-se hoxe tres línguas, duas autóctonas (asturiano e galego) e outra foránea (castellano). O asturiano é a língua que máis território abarca. En estado precário nas zonas do Norte da província de León e restos tamén en Zamora e Salamanca[2]. En territórios próximos á fronteira política coa Galiza son considerados tamén polos lingüístas asturianos como dentro da língua galega. Na actualidade a língua castellana ocupa un maior espácio en uso, sendo a única recoñecida oficialmente do Principáu D'Asturies, é o idioma obrigatório nas escolas e de emprego formal a todos os níveis.

O uso do asturiano situa-se aproximadamente entre 360.000 persoas que declaran falar asturiano podendo-se aumentar esa cifra se se contabilizan as persoas que realmente o falan. O seu uso alterna co castellano nas suas relacións sociais.

Desafortunadamente a situación diglósica que vive a llíngua asturiana poderia-se comparar con algúns sectores importantes da población galego-falante en território asturiano e galego, onde existe unha língua **alta**, veículo de relacións e recoñecida oficialmente, usada pola administración e nos ámbitos formais de relacións. E outra língua **baixa** como é o caso do asturiano, non recoñecida oficialmente, cun uso informal e escasamente utilizada polos meios oficiais. A maioria da población asturiana falante é analfabeta e descoñece a utilidade que pode ter escrevela. Trata-se dun idioma morfoloxicamente próximo ao castellano e ao galego, con palavras iguais, coincidéncia normal en línguas que teñen convivido durante séculos e da mesma orixe. Como consecuéncia o seu vocabulário está pouco usado por descoñecido, mesmo para o leitor. A maioria dos escritores asturianos escreveron en castellano coa pronta castellanización das clases dominantes. Ainda que hoxe non é a mesma situación obviamente, sobretodo a partir de 1974 que comeza un proceso de recuperación lingüística articulada en diversas organizacións. O desequilíbrio

Tokio

producido por causas lingüísticas, históricas e literárias contribuiu a que se producise un sistema ideolóxico diglósico que se inserta na maior parte do tecido social de Asturies. Cando se falan asuntos "sérios" nas conversas tende-se facilmente ao uso do castellano, ou cando se dirixen á administración e institucións. Ainda que proporcionalmente en menos medida ocorre o mesmo nun importante número de galego-falantes. A conciéncia que vive o asturiano, como todas línguas en procesos de desenvolvimento, recuperación ou normalización ten e sofre determinadas etapas. Mesmo entre moitos asturianos considera-se un dialecto do castellano.

A aspiración a que a llíngua asturiana sexa parte importante da identidade colectiva dese povo merece a nosa simpatia e solidariedade. Descoñezo cal é o futuro dun idioma que sofre un retroceso no sistema lingüístico, asi eles o recoñecen, onde as formas e trazos lingüísticos máis diferenciados do castellano van-se perdendo, e as insterferéncias no léxico, por parte do castellano, aumentan. O fenómeno da urbanización, entre outros factores, non contribue ao seu desenvolvimento, pois fala-se maioritariamente no rural, asi como as persoas que non queren transgredir as normas sociais. Apesar diso os esforzos na recuperación do seu uso son notáveis nos sectores máis conscientes desa necesidade en todas as suas formas (emisións en Rádio, TV, seccións fixas en xornais, toponímia, movimentos artísticos, ensino con experiéncias de bable nas escolas onde colectivos de mestres teñen levado iniciativas en centros e sectores populares. Son estes últimos e nos ámbitos rexionalistas e radicalizados onde a loita é mais importante).

Apesar das intencións por parte dos meios oficiais de mostrar o asturiano como morto, existe un movimento (moito menos desenrolado que o galego) de defesa do seu idioma. É necesario protexé-la e favorecé-la ante o castellano. Con todas as salvedades e circunstáncias diferentes necesitará un proceso de normalización en moitos campos parecido ao noso. As línguas poden renascer se contan co apoio dos seus falantes e dos que se identifican con ela apesar de non utilizá-la como tamén ocorre en Euskadi.

Desde sempre foi intención dos poderes en que o povo esquecese un signo importante de identidade que tamén exerce oposición ao mesmo. Nos séculos XIX e XX acentuou-se aínda mais o poder centralista e Asturies careceu dunha burguesia rexionalista e de intelectuais que defendesen a cultura e o seu idioma. Os resultados dese poder centralista favoreceron ás clases dominantes, reducindo o asturiano á esfera das próprias necesidades de comunicación entre campesiños.

Parece-me importante expresar a nosa solidariedade coa llíngua asturiana e estreitar lazos co movimento de reivindicación lingüística dese povo. Non estou de acordo en proxectar complexos que subxacen moitas vezes en nós por tratar-se dunha língua sumamente minorizada.

Recoñecé-la e animar desde as nosas posibilidades a ese movimento que tamén aspira a normalizar o seu idioma é necesário, é un aspecto que non dificulta os nosos obxectivos. Non creio que a *Mesa* estexa por limitar ou obviar estes problemas. Trata-se dunha comunidade onde o galego ten compartida preséncia con outros idiomas, e que como o noso caso non se corresponden coas limitacións administrativas nese território. Dá-se a mesma situación no euskera e catalán.

Sobre a argumentación, que se deu entre outras, de que citar o asturiano implicava incluir outras línguas, estou de acordo. Outra forma máis de dizer-lles que non nos civilizaron a todos, e que se son consideradas como línguas non mortas deberian-se citar.

Non me parece nada saudável desentender-se destes problemas por moito ou pouco que nos afecten. O estado opresor busca reduzir á mínima expresión formas alternativas de cultura distinta á centralista. A min non me importa que digan que está tan diluída que o seu uso é de museu, ou que non goze de recoñecimento oficial. Importa-me nada o que pense a Real Académia Española. Si me importa que exista un movimento reivindicativo que axude a recuperar o seu uso. Persoalmente pareceu-me unha decisión nada solidária. Razóns de máis hai para escoitar (ninguén dixo o contrário xa que diso non se falou) o proxecto normalizador se o hai e a sua opinión sobre as zonas galego-falantes de administración asturiana.

Por último unha observación. Non me pareceu nada correcto que se dixese que teriamos que defender tamén "o andalú de Felipe González". Entendo perfectamente as antipatias que desperta ese home, pero é un comentário descontextualizado e nada respeituoso. Carente de sentido e nada político.

Non considero, nen moito menos, que incluir unha língua (se asi se lle recoñece) con menor formación literária e lingüística e non menor base humana falante sexa un empecinamento. A miña surpresa ante a pouca sensibilidade e solidariedade. Comparto o desexo de moitas persoas en que a llíngua asturiana floreza e teña un recoñecimento que nós non lle pudemos outorgar. □

(1) Utilizo indistintamente estas palavras, mas creio que *asturiano* é o nome que máis unifica o movimento reivindicativo da llíngua asturiana.

(2) Remito-me aos informes ao XIII Conceyu Internacional de Llíngües y Culturas Ameazades. Uviéu 1987.

A NORMALIZACIÓN DO GALEGO É COUSA DE TODOS
QUE O CONSIGAMOS DEPENDE DE TI

Se queres que a loita contra a marxinación do idioma e a sua defensa cobre unha nova dimensión, danos o teu apoio económico

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

APELIDOS .....
NOME .....
ENDEREZO (Rua/Praza) .....
LOCALIDADE .....
DTO. POSTAL.....TFNO.: .....
PROFESIÓN .....
CENTRO DE TRABALLO .....

DOMICILIACIÓN BANCÁRIA

.....a,.....de.....do.....
Caixa/Banco[1] .....
Sucursal .....
Conta Corrente/Libreta de Aforro[1] .....
Titular .....

Meus señores:

Solicito de vostedes que, até novo aviso, fagan efectiva á conta cte. número 10.297-4 da *Mesa pola Normalización Lingüística* (Ofic. principal da Caixa de Galicia) en Santiago, con cargo áa miña conta corrente/libreta de aforros [1], os recibos que no meu nome lles apresente Mercedes Espiño Amil, pola cantidade de 1.000 pesetas anuais.

Saúda-os atte.: Sinatura do Titular

(1) Táche-se o que non proceda

Remitir, unha vez cuberto, a:
MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
APARTADO DE CORREOS 247
SANTIAGO DE COMPOSTELA

retrincos da história

XESUS TORRES REGUEIRO

Os Golpe e a casa de Paio

Nas Mariñas de Betanzos, no concello de Oza e nun val a carón do rio Mendo, atópanse o pazo e as terras de Paio, hoxe convertidas nunha grande parte en bosque que mesmo oculta o pazo das olladas dos posíveis visitantes e curiosos. Pazo e terras estiveron vencelladas noutro tempo a dous personaxs senlleiros da bisbara e do rexionalismo galego.

Xoan e Salvador Golpe

Xoán e Salvador Golpe Varela, ademais dos grandes proprietários fidalgos, foron persoeiros destacados do movimento rexionalista de finais do XIX e primeiros do XX. Avogados ambos os dous, fundaron o xornal *La Unión Gallega* na Coruña no ano 1894. Xoán, quen sobreviveu a Salvador, foi un significado propagandista do movimento agrário *Solidaridad Gallega* a primeiros de século na bisbarra das Mariñas e tamén na montaña de Arzúa.

Contodo, Salvador acadaría máis significación e sona pola sua dedicación literária e política. Foi fiscal, xuiz municipal da Coruña e concellal da cidade, membro fundador da *Asociación regionalista* primeiro da *Liga Gallega* despois, integrante do grupo de intelectuais rexionalistas que se xuntaban na tertúlia da famosa *Cova Céltica*, correspondente e secretário da recén criada *Académia Gallega*. Chegou incluso a pasar pola cadea a causa da sua participación na campaña contra a supresión da Capitania Xeral da Coruña no 1892, que os rexionalistas tentaron capitalizar enfocándoa como unha afrenta do Governo central á Galiza. Esta campaña e as suas peripécias contounas Salvador no seu libro *De La Coruña a la cárcel pasando por Galicia* (1894). Outras obras suas son *Patria y región* (1897), *Regionalismo y lenguaje* (1902), *Lámbrica* (1907) e alguns poemas en español e galego espallados por vários xornais e revistas. Dous destes últimos (*Adios a Galicia* e *Dous amores*) acadaron sona ao ser musicados por Xoán Montes e Baldomir e recollidos por Carré na sua famosa antoloxia. A afeizón de Salvador polo folclore e a etnografia —foi membro fundador da sociedade *Folklore Gallego*— levouno a recoller un *Refraneiro agrícola-meteorolóxico* (1906), publicado co pseudónimo "Pedro de Merille".

Salvador morreu no ano 1909, aos 59 anos de idade, e Xoán anos despois sen que podamos precisar a data. Os dous irmáns están soterrados no cemitério de San Pedro de Oza, nun sartego que destaca entre os máis no adro da igrexa.

Nos últimos anos falouse que o concello de Oza ia dedicar unha homaxe a Salvador Golpe e asi se anunciou nos meios de comunicación. Coido que non chegou a realizarse ou polo menos non trascendeu. Seria de desexar, pois, que o concello de Oza retomase a idea e lembrase ao seu ilustre paisano cunha rua ao seu nome e a recopilación e publicación dos seus poemas espallados.

O pazo e as terras de Paio herdounas o pai dos irmáns Golpe, Don Manuel Golpe Núñez, dunha sua tia que non deixou descendéncia. Desde a fundación do solar, que ven de finais do século XV ou primeiros do XVI, Paio estivo sempre vencellado á linaxe dos Núñez de Oza. estes, ao longo do tempo, emparentaron con outras famílias poderosas como os Vilousaz e os Soutomaior, tal e como nos instrue o estudoso das liñaxes e dos pazos, Carlos Martínez Barbeito. A antiga casa, pésie á sua sinxeleza e pequenas dimensións, forma un conxunto de grande engado e fermosura con outras construcións posteriores: hórreo, fonte, pombal, lagar e capela. A capela conta un fermoso retábulo e pinturas murais ademais dunha talla atribuida a Ferreiro.

Outra das xoias da casa é unha antiga e importante biblioteca que nós puidemos contemplar hai uns anos grácias á xenerosa disposición da moradora da casa. Nela podíanse ollar documentos que a família conservou desde o século XVI e que os irmáns Golpe, en especial Salvador, incrementaron amplamente. Toda a produción dos nosos autores do rexurdimento e do Rexionalismo atopábanse nesta biblioteca familiar, ademáis de colecciónes inteiras de revistas da época, manuscrito de Salvador e un grande número de textos xurídicos como corresponde á família de maxistrados e homes de direito. Moitas das obras dos autores rexionalistas están adicadas ao seu colega e correlixionário Salvador, quen á sua vez acostumaba escreber contra-dedicatórias. E o caso dun libro de poemas — *Brétemas e raiolas*, coido lembrar— que lle dedica o escritor, libreiro e impresor Uxio Carré Aldao, e no cal pódese ler baixo a dedicatória: "Fuches deste libro autor; / logo editor e impresor.../ ¡Débesslle ter bon cariño! / Pois eres do novo amor / padre, compadre e padriño".

As posesións de Paio dan unha idea do poderio da casa noutrora: mil ferrados de terra nunha peza, arredor do pazo, lindando co viciño concello de Coirós, rio Mendo por médio. haberia que sumar outras propriedades da família en Melide e Arzúa. A enorme parcela de Paio, traballada por caseiros e colonos, case chegou indivisa até os nosos tempos, indicándonos que non todo é minifúndio na nosa terra.

Recentemente chegou aos meus ouvidos que o pazo de Paio e unha parte das teras foron vendidos pola sua última proprietária dona Maria Baltar, muller culta e de trato agradável, moi preocupada pola conservación da casa e da memória dos seus antigos moradores. Ogallá o pazo e o seu conxunto sexan respeitados polos novos proprietários tal e como desexaba Dona Maria. O que xa descoñezo é a situación en que se atopa a biblioteca dos Golpe e o seu paradeiro. Sabemos que unicmente unha moi pequena parte foi dar ao Arquivo Municipal de Betanzos por donación expresa de dona Maria. Confiemos que o resto, pola importáncia que ten para o noso património cultural, poda ser recuperada por algunha institución pública. Seria de lamentar a sua perda. □

músicos da galiza

XOAN MANUEL CARREIRA

Mili Porta

(A Coruña, 1918 - Madrid 9/11/1971)

Nome habitual da pedagoga Porta Siso. Formouse na sua cidade coas irmás Arias tendo de se examinar no Real Conservatório de Madrid onde rematará os estudos de Solfeo e de Piano aos 14 anos, logo estudará harmonia con Benito de la Parra e Composición con Conrado del Campo, mestre tamén doutra música galega, Obdúlia Prieto.

No 1935 vai dirixir a Orquestra Filarmónica da Coruña e ali fundará a Sociedade Lírica Coruñesa "Ofelia Nieto" dedicada ao repertório zarzuelístico e que debutará con "Luisa Fernanda". Comporá e representará con moito éxito unha pequena ópera infantil "Malibú" no 1942 que tamén subirá en Madrid aos palcos do teatro español e T. Fontalve e coa que fará unha xira levantina.

Gañará por oposición a cadeira de Solfeo do Real Conservatório de Madrid onde renovará moitos dos vellos critérios e levará até a morte un labor pedagóxico que non só lle faria obter a Cruz de Afonso X senón que permaneceria na lembranza dos seus discípulos que conseguiron que o Conservatório denomine "Aula Mili Porta" ao local onde deu clase e subscreberon un busto tamén conservado nese centro. Ese labor docente queda, parcialmente reflexado, na fermosura dalgunha das leccións do tratado de Solfeo da "Sociedade Didáctico-Musical", mostras de bon senso no seo dun método de solfeo (de vário autores) con moitas eivas. Entre as us leccións compre subliñar unha muiñeira.

Tamén desenrolou en Madrid unha meirande laboura como directora de Coros Galegos: "Anaquiños da terra" para o que fixo unha harmonización e 6 voces dun famoso "Alalá" e co que grabou o disco "Airiños". No Conservatório eriou un coro feminino coas alunas de canto: "Iria Flavia" e tivo unha imporante laboura na "Sección Cultural" do Centro Galego de Madrid e noutras agrupacións.

Doutra banda dirixiu, xunto co seu marido Fernando Navarrete, a compañia "Grupo de Opera de Madrid", realizando xiras peninsuares. A sua zarzuela "La Represa" ficou sen rematar a orquestración; nunha tradución ao galego de F. Navarrete e orquestración de Manuel Balboa foi estreada na Coruña once anos logo da sua morte. □

OBRAS:
Música Cénica. "Conie", "La represa", "Malibu". **Canción:** "Desespranza", "Estreliña", "Voa, anduriña", "Padrón, Padrón". Obra coral e as pezas de solfeo.

PARQUE NACIONAL DE DOÑANA
Datas: 31 de Marzo ao 3 de Abril / 1 ao 4 de Abril. **Précio:** 21.000 Pta. Inclue transporte desde Bilbao e Madrid, aloxamento e hotel en Matalascañas, visita ao interior do parque en veículos todo-terreo.
ANDALUCIA ECOLOXICA
Datas: 1 ao 10 de Abril. **Précio:** 36.000 Pta., inclue visita a **Doñana, Marismas de Odiel, Lagoa de El Portil, Ronda, Serra de Grazalema** e **Serra Nevada**; aloxamento e transportes.
ESQUI DE FONDO EN HUESCA
Data: 27 de Marzo ao 3 de Abril. **Précio:** 36.000 Pta., inclue tranporte, aloxamemto en hotel de Castejón de Sos, pensión completa e instrutores.
ROTAS EN BICI
DOÑANA E O ALGARVE PORTUGUÉS: 26 de marzo ao 3 de Abril **Précio:** 29.500 Pta.
O VAL DO TIETAR: 31 de Marzo ao 3 de Abril **Précio:** 13.900 Pta.
DE ALMERIA A MURCIA: 27 de Marzo ao 3 de Abril. **Précio:** 34.000 Pta.
MARROCOS, DE TÁNXER A CASABLANCA: 26 de Marzo ao 3 de Abril. **Précio:** 45.000 Pta. Todas as rotas incluen aloxamento en campings –Marrocos en hostais– pensión completa e furgón de apoio.
MARROCOS
ROTA DAS KAHSBAS: 25 de marzo ao 4 de Abril / 31 de marzo ao 10 de Abril. **Précio:** 45.000 Pta. inclue transporte en autocaravana, aloxamento en campings e guia.
AS CIDADES IMPERIAIS: 25 de marzo ao 4 de Abril / 31 de marzo ao 10 de Abril. **Précio:** 26.500 Pta. con aloxamento en hoteis / 18.500 Pta. con aloxamento en campings.
TREKKING POLO RIF: 31 de marzo ao 10 de Abril. **Précio:** 58.000 Pta., inclue transporte desde Madrid, infraestrutura para o trek, mulas de carga e guia.
ALXERIA
O GRAN ERG OCCIDENTAL: 25 de marzo ao 10 de Abril. **Précio:** 74.000 pta., inclue transporte visitando as **grandes dunas, oasis e cidades do deserto** (Timmimoun, Ghardaia, etc..), campings e guia.
TUNEZ EN CAMELO: 2 ao 9 de Abril. **Précio:** 91.000 Pta. desde Madrid / 88.000 Pta. desde Barcelona, inclue vós, aloxamento en hoteis e haimas, comidas, 4 dias de percorrido en todo-terreo polo deserto e 3 dias en camelo.
ÍNDIA CENTRAL E RAHASTHAN
28 de Marzo ao 10 de Abril **Précio:** 148.000 Pta., inclue vós, transporte en autocar e tren, visitando **Delhi, Agra, Benares** e **Rahasthan,** hoteis e guia.
CUBA
28 de marzo ao 3 de Abril. **Précio:** 119.000 Pta., inclue vós desde Galiza, visita da **Habana, Santiago** e **Pinar del Rio**, hoteis e pensión completa.

Solicita o noso folleto de viaxes de Semana Santa / Primavera e información de vós económicos.

anosluz
CLUB DE VIAJEROS
Ronda de Sant Pere, 11. 6° 3a. · 08010-Barcelona · Tlf.: 302 50 81
Ledesma, 7. 1° izqda · 48001-Bilbao · Tlfs.: 424 42 65 - 424 22 15
Rodriguez San Pedro, 2. Of. 1202 · 28015-Madrid · Tlfs.: 445 11 45

libros

Un exercício interesante

Manuel Guede Oliva deu-se a coñecer como escritor por un livro de poemas, **Contra Serenou**, que o mínimo que se pode dicer del é que é unha voz completamente diferente dentro da poesia galega de hoxe. Este livro de poemas, que muitos dixeron influenciado por Pound, podia colocar-se dentro dunha certa poesia épica que comeza a romper as fronteiras retóricas interpostas entre poesia e narrativa. Guede, agora, remata de rompé-las totalmente ao dar unha novela aoprelo: **Vísperas de Claudia** (1). Non se quer dicer que sexa a presente unha novela onde as duas vellas divisións retóricas (poesia e narrativa) quedan fusionadas, senón que agora Guede dá unha novela.

Puxo-se a esta reseña un título determinado, exercício interesante, polas razóns que agora diremos. Primeiro, Guede novela unha história facendo do principal protagonista un perxonaxe antipático, que non conta coa compresión do autor, nen vai contar coa do leitor polas reflexións que deita o novelista. Quer dicer, o narrador apresenta un personaxe "antipático" aos ollos del e do leitor; non é, xa que logo, este o personaxe preferido do autor ainda que sexa o principal da novela (difícil proba para un narrador e da que o autor sai indene, porque Zacarias Confurco, o Capador, é todo un personaxe). Segundo, apesar da evidente incontinéncia retórica, lingüística, o autor non chega a cansar ao posível leitor; certamente pudo conter-se un pouco e facer menos xogos lingüísticos que máis ben estragan que dan consisténcia á novela, pero apesar diso (e non falamos dos posíveis "tacos", senón desas asociacións aposta que se repeten demasiado, como por exemplo: "xa o sabía, non Sirvo, servo xa, Servoi, señora, servo para sempre...", ou "non retén, non contén, *no comment*", etc.), apesar diso —repetimos— a forma lingüística chega a ser complementária da história que se está a contar. E terceiro, e este é ao meu parecer un dos mellores aportes da novela, o narrador —seguindo unha tradición: Blanco-Amor, Risco, Otero, X. Quessada, etc.— vai facendo da cidade un dos principais personaxes da novela (2).

Se estes serian os acertos —algun deles— de Manuel Guede, hai alguns erros que lixan a novela. Un destes seria a cantidade excesiva de guiños ao leitor, leitor inteirado, claro. O máis grave destes guiños non seria o ideolóxico, senón o de remitir ao leitor a outras novelas doutros novelistas: **A Esmorga**, nun capítulo saen os personaxes da novela de Blanco-Amor e afinal volven aparecer. Outro dos erros é a potestade que ten o narrador de sabé-lo todo, até o que fai Otero Pedrayo mentres pasa un dos protagonistas por frente da sua casa. E outro erro, máis que erro falta, é a absoluta falta de humor —curiosamente— que percorre unha novela tremendista (ainda que sexa —segundo o lapelista— unha paródia dos modos literários do expresionismo tremendista).

Mais a presente novela é, ou contén, outras cousas: paródia dos modos literários do expresionismo tremendista. Paródia, segundo Gerard Genette, é "le détournement de texte à transformation minimale." E **Vísperas de Claudia** pode ver-se e ler-se, como unha paródia de **A Esmorga** (teñamos en conta que para Genette a paródia non é satírica). E se a alguén lle parece duro o termo paródia, poñamos o que propón o devandito Genette: transposición, asi o **Doutor Faustus** de Thomas Mann en relación co **Fausto** de Goethe ("pour les transformations sérieuses, je propose le terme neutre et extensif de *transposition*"). Isto pode ser a novela de Guede. Hai, tamén, a recriación dun mundo, dunha cidade própria, cos seus personaxes, que aparecen tanto na novela como na poesia de Guede, por exemplo, Claudia, que no citado livro de poemas pode ser Rosario (daí que poidamos pensar que o autor intenta a ruptura entre poesia e narrativa para dunha unha só cousa). Hai —e isto deita do anterior— toda unha mitoloxia própria que aqui evidéncia-se con King Kong, un —ao parecer— dos mitos máis caros ao autor. Estamos, xa que logo, perante un escritor que intenta romper dentro de si as fronteiras, impostas, entre os xéneros: poesia, narrativa, teatro, que ainda non o teña conseguido non quer dicer que o convite intentado por Guede non sexa correcto (aqui queda-se, con acertos, en audaz).

A língua escrita por Guede é, como ven sendo o normal, correcta dentro dos límites impostos polas distintas normativas, contodo —e reproducindo unha polémica que levanta ampollas en Cataluña— poderia-se dicer que usa un galego "heavy", quer dicer, que usa expresións que están na rua ainda que non estexan rexistadas nos distintos dicionários das distintas normativas, nen que decir que me parece mui ben, na páxina 134, aparece un "as estatuas en roíñas" que non sei quen o meteu, o autor ou o posível corrector. Tamén hai excesivas grallas de imprensa, e estas sempre lixan calquer livro, fóra calidades.

Guede deu unha interesante novela, ou, mellor, un interesante exercício. Comprirá que en próximas entregas conteña un pouco a sua expresión lingüística (pois ainda que a presente poda ser paródia, a expresión non está en función do que se está a parodiar) e —sobretodo, e por iso o deixamos para o final— non a acabe como a presente, é un recurso demasiado usado, ainda que talvez... todo foi o que vai ser. □

XGG

1) Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1988. 150 páx.
2) Curioso é constatar que a cidade galega mellor tratada como personaxe de novela é Ourense, pois aparte dos nomes citados debemos lembrar as duas noveliñas de Casares: **Cambio en tres** e **Ilustrísima**. Ourense —ainda que sexa un Ourense que acaba en 1936— é, hoxe por hoxe, a única cidade galega que ven sendo personaxe de novela.

Manuel Guede

Rosalia de Castro no seu tempo

Catherine Davies ven traballando sobre Rosalia desde 1980 baixo unha óptica que ela cataloga de sociolóxica. Recentemente, porfin, a Editorial Galaxia editou a sua investigación máis ampla, titulada *Rosalia de Castro no seu tempo* que, segundo aprece, leva algo asi como dous anos esperando en posesión da casa editora. Foi a intención da investigadora rectificar a imaxe social da persoa e da obra da nosa autora, porque era consciente da sua desfiguración e da sua manipulación. Neste obxectivo son coincidentes os esforzos da investigadora escocesa con aqueles que se veñen realizando na Galiza por un certo sector da crítica literária, representado basicamente por un libro colectivo como *Rosalia de Castro, unha obra non asumida*, de Editorial Xistral, 1985, ainda que semellante tendéncia estivese actuante e consciente, en intervencións públicas e artigos periodísticos, moito antes xa. É, pois, motivo de satisfacción que, desde a óptica dunha estudosa escocesa, de língua inglesa, se coincida no obxectivo e na conciéncia dunha necesidade.

O libro que imos comentar é unha importante contribución á historicidade e materialización da xénese da obra rosaliana. Non cabe dúbida que a procura de dados extrínsecos, de carácter histórico especialmente, avalia as conexións desta obra coa corrente de opinión progresista, por un lado a nível do Estado español, e polo outra a nível galego; nen que dicer que comparto esta ubicación, en termos xerais.

Porén o principal problema da investigación de C. Davies provén dunha conceición da análise sociolóxica que abala entre unha análise intrínseca —xa do sentido xa de aspectos puramente formais— e a erudicion histórica sobre e época, non logrando, moitas veces, unha coerente interrelación. Asi existe unha grande diferència entre o capítulo adicado á análise de *La hija del mar* (cap. IV, pp. 97-123), no que a coerénci a discursiva e analítica se mantén para demostrar acertadamente o seu carácter de manifesto feminista, o mesmo que, con outra finalidade, pasa coa análise de *La Flor* (cap. 3, pp. 63-97), e outros, como os adicados a *El caballeros de las botas azules* (cap. 9, pp. 277-305), a *Cantares* e *Follas Novas* (cap. 8 e 11, pp. 231-2777 e 343-383, respectivamente), especialmente heteroxéncos e menos centrados. Son híbridos de análises formalistas e métricas e erudicións culturais-históricas, sen acabar de reflectir a tendéncia global, a visión do mundo que neles subxace, con claridade. Fica, deste xeito, unha análise excesivamente escorada cara critérios academicistas tradicionais, privada da coerénci dunha análise realmente sociolóxica. Neste aspecto, debemos subliñar que, ao noso modo de ver, a autora fai un traballo de síntese exemplar de contribucións precedentes no cap. 7, titulado "O ascenso da lírica popular", ilustrativo dunha notória erudición literária e histórica, pero pouco funcional ou mesmo disfuncional, no que afecta aos aspectos fundamentais da obra rosaliana, como obra inovadora.

Ademais, a erudición oferecida ten unha certa chata que é a de bascular excesivamente sobre fontes de segunda man, repetindo erros que un maior distanciamento das fontes ou un achegamento máis directo ás da época , eliminaria. Asi a investigadora concorda coa tese de que os escritores galegos descoñecian todo o referente aos cancioneiros medievais (p. 162), o que é incerto en termos tan absolutos. Afirma que Rosalia á altura do 1860 "era toda unha celebridade en Galicia" (p. 168) o que dista de ser verdade, se entendemos por tal a fama popular e o recoñecimento en círculos extra-universitários. Repite que Francisco de Paula Canalejas reseñou *Cantares* en *La Democracia* de Castelar, cando realmente foi en *El Contemporáneo*. Non valora correctamente a atitude de Brañas respeito de Rosalia (p. 321) ou non acerta cando afirma que Curros era federalista (p. 328)... Pero estes son pequenos errores, debidos a acreditar nunha bibliografia ás veces rotinária.

Máis importáncia ten, ao meu modo de ver, atribuir a *El caballero...* a ética e os valores do krausismo (p. 283-84) dunha forma nada convincente, pois que a própria investigadora sabe que os krausistas estaban a favor da indisolubilidade do matrimónio (p. 291) e tiñan unha conceición da história idealista e pro-burguesa (p. 283); non sinala correctamente as clases sociais analisadas na novela cando comenta que o cabaleiro só coñece "duas persoas valiosas: Mariquita e Melchor, ambos os dous pertencentes á clase obreira" (p. 294). Esta ubicación non é correcta, pois non aparece indivíduo algun desta clase; só son aludidos como trasfondo do cadro ou como destinatários da revolución final. Ao meu parecer, esta desorientación agudiza-se cando se di contar coa ideoloxia pre-nacionalista como determinante do pensamento rosaliano. Esta determinación esvai-se nas concluisóns, ao converter a Rosalia nun antecedente do modernismo e da xeración do 98 có que, desde unha perspectiva de análise sociolóxica, chegamos a unha grave contradición, moito máis grave se se afirma que "a obra de Rosalia é fundamental, xa que logo, para a comprensión da literatura española do século XX" (p. 429).

Unha confesional crítica sociolóxica resulta asi coincidente nos seus resultados con outras críticas academicistas, ben intencionadas, anteriores, como a de Maria Antonia Nogales de Muñiz (*Irradiación da obra de Rosalía*, Barcelona, 1966). Coido que se confunde ser a pioneira de revolucións formais e métricas con similitudes ideolóxicas, que non aparecen por nengures. Nunca foi Rosalia unha irracionalista, nunca foi unha españolista ou pro-imperialista, nunca unha cosmopolita nen nunca unha poeta de "gay trinar".

En fin, libro de leitura recomendáabel, podia ter desbotado moita información sobre a história de España no século XIX, irrelevante para o tema tratado e que agrandou o texto inecesariamente. É digna de encómio a contextualización da obra de Rosalia, a interprertación do seu sentido e base ideolóxica, en moitas ocasións; non son coerentes as perspectivas da análise co método seguido en ocasións e con algunhas conclusións finais. Pasa-se do ideolóxico e filosófico ao literário e formal sen unha dialéctica de certa complexidade, levando este hibridismo a asertos contraditórios con certas análises prévias (a obra rosaliana como produto da tendéncia nacionalista na Galiza / a obra rosaliana antecedente da xeración do 98 e do modernismo).

Non quero rematar sen facer alusión a que C. Davies recoñece que deixa fóra un aspecto que ela denomina feminista. Posibelmente isto explique a mal-interpretación do poema "¡Nin a escuras!" (p. 359-360), como un caso de violentación sexual dunha mociña labrega por parte dun señor fidlgo. C. Davies deixa fóra da análise máais ben un aspecto crucial da obra rosaliana cal é o da norma social, o problema da identidade de homes e mulleres e a posibilidade de harmonia, o problema da represión, da autocensura e da culpa nunha sociedade alienada.

Rosalia de Castro no seu tempo, pésie a todo, non contará co aplauso dos saudosistas nen dos metafísicos; tampouco dos que quixesen manter a Rosalia no limbo do apoliticismo; menos dos que rabearon cando aqui se afirmou que a sua obra tiña febras anticapitalistas. Como se trata dunha investigadora estranxeira, os colonizados-colonizadores calarán a bon seguro. É, pois, un libro de agradecer. □

FRANCISCO RODRÍGUEZ

Catherine Davies

cine

O império Spielberg ou a realidade vista por un miope

Fotograma do *Império do Sol*

Por terceira vez na súa filmografia *Steven Spielberg* enfréntase á adaptación dun texto literário. Antes foron "Tabeirón" e "O color púrpura" e, agora, a novela autobiográfica de J. G. Ballárd. Rodada en Shangai e Trebujena, onde están localizas as secuéncias do campo de internamento e onde foi preciso reconstruir unha pagoda, unha estación de ferrocarril, un aeródromo, un estádio e outras instalacións máis, "O imperio do sol", tardou en rodarse algo máis de nove meses. Empregáronse máis de dez mil extras e, antes de comezar a rodaxe definitiva, a equipa Spielberg empregou un ano na procura dos cenários idóneos por terras de Austrália, Israel e Nova Zelándia. Porfin China e España lograron convencer a Spielberg. Milleiros de extras, unha equipa dunha calidade técnica incuestionábel, unha lexión de garda-costas que vixiaban para que nengun curioso se acercase aos lugares de rodaxe... son alguns dos elementos que constituen a história miuda pero necesária de dicer, nesta película que cun custo total de máis de catro mil millóns de pesetas —Spielberg declarou que polo menos mil quedarian en terras andaluzas— ameaza con estar por moito tempo nas carteleiras. Pero, se houbese que facer balance, que é o que queda despois dos cento cincuenta minutos que "O império do sol" transcorre pola máxica e maravillosa superficie rectangular dunha pantalla de cine? Dende logo na miña opinión, non demasiado. Pero vaiamos por partes.

A ferramenta expresiva dun arquitecto do cine

Spielberg é, como fora nos comezos do cinematógrafo o grande Mélies, un auténtico "mago", un prestixitador consumado que controla de maneira xenial os resortes do mecanismo do cine como artifício, como espectáculo ensoñador, como bruxeria que nos transporta a mundos cheos de fantasía, de máxia e de irrealidade. E isto non é, certamente, algo que poda deixarse desubliñar. As súas películas levan un envoltorio abraiante, un esquelete maxistral, unha maquinária perfeita e milimetricamente ordenada que non permite os erros e que é capaz de alonxar os riscos inecesários. O autor de "E.T." dispón, sempre dunhas receitas correctas e axeitadas as suas necesidades expresivas —écomerciais/económicas— que lle permiten que aos seus artículos, que as suas "mercancias", sexan obxectos exitosos. Por outra banda, Spielberg ten dabondo amosada a sua maxistral capacidade para facer *cine*, para se manexar con absoluta solidez polos currunchos máis espiñentos dun ofício que plantexa a solución a numerosos problemas e conflitos na orde da sintaxe e a gramática expresiva. É un home que coñece á perfección a ferramenta necesária para esquivar os recantos máis sutís dunha linguaxe estética que poucos como el dominan con tan alto grau de perfección. Isto é asi, sen máis. Doutra parte, hai que dicer que Spielberg ten sempre ao seu alcance todas as facilidades que lle permite ao seu poderso império económico, de xeito tal, que a sua solvéncia monetária lle posibilita atar de maneira definitiva e completa calquer desliz que se poda producir no terreo técnico/expresivo. As dúbidas sobre a correción de calquera dos seus produtos non se lle plantexan xamais a nengures. E non podería ser doutro xeito: como xustificar un fracaso "formal" tras dun investimento en cartos tan abraiante? Non obstante "O imperio do sol" ten certas fraxilidades.

Os límites do discurso.

Se no terreo do exterior as cousas son correctas, na orde "interna", na dialéctica do discurso, os vaivéns son considerábeis e, ás veces, semella como se non houbera a precisa conexión entre o espácio do "dito" e o espácio do "dicer", de maneira que cando se "raña" un pouco xurden os problemas de conxunción e rítmica mistura. Velaí un dos principais límites do filme, isto é, na falta de mesura entre un "continente" brillante e de enorme calidade e un "contido" cheo de artifício que xoga, con premeditación e alevosia, entre a realidade e o soño, entre o sentimentalismo pueril e a superficialidade: o caparazón é superior aos elementos que conforman o interior da história.

Na película abondan, ao meu entender, os cámbios bruscos de rexisto, e estes provocan, ás veces, fisuras no ritmo dramático, dándolle, por outra parte ás secuéncias onde se alternan os momentos de grande espectacularidade e movimentos de masas (a fuxida da povoación civil nas ruas de Sanghai.) con outras de maior intimismo e cadéncia, unha solución só relativa. Spielberg estira demasiado certas secuéncias e a duración da película convértese, por momentos, nun problema que insinua o esforzo de atención.

No cerne do discurso atopamos a predilección do director de "Duel" ("O diaño sobre rodas") polo mundo da infáncia, ese mesmo mundo que lle permite facer o cine que lle gosta, o cine que lle deixa exorcizar as suas pantasmas íntimas, plantexar os seus desexos mais queridos, turrando, iso si, pola vea facilona da ensoñación infantil.

No filme nárrase a história dun rapaz británico que, como o próprio Spielberg, ama os avións de xoguete e soña con voar e que vai ser vítima e testigo da guerra que os seus maiores fabricaron a meados deste século que corre. E será o sofrimento e a contemplación "inocente" do que lle sucede ao redor o que fará que Jim Graham se converta pronto en home, en adulto prematuro. No itinerário persoal deste rapaz, asístese, non á história dun home que descobre a realidade através da mirada do neno que ainda habita nel, senón que, pola contra, presenciamos o despertar a esa realidade através da mirada dun neno feito home demasiado proto". A guerra e esa imensa fotografia feitã por Deus —asi vé Jim o efeito do estalido da bomba de Hiroshima— son elementos que decoran o rito de trasmutación, a cerimónia iniciática que provoca a perda da inocencia e a conversión, dolorosa, en home.

Spielberg ten dito a propósito do filme que o seu discurso vai contra as guerras e contra os efeitos que estas producen na infáncia.... Nada que obxectar a esta declaración de princípios. Non obstante, hai que subliñar que esa infáncia que escolle este novo Rei Mídas do noso tempo, esta infáncia que merecer a sua atención millonária, é unha infáncia moi concreta, unha infáncia chea de piscinas, de criados, de bons traxes, de boas comidas, de boas escolas, de "finos" e delicados pais... A outra, a dos nenos de Shangai, de Managua, de Saigón ou de calquer paisaxe ferida polos campos de refuxiados en calquer zona deste mundo desigual, non poderia ser retratada por Spielberg, posibelmente, porque nen sequera se imaxina como pode ser. Claro está que isto seria obxecto doutra história, unha história que Spielberg xamais contará.

CELSO LÓPEZ

arte

Cerámica da paisaxe urbana en Pontevedra



Das terras do Mediterráneo Ibérico teñen saído os máis importantes ceramistas peninsulares, o Levante transformador do barro, nunha longa estirpe de artesanato. A cerámica, continuada no traballo de cartón-pedra, alcanzou nesas xeografias unha calidade prestixiada que ainda deu lugar á aparición dun poderoso sector industrial. O mesmo poderia ter acontecido na Galiza mas, lamentábel, aqui non só foron fechando os alfares, despreciados os nosos artesáns, case nen se conservan pezas do que ten sido unha importante tradición.

Se cadra a reflexión é ainda mais doída ao comprobar a cariñosa dedicación que un escultor e ceramista valenciá, Vicent Barreira, debruza na sua obra pontevedresa. Un artista chegado a Pontevedra á procura de inspiración que fica maravillado na contemplación da paisaxe urbana do vello caseo que envolve a Ferraria, a Praza da Leña, o arco ou os soportais de guarda-chuva. Barreira ocúpase do solitário, da decadéncia das solainas e fachadas, do que a ninguén semella interesar, os vellos edifícios destinados á piqueta especuladora; as xanelas de cristais mollados, cos marcos de madeira agoniante que tiveran cor verde. A cidade que quizá foi máis do que hoxe pode maxinar Vicent Barreira no seu proceso de fixar en obra artística a cidade que palidece esvaíndose.

Releves cerámicos rematados con verniz especialmente sensíbel á elevada temperatura de cocción á que submete as pezas o autor, apoiándose en cinzas vexetais de laranxo, maceira ou limoeiro, coas que a sua colaboradora, Esperanza Fontecha, consegue obter do lume uns fermosísimos resultados.

A mostra promovida por unha firma especializada en cerámicas artísticas, *Época*, representa un retorno á valoración do vello frente ao antigo, do decadente, da desfeita natural, do abandonismo urbano na reproducción da Pontevedra fermosamente traicionada na pedra. □

Na Sá da Cultura de Pontevedra, das 19.30 ás 21.30. Até o dia 30.

A. REBORDELO

televisión

Para cando

É muita gente que acha a falha de programas sobre a nossa realidade na Televisom da Galiza, programas que nom tenhen porque limitar-se a umha *"Outra Jeira"*, que por certo os serviços informativos andam fazendo um bon trabalho, senón que tendo umha certa dose de didactismo e continuidade converter-se-ham num espaço fixo e habitual da TVG. Já tenho escrito da necessidade dum espaço-curso de língua, nom fechado a nenguma tendência na escrita, no que a língua nom apareza como un fenómeno básicamente do século XX, senom que o estudo da mesma, das suas variedades, das sua palavras, das suas construçons sintáticas, das deturpaçons, das hesitaçons dos falantes... estejam historiadas, quer dizer, que se nos apresente o processo histórico "anormal" que nos levou até estes empos enlamados que gastamos.

Está o dito muito conhecido de que "Os povos que nom conhecen a sua história estám condenados a repetí-la", e se hai um povo ao cal a sua história é-lhe negada dia a dia, mistificada e confundida, esse povo é o povo galego. É difícil entender o nosso presente sem conhecermos o nosso pasado. A TVG tém a obriga de entretendo levar aos fogares da audiência um programa curso sobre a nossa história, com todo o abano de possibilidades que em cada intre se iam abrindo de diante do ser nacional da Galiza. Esta Galiza construida sobre os cimentos de múltiplas misturas na alta idade média, e conformada como naçon já plena, e umha das primeiras do continente europeu, nos séculos XI, XII e XIII.

Um programa sobre a nossa história nom deve tan só limitar-se a imagens de ruinas, ainda que estejam realizadas pola excelente criadora que é Sol Varela, mentres a voz dalgúm "sábio" conta as peripécias de gentes que foron algo no seu dia. Um programa sobre a nosa história frente a tanta deturpaçom como padecemos, debe ser aberto, cada emissóm incluira um debate, e olharemos e escuitaremos nele porque as cousas forom desse jeito e nom doutro, faremo-nos as perguntas ao revés, do tipo: por que a Galiza tendo as condiçons naturais que tém, como se acham em pouco povos non realizou un estado próprio, e a Galiza do Sul, rachando a unidade e tendo tudo em contra para construir um estado próprio, fixo-o, e porque desse rachamento do país temos duas comunidades que lamentavelmente caminham as mais das vezes dandose as costas. Num programa sobre a história contará-se a tristeza da nossa dominaçom tal como foi e como segue sendo, quitaremos os anteolhos deformantes para reler a história de Espanha que se ensina, e isso nom é complicado, chega com colher calquer manual escolar de história de Espanha para perceber-mos que a história de Espanha é a história da monarquia castelhana e das súas classes dominadoras, e o estado espanhol actual, é pura e simplemente a evoluçon dessa monarquia, e já podemos comezar a entender o nosso triste presente nada casual nem determinado por nengúm "imperativo categórico", poderemos falar de como os Ingleses Sir John Drake, que topou coas dúvidas da Grande Rainha Isabel Tudor e a resisténcia burguesa a soltar cartos dos Comuns, (Olha que de já ser colonia isso foi todo umha mágoa, hoje polo menos todos saberiamos inglés e nom teriamos pasado por algumha ditadura). O conhecimento da nossa história tém que ajudarnos a olhar cara o futuro para que a nossa pátria e o seu nobre povo ocupem o digno lugar que lhes corresponde no mundo. □

C.B.A.

música

Rock logronhés

Já levam tempo intentando-o e não há maneira. Quando o LP de *Obras Públikas* saiu do prelo e foi recibido como uma "punta do *iceberg*" da actividade musical roqueira que em Logronho estava a ter lugar. Pouco depois aparecia *Mistos Garibaldi* con apresentação a todo trapo. E nada. Se a causa da escisão em Soñua, dando lugar ao nascimento de Oihuka –continuistas– e Nola –renovadores-, foi a discrepáncia sobre o apoio que se devia ou não se devia prestar à "nova movida logronhesa", os resultados demonstram claramente o estúpido que vem sendo apostar pela comercialidade máis *light* ante um público acostumado já a alternativas máis "autênticas", e contra uma superestrutura que sustenta já o seu próprio sistema (o tempo das discográficas independentes já passou e já deu de si tudo o que podia, e tinha, que dar).

Porque é inegável que *Obras Públikas* têm certa grácia, e que *Mistos Garibaldi* não tocam que digamos mal. Mas o caso é que, qué é o que se pretende: substituir ou coesxistir com uns cada vez máis en declive *Siniestro Total* ou *Sindicato Malone* (por pôr dois exemplos)? Competir con *Olé Olé* ou com *Alaska*? As multinacionais já cederom o seu anaco de pastel e nem elas nem os beneficiados (caso D.R.O. p.e.) vão fazer-lhe sítio a máis nenhum recém chegado. Eis a prova: de *Obras públikas* apenas um tema ou dois pela rádio, de *Mistos* apenas a notícia escrita da sua existência. Certo que com Soñua, como o Rock Radikal Basco, passou o mesmo ou peor. Mas o público soubo apreciar a "autenticidade" desta música e apoiouna contra ventos e marés. Rir-se da ONU, tomar-se a conha ao ministro, falar da fome en Etiópia, vacilar com a Igrexa ou meter um saxo no grupo (*Obras Públikas*) não parece suficiente. Tocar um funki aceitável e referir-se á Olimpiada de Barcelona num disco cheio de tonterias (*Mistos*) tampouco. Lá eles. □

M.Q.

CASA DO CONCELLO DE FENE

ALBERTO CAMPO BAEZA

1946. Nace en Valladolid. **1971** Arquitecto ETSAM Madrid. **1976** Profesor Encargado de Curso. Proxectos de ETSAM Madrid. **1977** Corresponsal en Madrid A&U Architecture and Urbanism. **1981.** Profesor Invitado International Summer Course. Cornell University (Ithaca, New York). **1982** Doctor Arquitecto ETSAM. Madrid. **1983** Profesor Ordinário International Summer Course. Facoltá di Architecttura di Milano. Pavia (Milano). **1984** Profesor Adxunto proxectos ETSAM. Madrid. **1986** Profesor Invitado University of Pennsylvania. Philadelphia. Profesor Invitado Architectural Association. London. Catedrático Proxectos ETSAM. Madrid. **1987** Director I. Departamento Proxectos ETSAM. Madrid.

EXPOSICIÓNS

1978 Obras e Proxectos. Madrid ETSAM. **1979** Obras e Proxectos. Pamplona Colexio Oficial de Arquitectos. **1984** *Madrid Madrid Madrid*. Madrid Centro Cultural de la Villa de Madrid. **1985** Obras e Proxectos. Paris, Bienal de Paris. Architectures en Espagne. Paris Galerie du Moniteur. Nouvelles Architectures en Espagne. Bourdeaux. **1986** Obras e Proxectos. Almeria, Colexio Oficial de Arquitectos. 10 Arquitectos Españoles. Buenos Aires, Bienal de Buenos Aires. **1988** 10 Arquitectos Españoles. Sao Paulo Bienal de Sao paulo. Obras e Proxectos Coléxio Oficial de Arquitectos de Alacant.

PRÉMIOS

1971. 1º prémio Santander Palacio de Festivais. **1973** 1º prémio Cuenca Parador Nacional con Julio Cano, M.M. escanciano, A. Mas e J. M. Sanz **1977** 1º prémio Fene- A Coruña. Concello. **1978** 1º prémio Almeria Praza de Catedral. **1979** 1º prémio MEC Concruso Nacional de Escolas. **1982** 1º prémio Madrid Gymnasium Cidade Universitária. **1986** Prémio Arquitectura Concello de Madrid, Madrid. Escola Pública en Bárioo de S. Fermin. Madrid. **1987** Primeiro prémio especial do Xuri Bienal de Buenos Aires. 10 Arquitectos españoles. Medalla de oro. Asociación Internacional Críticos de Arte. 10 Arquitectos Españoles.

















COMENTARIO

Proponse a criación dun edifício para acoller diversos servícios municipais. Como base física cóntase cun espléndido solar situado en cabeza dunha zona declarada como verde, a carón do Cádavo.

Consideradas todas as circunstáncias rexeitouse xa desde un comenzo a idea de proxectar un edifício illado, tentando pola contra acadar un edifício que artellando uns espácios ben definidos, con uso claro, promóvese e fomentara a vida de relación en todos os seus aspectos. Entendo asi o Concello, non como un mal necesário para xestionar aspectos administrativos e burocráticos senón, cun enfoque máis positivo, enténdoo como **Casa de Todos.**

O Edifício Principal, coas suas connotacións simbólicas evidentes, articula duas prazas: unha de recreo-estáncia e outra de carácter cultural.

Neste edifício alóxanse os elementos pedidos como imprescindíbeis (ainda que a solución proposta é moi flexíbel admitindo diferentes distribucións). Característica fundamental é a sua trasparéncia, evidenciando o desexábel carácter de claridade das actividades nel desenvolvidas.

Ao longo dos anos 79 e 80 construeuse a peza do Concello. Os outros dous bloques ainda non teñen sido construidos ao igual que unha das prazas.

As prazas son o verdadeiramente importante. Nunca as pensei como acompañantes da Casa Consistorial. As pezas municipais acompañan a estes espácios urbanos.

O presente proxecto foi o gañador do concurso de ideas convocado para a construcción da nova Casa do Concello de Fene

convocatorias

V SEMANA DE FILOSOFIA

Entre o 4 e o 8 de Abril celebrarase en Pontevedra no Auditório da Caixa de Aforros Provincial a V Semana Galega de Filosofia que terá como motivo "Identidade e Cultura: o caso galego", organizada pola Aula Castelao.

Mañá:

Identidade e cultura: reflexión introdutória que permitirá dar un sentido de universalidade ás ponéncias e comunicacións de tarde e noite.

Os ponentes serán: Roger Garaudy (dia 4), José Enes (dia 5), Alexandre Kuznetsov (dia 6), Miguel Morey Farré (dia 7) e Carlos Castillo del Pino (dia 8). Serán apresentadas ademais seis comunicacións.

Serán:

Estas sesións, dedicadas ao Pensamento Galego na História, están recollidas nun dossier de perto de 500 páxinas o que permitirá que podan ser discutidas sen necesidade de exposición prévia. Inclúense 26 ponéncias e 1 comunicacións. Serán ponentes X.C. Bermejo Barrera da Idade Antiga (dia 4), S. Jiménez da Idade Média (dia 4), Paxerto Saavedro en Idade Moderna (dia 5), X.R. Barreiro Fernández no XIX e primeira parte do XX (dia 6) e Bernárdo Maiz do 36 aos nosos dias (dia 7). A xornada do dia 8 será dedicada á elaboración das conclusións.

Noite:

Nas sesións da noite desenvolverase, de cara a todo o público, o ciclo: A Galiza do presente e do futuro. Da problemática económica falará López Suevos (dia 4), da estrutura social Pérez Vilariño (dia 5), sobre a problemática cultural terá lugar unha mesa redonda (dia 7) moderada por Gustavo Luca de Tena e na que tomarán parte o Conselleiro de Cultura, Alfredo Conde, Díaz Pardo e Xoán Luis Pintos. O dia 6 e sobre a política intervirá o vice-presidente X.L. Barreiro Rivas. A lección maxistral de clausura versará sobre o Futuro da Galiza e correrá a cargo de X.M. Beiras.

As sesións da noite suporán un achegamento ao último capítulo do pensamento galego.

Como colofón das xornadas os organizadores solicitarán das autoridades educativas a inclusión dunha asignatura de pensamento galego na universidade asi como no bacharelato.

DIAPO GALICIA

Convócase a 1ª mostra "Diapo Galicia" do audivisual que terá lugar en Ourense organizada pola Agrupación Fotográfica Ourensán baixo a dirección técnica do "Obradoiro de Creación Audiovisual" de Vigo e a colaboura da Casa da Xuventude de Ourense, e que terá lugar na Casa de Cultura Ourensán, os dias 14, 15 e 16 de Abril de 1988, rexindose polas seguintes Bases:

1.— A mostra vai dirixida a todos os realizadores de programas audiovisuais de diapositivas, acompañadas de bandas de sonido e previamente codificadas.

2.— Aceptaranse programas codificados en calqueira tecnoloxia, preparados para proxección, montados en carruseles e cun mínimo de dous (2) proxectores. A organización disporá do número de proxectos necesarios e das tecnoloxias de interpretación de codificación mais habituais. Coa inscripción será necesario confirmar a tecnoloxía empregada.

3.— Aceptaranse únicamente diapositivas de paso universal montadas en marquiño de 5 x 5.

4.— O tema será libre e a duración máxima dos programas, de 20 minutos.

5.— A organización resérvase o direito de selección.

6.— Para inscribirse será necesario que a Organización reciba o volante adxunto antes das 24 horas do dia 18 de Marzo de 1988 dirixido a Secretaría de Diapo Galicia, c/ Capitán Cortés, 29, teléfono (988) 22 85 00. Non será válida ningunha inscripción onde non figuren debidamente cumplimentados todos os apartados do volante. Débese rellenar un volante para cada programa.

7.— A inscripción é gratuita.

8.— Estabrécese o prémio especial "Diapo Galicia" concedido polo público.

9.— A Organización resérvase o dereito de modificar estas bases en caso de facerse necesario.

10.— A Organización fase cargo dos gastos de envio e reenvio dos programas cuia data de recepción e medios de transporte serán comunicados coa debida antelación aos participantes.

CONTOS INFANTÍS 'O FACHO'

A Agrupación Cultural O FACHO, co patrocinio de Caixa Galicia, convoca a XXI edición do Concurso Nacional de Contos Infantis "O Facho", de acordo coas seguintes Bases:

1ª.— O concurso consta de duas seccións:

a) Contos para nenos sen limitación de idade.

b) Contos de nenos, que consignarán a idade ao pé do traballo que manden, subdividindo-se esta modalidade en dous grupos:

1) Nenos entre 10 e 15 anos.

2) Nenos de menos de 10 anos.

2ª.— Os traballos, de tema libre, deberán ser inéditos en idioma galego. Cada concursante poderá mandar cantos contos quixer, non podendo exceder cada conto de 6 fólios, mecanografados a dobre espazo.

3º.— Os orixinais mandarán-se por triplicado, baixo plica, seasi o desexar o concursante, entrando en concurso unicamente aqueles traballos que teñan ingreso no domicilio da Agrupación Cultural O Facho — Federico Tapia, 12, 1º C, A Coruña — antes do dia 1º de Maio de 1988.

4º.— Os prémios serán como segue.

a) Contos para nenos: Un único prémio de 50.000 ptas.

b) Contos para nenos: Prémios consistentes en lotes de libros e cassetes:

1) Entre 10 e 15 anos: Un primeiro prémio de un lote de libros e cassetes; un segundo prémio dun lote de libros e un terceiro prémio dun outro lote de libros.

5ª.— "O Facho" reserva-se o direito á publicación dos contos no período de 18 meses, computados desde o coñecimento público do fallo.

6ª.— O fallo dará-se a coñecer a fins de Maio, mes no que se veñen celebrando diversos actos en torno á nosa cultura.

7ª.— A A. C. O Facho reservase o direito de designar o Xurado que ha fallar os prémios, asi como o sistema de eleición dos contos gañadores.

8º.— A participación neste concurso supón a aceitación expresa das presentas bases.

III PREMIO BURIL

O C.C. Buril convoca co III prémio das letras galegas o Concurso Literário Infantil que se rexirá polas seguintes Bases:

1.—Poderán participar todos os nenos e nenas en idade escolar do Concello de Cervo.

2.—Todos os traballos deberán apresentarse en lingua galega no modo e forma que se especifica:

—De cada traballo enviaranse cinco cópias.

—As obras virán mecanografadas a dobre espácio ou manuscritas con letra moi clara, por unha só cara.

—O tema a tratar será libre.

—Cada concursante poderá apresentar o número de obras que considere.

—As obras apresentaranse baixo plica e nun sobre adxunto o nome, enderezo e teléfono.

3.—Convócanse tres prémios nas categorias de Teatro, Narrativa e Poesia, que estarán dotados con lotes de libros e diploma, todos os concursante receberán un diploma.

4.—As obras premiadas serán publicadas.

5.—Os traballos remitiranse ao Apartado de Correos nº 58 de Burela antes do 22 de Abril de 1988 indicando no sobre "concurso infantil".

6.—O C.C. Buril designará un xurado e as suas decisións serán inapelábeis. Unha vez que se emita o fallo comunicaráselle aos premiados o lugar e hora da entrega.

7.—As obras gañadoras quedarán en poder do C.C. Buril.

8.—As obras de teatro non pasarán de 10 fólios, narración de 3 fólios e poesia 50 versos.

9.—A participación no concurso leva implícita a aceitación das bases.

publicacións

COLÓQUIO/LETRAS Nº 100

Raramente unha publicación literária atinxe a número de tres díxitos, mas felizmente a Colóquio / letras que edita a Fundação Calouste Gulbenkian de Portugal ten chegado ao seu número cen no correspondente a Novembro e Decembro pasados. Nel entre outras colaboracións e traballos destaca a publicación de inéditos de Fernando Pessoa sobre a ditadura e o ditador portugués do que foi contemporáneo. Parabéns ao director Mourão-Ferreira e á sua equipa, tamén á Gulbenkian por tanto bon facer cultural.

O CORVO DESTRAVADO

O Colexio Mendiño de Vigo ven de editar o número 0 dasúa publicación "O Corvo Destravado" que intenta "axudar desde o noso posto á língua galega, a descubrir esas lendas ou contos, histórias que afondan no noso ser coma as mesmas raices na terra". No seu primeiro número inclue ademais dun sumario e editorial: A Pantasma de Bembribe, poesias, Arnau Arnau cabeza de pau, punk a morte xoven, deportes, pasatempos etc.

CARTAFOL HOMENAXES

Escolma da Mostra do mesmo nome de Manuel Sendón. Homenaxes a fotógrafos universais, clásicos da história da fotografia. Sete fotos por Cartafol. Tiraxe 80 exemplares. Précio 4.000 pta. Proceso Cibachrome. Tamaño 9x13.

GALICIA MODA

No sector da moda, Galiza conta cunha revista que divulga as tendéncias entre os comerciantes e futuros compradores, *Galicia Moda*; publicitadora intelixente sabe combinar os reclamos con oferta cultural en artigos de Antonio Gala, Senillosa, Díaz Plaja ou Pedro Mansilla. Seccións dedicadas á arquitectura, escultura, pintura e ás factorias nas que se elabora a roupa que puxo de moda á moda galega.

Galicia Moda é un catálogo de moda, si certamente. Mas ten interese, por estética, mágoa non sabermos o nome dos fotógrafos dalgun dos excelentes anúncios.

CADERNOS DE PSICOLOXIA

Coincidindo coas comemoracións do dia da muller traballadora saiu á rua o número catro da revista que edita o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, Cadernos de Psicoloxia. Neste caso o monográfico é titulado *Psicoloxia e Muller*. Un editorial de esclarecimento afirma que "na actualidade e dentro do campo da psicoloxia, mantéñense evidentes prexuizos sobre as caracteristicas e capacidades de varóns e mulleres e portanto das suas diferéncias... penoso se temos en conta que levamos máis dun século de obxectividade cientifica."

No número colaboran Nanina Santos, militante feminista; Soledad Galiana e Helena de Marianas, psicólogas, abordando os efeitos psicolóxicos que a violación produce na muller; Psicólogas dun centro de reclusión de mulleres dos que se analisa o clima social que elas, mulleres recluídas, teñen que aturar; Emilce Dio, psicanalista que aqui fala da sua especialidade en relación á muller; Isabel Peleteiro nun traballo desmitificador da créncia da superioridade do home sobre a muller no rendimento da resolución de cuestións matemáticas. A maneira de suplemento publícase o documento "Bases para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental".

Outra revista integramente en galego editada de maneira excelente.

A.M.

anúncios de balde

Atençom Corunha, comarca e arredores: Tenciona-se formar un grupo de 10 ou 15 pessoas para impartir aulas de Galego (reintegrado). Preços muito interesantes. Chamardes de noite ao telefone (981) 24 96 40.

O Centro de Información dos Direitos da Muller, Alecrín, amplia o seu horário ao público. De Luns a Venres: mañás de 10.30 a 13.30 h. De Luns a Xoves: tardes de 5 a 7 h. A partir do 22 de Febreiro. Alecrín está en García Barbón, 30-6º Of. 3. Telf.: 986-439459 (Vigo).

Dam-se classes de galego reintegrado. Chamar ao telefone (981) 220958.

A crise transferida á Galiza

(ven da páxina 10)

Os Orzamentos da Xunta é, de novo, reflexo desta maneira de enganar e non porque os investimentos que se fagan non sexan necesários, senón porque: non se fan investimentos directos por parte da Xunta na actividade industrial e de comercialización, quer dicer, en sectores con efeito multiplicador (evitando deste xeito a competéncia cos intereses doutras partes do estado e as transnacionais). Un conto de fadas ben montado, pero que non dá resultado á hora de criar emprego e desenvolver o país.

Edicións Xerais de Galicia

presenta as primeiras novidades do ano: a novela finalista da IV edición do Premio "Xerais"; o número 32 da colección Xabarín; o primeiro título da colección Didáctica e unha novela de autor escocés en Extramuros Narrativa.

VÍSPERAS DE CLAUDIA
Manuel Guede Oliva
Finalista Premio "Xerais"

O SEGREDO DE CIBRÁN E OUTROS CONTOS
X. A. Perozo

A EDUCACIÓN MEDIO AMBIENTAL EN EXB E EE.MM.
M.ª C. Sánchez Carrera



MI VOZ
Ron Butlin
(En español)

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
Publicación de
Nova Escola Galega
Edición e subscripcións:
Edicións Xerais de Galicia.

O LEASING OU O ARRENDAMENTO FINANCIEIRO. AS SOCIEDADES ANÓNIMAS LABORAIS. A RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL EN MATERIA DE SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO: "O DEBER DE SEGURIDADE". PERSPECTIVAS ECONÓMICAS PARA 1988. NOVO PLAN XERAL DE CONTABILIDADE. FORMAS "ATÍPICAS" DE FOLGA: A FOLGA INTERMITENTE. INCENTIVOS REXIONAIS. A INFORMATIZACIÓN DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA.

ANÁLISE EMPRESARIAL 3

Prezo da suscripción: 800 PTA.
Catro números ao ano.
O pago débese realizar mediante cheque ao nome de
ANÁLISE EMPRESARIAL
Pi i Margall 72 baixo VIGO 36202

A NOSA TERRA

Ideas

Galiza no cine

FRANCISCO RODRÍGUEZ

A política de rexionalización do Estado Español —o réxime das autonomias— ten provocado tamén unha certa "rexionalización" no cine, no que se refere a histórias e peculiaridade ambiental. Asi se apresentan nas variedades "rexionais" do español que, até hai pouco, estaba representado en exclusiva polo andaluz —máis ben o seu símbolo folclóricc máis xenuino. As subvencións oficiais, xa estatais, xa autonómicas, poténcian esta orientación que, no caso galego, vai sempre de man da traslación ao cine de obra de autores consagrados, aqueles escritores, nados na Galiza, que colaboraron á conformación da cultura en língua española. Converxen, deste xeito, duas intencións: 1) o homenaxe a autores desaparecidos, en intres oportunos, como centenários (Valle-Inclán, Fernández Flórez...); 2) o solapamento ou sustitución da posibilidade dun cine, realmente nacional; no seu lugar aparece un sucedáneo que, graciosamente, elaborarian tamén os de fóra, é dicer, cine de temática galega, pero non galego. Pode acontecer, máis escasamente, que o tema Galiza apareza en coproducións nas que a Xunta colabora economicamente, sendo o outro polo da relación un Estado soberano, situacións nas que se produce, no millor dos casos, unha confluéncia da indústria española coa doutra nación. A Xunta limita-se a pór cartos e a unha certa, parcial, ambientación paisaxística.

Divinas Palabras (Garcia Sánchez-1987) que se anunciaba como adaptación libre da traxicomédia de Valle, resulta un exemplo sintomático por moitos aspectos... Subvencionada polo Ministério de Cultura e pola Xunta, está realizada como un proxecto oportunista. Amiguismo, falta do menor interés e cavilación polo material a usar, como potencialmente e necesariamente trasladábel ao cine, estética do epatante ou pornográfico, con destino para a galeria, enxebrismo, rutina, e, iso si, apariéncia de produto trascendente por inspirado en Don Ramón, son os alicerces do resultado. Asi escolleron-se os actores por afinidades familiares ou ideolóxicas (Imanol Arias, Ana Belén). Non esquezamos que o produtor é Víctor Manuel. Na própria fita evidencia-se como se desperdícia a capacidade doutra actriz, como Esperanza Roy. Chega-se ao cúmio da ridiculez facendo cantar melodiosamente a Mari Gaila habaneras, en clara supeditación aos caprichos dunha, nesta ocasión especialmente, inadecuada actriz. Reduce-se e entibia-se a forza dramática de situacións como a persecución da muller adúltera polos labregos, asi como o seu paseo nun carro de fento —nua como Lady Godiva—, mentras é mostrada só neste estado de fronte, pero beatífica, á entrada da Igrexa, como a Inmaculada Conceición, con cara de parva. Curiosamente abusa-se do baldadiño como espectáculo feista. Como bons "progres" españois recorren a referentes que, na obra de Valle, non están presentes, aproveitando-os coa máis esquemática e ridícula técnica costumista: o crego e a fidalguia, como opresores do povo. Nembargantes óbvian, naturalmente, a condición de castelán dun elemento como Sétimo Miau. Obriga-se a algun actor a falar español, con acento galego, —caso do personaxe de Pedro Gailo, interpretado por Francisco Rabal—, tensionado asi entre o dicer e o actuar sen que consiga nen unha cousa nen a outra. A atmósfera de violéncia, de alienación, de superstición que dominan a obra de Valle no seu conxunto, e dai o seu maior valor estético e mesmo crítico, orientado a apresentar un cadro colectivo de embrutecimento, fican en enxebrismo, en costumismo falsificador, nunha enumeración de secuéncias co seu respectivo anedcotário, nas que, iso si, figuran literais, ainda que aillados, diálogos literários do orixinal, que resultan ridículos, en semellante falta de tensión ambiental. O coro de actores, especialmente actrices —"beatas"— galegas de nación, xunto coa música de Milladoiro, poñen a nota enxebre e xenuina, que non deixan de ser, nun caso, tópico, e noutro, refinamento inadecuado. Nen a paisaxe foi ben aproveitada...

Estamos, sen lugar a dúbidas, perante un negócio seguro sen máis, no que a Galiza lle toca pagar, e receber, a cámbio, unha esmoliña en forma de contratos para actores secundários que, seguramente, ficarán moi agradecidos de teren figurado en semellante esperpento, sobre todo por poderen-se contemplar falando español, a xusgar polo seu debezo en usar este idioma na vida social, por máis que representen teatro en galego en cenários subvencionados con diñeiro público. Non teñen en conta o urxente e necesário que é, para un teatro de calidade, un bon, espontáneo o desexado uso do idioma, o que non se consegue sen unha prática constante e homoxénea. En fin, **Divinas Palabras**, interpretación da realidade galega claramente anti-galega no seu orixinal literário, poderia trasladar-se ao cine, sen abandonar esta óptica, pero con millores resultados estéticos, coa convición irónica, inmoral e expresionista do Buñuel de **Viridiana**, ou co enlevo misterioso e brutal do Bergman de **El manantial de la doncella**.

En todo caso, necesitaba-se menos rutina, máis cavilación, e un mínimo interés en facer unha adaptación —efectivamente— para comunicar plasticamente, visualmente, un mundo que ainda ten moito de vixente: a superstición, o sometimento, a alienación do próprio povo a valores, esquemas e poderes, que el mesmo, só aparentemente, parece xerar. □

Valle Inclán por Castelao. A obra *Divinas palabras* levada ao cine recebeu diversos galardóns Goya concedidos pola Academia das Ciencias Cinematográficas española.

Campamento civil

Pláticas de *dazibao*

GUSTAVO LUCA DE TENA

A crónica da semana inaugural do noveno diário que aparece no país non se poderá ler nunca na letra impresa da competéncia. É algo que queda nas barras dos bares, nese *dazibao* de hostelaria tan de nós que son as follas dos xornais viaxando dunha ponta a outra da barra, entre pesimismos profisionais, meditacións trascendentes sobre as páxinas de deportes e empanadillas de bacalau. Non é exactamente a identidade comunicación-participación que predicaba a Revolución Cultural China, pero é un circuito atípico no que se pode adiviñar a distáncia crítica entre o que a tinta conta e o que o país pensa.

Din que só nos tempos de crise levantan os diários estabelecidos a pesada cárrega dos seus compromisos. Será por iso que a aparición dunha nova cabeceira, ou como quen di unha voz nova que peta nas altas portas do poder co toda a virxinidade ou a malícia dun forasteiro, remove as barbas dos fundadores centenários. Na crónica da semana inaugural aparece un membro do governo co retrato de frente e de perfil e relato ao pé de como metia man na caixa rexistadora. Non aparecen as foto dos billetes nen os números de série, pero sacan o menu da cea na que se pechou o trato e cáseque se sinte o resoar das palmadas con que se despedirono pai da pátria e o delincuente que comprou os seus favores. Os diários que cumpriron máis de cen anos gardan siléncio sobre estas realidades non clasificadas. Sobre as barbas do federal que os fundou brillan trinta moedas coma trinta soles ou trinta millóns. Quen sabe se trinta millóns de favores, que iso non é para publicar.

Sobre as barras dos bares convertidos en mural de Shangai, a parróquia comenta o mistérios do xornalismo que conta aqui e conta na Habana e non conta en Pinar el Rio, contradecindo un princípio de manual liberal que di que non porque as publiquen outros meios deixan de seren notícias. Noentanto chegue a explicación derradeira e saibamos qué luz, en qué fraga máxica, iluminou a frente do delincuente para movelo a confesar o nome do restaurante do Grove no que houbo de comer un rodaballo asado, o pesimismo ilustrado xa ten unha razón para crer nas vantaxes do novo diário. □

Volver ao rego

A rapidez e contundéncia con que a xustícia perseguiu aos estudantes vigueses é sen dúbida un exemplo modélico de funcionamento. Eficácia que parece marcar unha liña coerente nos últimos meses se temos en conta a senténcia contra o comité de Alúmina-Alumínio e, remontándonos un pouco máis atrás, a pronta condea de Xan Carballo polo sucedido durante unha protesta dos traballadores de Sidegasa. Unha rapidez pola que non temos máis que felicitarnos. Supomos que con este ritmo o aparato xudicial de seguida acelererá o sumário Brouard ou o dos GAL, por exemplo ou, para vir máis perto, algun dos apresentados contra o vicepresidente Barreiro Rivas. Tamén nos gostaria pedir unha axilización dos trámites seguidos contra os responsábeis do acidente do *Cason* e dos acontecimentos derivados ou dos implicados en notábeis fraudes fiscais. Lástima que non poidamos porque nen sequer existen eses expedientes. □

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO